Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

ref.: cgm/ Acta Pleno/AX/SX/nº 4-16 de 07/04/2016

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 04/2016 DO PLENO DO CONCELLO

Lugar: Auditorio Lois Tobío
Data: 07.04.2016
Hora de convocatoria: 20.00 h.
Hora de comezo: 20.05 h.
Hora de remate: 01.11 h. do día 08/04/2016

ASISTENTES

- D. Juan Francisco Ferreira González
- Dna. Nuria Lameiro Valverde
- D. Juan Antonio Gónzález Rodríguez
- Dna. Iria Lamas Salgueiro

- D. Fernando Guitián Guitián
- Dna. Natalia Sofía Salgueiro Hermida
- Dna. Patricia Durán Pérez
- D. Jesús Salgueiro Pérez

- D. Xosé Antonio Araujo Quintas
- Dna. Rocío Cambra Castro
- D. Xosé Antón Araúxo Rodríguez

- D. Manuel Gómez González
- D. Javier Gregores Méndez

- D. Pauliño Damián Del Río Iglesias
- D. Josué Villar Ballesteros
- Dna. María Jimena Varela Rodríguez

AUSENTES

- Dna. Beatriz Fernández Alonso

SECRETARIO

- Manuel Soliño Troncoso

No Auditorio Lois Tobío, habilitado como salón de sesións da Corporación, nesta Vila de Gondomar, ás 20.05 horas do 7 de abril de 2016, reuníronse os membros da Corporación, anteriormente relacionados asistidos polo secretario municipal, por mor de celebrar a sesión ordinaria do Pleno, regulamentariamente convocada para este día, coa seguinte orde do día:

1. Proposta da Alcaldía para dar conformidade ao borrador de modificación da Lei 4/2012, da área metropolitana de Vigo.
2. Fiscalización e control dos órganos de Goberno.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO DE GONDOMAR (Pontevedra)

a. Dar conta do Decreto de Alcaldía de data 16.03.2016 relativo a Modificación do Decreto de nomeamento e atribución de competencias á Xunta de Goberno Local
b. Dar conta das Resolucións de Alcaldía, Tomo II 2016.

3. Mocións.
4. Rogos e preguntas

Sr. Alcalde: Boas tardes a todos e a todas, grazas pola asistenza. Damos comezo á sesión plenaria, convocatoria de sesión ordinaria do Pleno do Concello de Gondomar, a núm. 4/2016.

1. **Proposta da Alcaldía para dar conformidade ao borrador de modificación da Lei 4/2012, da área metropolitana de Vigo.**

Polo Sr. alcalde dáse lectura do ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Pleno n.º 4/16 de data 04.04.2016, que literalmente di:

**"Vista a proposta de Alcaldía de data 31.03.2016, que literalmente di:**

*"ASUNTO.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA LEI DA ÁREA METROPOLITANA*

*Vista a comunicación de data 04.03.2016 do director xeral de Administración Local xunto co borrador da modificación da Lei 4/2012, da área metropolitana de Vigo.*

*Visto o informe xurídico emitido polo secretario xeral deste Concello en data 31.03.2016.*

*Consonte os acordos acadados nas distintas xuntanzas mantidas relativos á modificación desta Lei cara a constitución definitiva da área metropolitana de Vigo e co obxecto de seguir avanzando segundo a folla de ruta prevista*

*Someto ao Pleno deste Concello a adopción do seguinte acordo:*

*Dar conformidade ao borrador da modificación da Lei 4/2012, da área metropolitana de Vigo."*

*A Comisión Informativa, por maioría de votos a favor (03 votos a favor: do Grupo Municipal do PSOE e do Grupo Municipal Manifesto Miñor; 04 abstencións: 02 do grupo municipal do PP, 01 do grupo municipal Concello Aberto: e 01 do grupo municipal Iniciativa por Gondomar; e ningún voto en contra) ditaminou FAVORABLEMENTE o asunto."*

**DELIBERACIÓN**

Sr. Alcalde: Esta é a proposta, adxunto ao expediente acabo de facilitarlles a vostedes neste mesmo intre unha copia da acta que asinamos da última xuntanza que mantivemos os 14 alcaldes que van a compor á Área Metropolitana xunto co vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda e co director xeral da Administración Local onde os 14 alcaldes dos concellos respectivos que constitúen a Área Metropolitana asinan e amosan a súa conformidade co proxecto de modificación da Lei 4/2012 de maneira consensuada, aí consta, rubricado por todos, onde ademais o único compromiso para a súa aprobación definitiva no Parlamento de Galicia, se procede, en maio, ía encamiñado ao Concello de Vigo que necesariamente adoptaba un compromiso de antes de ser aprobada a Lei, a modificación da Lei, Vigo tiña que formar parte do Plan de transporte da Xunta, o famoso Plan de transporte da Xunta que os únicos concellos que non entraron nel foi o concello de Vigo e o concello de Gondomar, ese

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

acordo non vinculaba para nada ao Concello de Gondomar, só ao Concello de Vigo, a petición deste que lles fala, do alcalde, por non poder garantir en sesión plenaria, o compromiso de entrar no Plan de transporte da Xunta de Galicia previamente á aprobación da Lei 4/2012 do Parlamente e debido entre outras cousas a que non conta este Goberno co maioría suficiente para poder facelo e eu non son quen de comprometerme a levar a cabo adiante algo en nome de terceiros, polo tanto optouse por retirar ese punto e xa esta. E iso é o que temos, como saben, isto foi consensuado, modificado, traballado en varias reunións de todos os alcaldes, indistintamente do cor político onde estabamos todos representados, PSOE, PP, Bloque, Mareas, etc., etc., e todos asinaron esta acta, que agora dáselle traslado e que pido as miñas desculpas por non facelo antes, é que simplemente ningún dos alcaldes dispuña dela, eu tiven que chamar directamente ao director xeral, Alberto Pazos para que ma fixera chegar para tela, e bueno, isto chegoume no último momento, aí o teñen. Sen máis, doulle a palabra aos voceiros que queiran intervir ou se queren que lle aclare ou que poida aclarar algún temor que teña quedado nalgún momento con certa dúbida.

Sr. Guitián: Ola, boas tardes a todos e a todas, bueno, a nós parécenos moi ben que traia vostede este borrador da acta, perdón, da Lei, da modificación da Lei da Área Metropolitana, nós xa no seu momento cando se fixo a Lei estabamos de acordo con ela, (...) unha conformación da propia Área metropolitana e (...) e xa nós tiñamos pensado, de feito presentáramos unha moción para saber, para saber o sentir deste Pleno cara a Área Metropolitano e cara ás negociacións que se estaban levando a cabo entre os distintos concellos (...) de chegar a un acordo e poder traer este borrador que temos hoxe aquí, por suposto que estamos de acordo e en principio, de dar conformidade aínda que o propio secretario di que non sería necesario, (.I.) tampouco temos inconveniente nese punto en dar esa conformidade. A min o que me sorprende é agora este papel que nos trae aquí que di que están todos de acordo pero que antes se pacta a incorporación do Concello de Vigo ao transporte metropolitano, é o que di aquí (...) etc., etc., pois parécenos aínda mellor todavía porque creo que o transporte metropolitano ten un faio grande, o feito de que non estivera Vigo e contar co transporte urbano dentro dese transporte metropolitano que era a pretensión inicial da Xunta de Galicia cando se fixo o Plan de transporte metropolitano. Non acabamos de entender, ou eu non acabo de entender que pasa con Gondomar, ou si entendo, entendo que dándolle conformidade a este borrador da acta, Gondomar entra tamén no Plan de transporte metropolitano, para nós moito mellor porque nós planteámolo neste Pleno, nós quixemos meternos no Plan de transporte metropolitano, a pesar dos inconvenientes que temos, o feito que o autobús que vén pola Remallosa non pare na Estación de autobuses que hai en Gondomar, pero aínda si queriamos meternos, agora entedendemos que vostedes, con este borrador si que queren meterse, o Goberno entendemos que si que quere meterse no transporte metropolitano (...) parécenos ben, non entendemos porque mudan de parecer pero inda así é de sabios corrixir as opinións que se teñan nun momento dado

Sr. Alcalde: Grazas, Sr. Guitian, quería aclrarlle, non con intención de polémica, nin muito menos, quería aclararlle que, que se aprobe este proxecto de modificación non implica que Gondomar vaia a entrar no Plan de transporte da Xunta, hai dúas cousas distintas, unha cousa é o Plan de transportes da Área Metropolitana que é un dos primeiros compromisos que imos a afrontar unha vez que se constitúa a Área Metropolitana, hai dous acordos enriba da mesa, de todos, cando se constitúa a Área metropolitana, un é, o primeiro punto, incluír os concellos que que queren estar pero que realmente non están aínda, ata chegar ao número de 28 concellos, aí entraría Tui, entraría Tomiño, entraría As Neves, entraría moitos concellos máis, ese é o primeiro compromiso, de incluílos, e o seguinte é de empezar a traballar nun plan de transportes metropolitano dos 28 concellos, que non ten nada que ver co Plan de transporte da Xunta que no seu momento se aprobaron polos distintos concellos, que pasa? Que cando se chegaba á cidade de Vigo gran conflito que xeraba era era o transporte urbano Vitrasa e o

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

transporte metropolitano unha vez que empezara a funcionar a Área Metropolitana, e aí verdadeiramente era o escollo que había entre a Xunta de Galicia e o concello de Vigo, e Vicepresidencia ultimou de que para asinar e para cerrar esa modificación quería que Vigo se comprometara a entrar dentro do Plan de transportes da Xunta antes de que este proxecto entrara no Parlamento de Galicia en maio, interesáballe que Vigo tiña que estar, non podía quedar á marxe, Gondomar non lle influía para nada e de feito non o meteron por dúas razóns, unha, dáballes igual, e outra non podían vincular a Gondomar, previamente, aprobar entrar no Plan de transportes para ser aprobada a Lei no Parlamento, presentada, porque claro, eu dicía e ademais llo dixen así ao propio vicepresidente, se vostede vincula a que a Lei sexa aprobada ou non no Parlamento a que previamente nós temos que entrar no Plan de transportes da Xunta, iso é como darme, ou darnos á corporación de Gondomar unha carta para decidir cando se vai a aprobar a Lei da Área metropolitana, porque se non o levo a Pleno, se o levo dentro dun mes, se non sae adiante, o que sexa, ao final a Lei non a aprobamos, polo tanto eu creo que en Vigo que eran 17, unha maioría aplastante é unha decisión política pero nun Goberno que estamos en minoría eu creo que é un erro vincular unha aprobación dunha lei a un acordo plenario nun concello, e pareceulle lóxico e dixo, "bueno, Gondomar que no entre" e entón Gondomar quedou fóra diso, sen prexuízo do que vostede teña razón, de que debemos entrar no seu momento no Plan de transportes da Xunta ou non, ese é outro debate, eu o entendo e o respecto pero que para isto non ten nada que ver, non ten nada que ver, se lle queda así aclarado, non quere dicir que nós indirectamente aprobando isto imos a aprobar entrar no Plan de transportes da Xunta, para nada, para nada, non sei se lle contesto.

Sr. Gómez: Boas tardes a todos e a todas, imos ver, nós, o noso Grupo IXG, en primeiro lugar desculpar á nosa compañeiro Beatriz que non pode estar hoxe aquí no Pleno por unha proba médica que ten, que a ten mañá e está tomando un tratamento e élle imposible poder estar aquí con nós, estivo ata última intentando pero élle imposible, desculpar á nosa compañeira (...) Referente ao punto deste borrador, o Grupo noso IXG si que está de acordo nun principio coa Área Metropolitana pero bueno, eu tamén sigo pensando o que dicía o Sr. Guitián, que nós unha vez aprobando o borrador esteamos dentro da Área Metropolitana estamos suxeitos a estar no transporte metropolitano, segundo vostede di non, pero eu penso que si tamén, en caso de sexa que si nós si que lle imos aprobar este punto pero queremos tamén un compromiso pola súa parte, Sr. Alcalde, señores do Goberno de que o transporte metropolitando, chegado o momento dunha forma ou doutra, que sería unha solución, é necesario en Gondomar (...) e estabamos de acordo con el pero non estabamos nas formas e (...) vindo de Vigo pois que quedan neste caso en Mañufe, antes de chegar a Gondomar cando neste caso o autobús continúa para Gondomar, entonces nós queremos que teñan, Gondomar e os gondomareños que teñan as mesmas condicións e os mesmos dereitos que teñen outros concellos (...) de que sexa que si, nós si que lles imos a aprobar este punto (...) chegado o momento, que o teñan en conta, eu penso que, levan case un ano no Goberno, eu creo que ese tema xa debería estar solucionado pero bueno, ao parecer é bastante complicado, ao mellor máis do que eu pensaba, eu penso que debería estar solucionado pero se isto nos leva a entrar (...) o compromiso de que Gondomar teña un transporte metropolitano como ten que ter como teñen outros concello.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Gómez, o compromiso non fai falta que mo pida, xa o temos, eu dende logo como alcalde vou a defender os intereses dos veciños de Gondomar por encima de calquera outra cousa, cando se estea falando da Área metropolitana de Vigo, do transporte metropolitano, por suposto que estarei aquí presente, estaremos ademais moi atentos e defendendo os intereses dos veciños, eu é o compromiso que lle podo dar dentro da acción de de Goberno e a parte que me toca de defender os intereses por riba de calquera outra cuestión, eu non sei como vai a ser ese Plan de transporte, vai a haber moitos técnicos, vai a haber moitos políticos, imos ser 28 alcaldes, vai a estar a Xunta, é un tema serio que ten que

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

cubrir o territorio, as concesións ademais, de MELYTUR, ATSA, que vostede fai referencia, quédanlle catro anos aínda de concesión e o problema eterno de Gondomar, saben vostedes que se levan tido xuntanzas e máis xuntanzas entre ambas as dúas partes e de momento non se chega a un acordo, tamén dicirlle, que si, que imos a estar aí, que levamos case un ano e non resolvemos nada, pois é verdade, houbo moitas reunións, o tema está enfrascado e non o resolveu tampouco vostede en dous cando estivo nin o resolveu Guitián en catro, nós tampouco resolvemos en dez meses pero inda estou dentro da marxe para ganarlles. Paciencia. Grazas.

Sr. Pauliño: Grazas Sr. Alcalde, por parte de Gondomar Concello Aberto imos directamente a manifestar a nosa intención de voto que é absternos, e ímonos abster porque da mesma maneira que creo que houbo algún que outro concello que defendeu o interese do seu municipio e fixo modificar a Área Metropolitana a esta Lei, houbo outros que non o fixeron, que non souberon facer ou non pediron axuda para facelo, e en todo caso agora topámonos con que evidentemente unha das modificacións que do borrador da Área Metropolitana e a Lei aprobada no 2012 é precisamente o transporte metropolitano, e curiosamente na Lei aprobada no 2012 falábase do transporte, que era competencia da Área Metropolitana o transporte urbano e interurbano, xa se coordinaría e nesta nova redacción o transporte urbano desaparece de como competencia da Área Metropolitana, de feito, se miramos o artigo 21 do borrador di: "ordenar, xestionar, planificar, inspeccionar e sancionar o servizo de trasporte público regular de viaxeiros de carácter interurbano". Na Lei aprobada en vigor, a de 2012 di, artigo 21 "Trasporte público de viaxeiros, ordenar, xestionar, planificar, inspeccionar o servizo de transporte público urbano de titularidade (...) así como o de carácter interurbano." Aquí hai unha modificación porque evidentemente houbo alguén con peso político para dicir que o transporte urbano, que é o único concello ademais que ten transporte urbano, o resto, que eu saiba, podo estar equivocado, dos 14 iniciais que van a entrar e os 28 posibles, (...) e polo tanto isto xa, e ademais, está ben que alguén defenda o seu. E hai unha serie de modificacións neste tema que son bastante fundamentais, todo este artigo 21 está (...) de modificacións que afectan ao transporte metropolitano e a nós non nos queda claro cal é a situación, como vai (...) Gondomar dun anacronismo como é que os veciños e veciñas de Gondomar e onde hai, 20, 30, non sei cantos anos, teñan que baixarse a tres quilómetros do centro da Vila porque unha concesionaria decide que é así, bueno, nós diximos cando falamos do transporte metropolitano da Xunta, cando nos opuxemos, estaba o Sr. Guitián daquela como alcalde-presidente deste Concello, por un lado a entrar nun sistema ou nun Plan de transporte, primeiro, que era competencia exclusiva da Xunta de Galicia, como é o transporte interurbano e polo tanto había que sufragalo, e nos pedían aos concellos que xa estamos bastante asfixiados economicamente, que subvencionáramos á Xunta de Galicia, recordo, que alguén, seguramente, se a memoria non me faia (...) que isto lle ía supor ao longo de catro ou cinco anos ás arcas do Concello 148.000 euros, que nós íamos a poñer, 148.000 euros que ía a por o concello de Gondomar e que dalgún lado tiña que quitar, evidentemente, creo recordar incluso alguén dixo que lle resultaba máis barato pagarlle os billetes aos que van e veñen que meterse no Plan (...) polo tanto creo que foi unha ocasión perdida para solucionar o tema do transporte metropolitano de Galicia, no seu momento veremos que pasa co transporte metropolitano da Área Metropolitana, o transporte interurbano da Área Metropolitana, pero que é transversal ao longo de todo o borrador da Lei é un feito evidente, que vincula a todos os concellos que van estar aquí, tamén, é máis, hai unha disposición adicional, a disposición transitoria quinta, perdón, non é adicional que é (...), ata que a Área Metropolitana de Vigo proceda a elaboración e aprobación do Plan de explotación do servizo de transporte público metropolitano previsto no artigo 21.2, os concellos que se adhiran (...) o Sr. Alcalde de pasar de 14 a 28, se adhiran á Área Metropolitana con posterioridade a entrada en vigor da presente Lei, deberán incorporarse con carácter inmediato ao transporte metropolitano da Xunta de Galicia, como unha condición inescusable para o resto dos concellos, dos 14 concellos que teñen que

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



entrar aquí, é dicir, que se facemos unha reflexión bastante fácil de entender, se sobreentende que os 14 concellos que van a entrar nesta Área Metropolitana, dalgunha maneira van a estar metidos neste transporte, é máis, na propia acta que nos fai remisión o Sr. Alcalde, xa se encargan de dicir, di: "o acordo dos 14 concellos", onde está incluído Gondomar, senón serían 13, "sen que esta incorporación signifique ningún incremento na aportación prevista no mesmo para a Xunta ou para os concellos" non ten que haber nin unha aportación da Xunta nin unha aportación dos concellos, o famoso metropolitano de transporte, a nós, sinceiramente non nos queda absolutamente nada claro e parécenos dende logo que perdemos unha ocasión para solucionar este tema de transporte, para facer que as concesionarias entraran en razón de quitar este disparate que é ter que baixarse a tres quilómetros e medio ou non poder chegar a Vigo a determinados sitios cando no transporte metropolitano da Xunta estamos na mesma historia, cando se vai facer o transporte metropolitano da Área Metropolitana, non o sabemos pero dende logo vai tardar, vai tardar, por iso a Disposición transitoria quinta que os 14 restantes aos que facía referencia o Sr. Alcalde van a ter que entrar na Área Metropolitana o cal se entende que imos a estar todos metidos dalgunha maneira ou outra, nós non somos quen de dar o consentimento a este disparate, imos a manter unha postura de abstención con este respecto porque dende logo nin as explicacións do Sr. Alcalde nin o que lemos na lei, no anteproxecto nos parecemos que nos dá unhas garantías para que se solucione este asunto, que cando ao mellor dentro de tres, catro, cinco anos se aprobe, se traspasen as competencias, etc., e se soluciona o tema, non o sabemos, o que sabemos é o que temos agora e agora coa inclusión nesta Área Metropolitana non implica a solución do transporte en Gondomar, e unha das competencias que imos transferir é o transporte metropolitano, é un feito capital que non está resolto e gustaríanos que do mesmo xeito que outros concellos fixeron bandeira e pelexaron polo seu, aquí o fixeran, claro que o Sr. Alcalde non ten maioría, non se pode comprometer, pero eu me pregunto, cantas Xuntas de voceiros convocou para tratar este tema para chegar a unha resposta ou a un compromiso unánime de toda esta Corporación, ningunha, dificilmente estando en minoría sen convocar aos voceiros para intentar chegar a un consenso, pode vostede garantir nada, evidentemente doulle aí a vostede a razón pero tamén lle faltou o compromiso de unión e o facer algo, algo entre todos, algo en que creo que ademais todos os Grupos, independentemente que lles pareza positivo entrar dentro do Plan de transporte, como fixo a Xunta, gastando cartos propios deste concello coa falta que fai para outras cousas, ou non, parece que é unánime que tal e como está o transporte interurbano en Gondomar é un disparate. Polo tanto, este é (...) polo cal nós imos a abster. Hai unha Disposición adicional segunda que nos gustaría tamén ter claro que é a incorporación nesta Área Metropolitana, vai significar a desaparición da Mancomunidade do Val Miñor. Ben, é un tema que a nós nos gustaría, antes de dar a aprobación a isto, telo claro, non parece, parece que a Mancomunidade de concellos do Val Miñor desaparece, tanto polo que di a disposición adicional segundo como algún artigo que non vou agora a cansarme en ler. Votamos por outro lado tamén en falta o que, ao mellor tamén de forma sumera, o que vai significar meternos nesta Área metropolitana, porque ao mellor o que estamos facendo é darlle vantaxes aos veciños e veciñas de Gondomar e ao mellor o tamén podemos estar facendo é darlle unha patada cara arriba como soe ser bastante habitual nos tempos que corren das responsabilidades, non hai un estudo, inda que sexa minimamente, pespunte do que vai significar economicamente, financeiramente este tema, un dato, aí, no tema da da auga, tan importante por tantas carencias que ten este Concello no tema da auga e o subministro de auga corrente onde hai unha poboación moi significativa de Gondomar onde ou están con traídas veciñais ou con pozos, directamente e a auga corrente municipal (...), bueno pois a transitoria núm. 3 do borrador da Lei tamén di que unha vez feitos os traspasos dos encoros de Eiras e de Zamáns, os concellos quedarán sometidos ao réxime tarifario da auga en alta, que significa? Que significaría isto? Simplemente dicilo, que significa isto para o concello de Gondomar, que significa esto no recibo da auga. Claro que vai a haber, supoñemos nós, tamén se acabará desta maneira co disparate de que pasando a tubería do Zamáns polo término de

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



Gondomar, nós non podiamos coller auga de Zamáns, pero que significa financeiramente que teñamos que adherirnos ao réxime tarifario da auga en alta unha vez constituídos aí, vai supoñer unha suba das tarifas, vai rebaixala, nada sabemos disto, polo tanto, sen ánimo de exhaustividade, para ser minimamente breve, Gondomar Concello Aberto, vistas as consideracións ditas vaise abster. Grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas, Sr. Pauliño del Río, bueno, para ir rematando, para non entrar en moitas discusións que eu, o borrador aí o ten, eu xa sei que o leu con detemento, non vou a explicar nin os métodos nin o sistema de financiamento, porque xa vén aí e todo o demais, eu co problema que vostede ten, e non é tanto que a Lei, a modificación sexa boa, mala, entra no Parlamento, que pasa aínda un proceso de debate, que se vaian a crear os órganos todos de coordinación, parece que a dúbida é que o alcalde non estivo á altura das circunstancias defendendo os intereses de Gondomar nesas prenegociacións e que ao mellor non debería asinar, deberían aparecer as sinaturas de 13 alcalde e non o de Gondomar por aquilo de que, para non desentoar, sempre estamos aí. Bueno, o que si está claro que isto é unha lei consensuada da Lei da Área Metropolitana 4/2012 polo 14 alcaldes dos concellos que constituímos e van constituír á Área Metropolitana unha vez que sexa aprobada a Lei no Parlamento e pase por todos os trámites pertinentes, legais e necesarios. Teremos moito que falar da Área Metropolitana despois, das incorporacións, do Plan de transportes, de auga, de recollida do lixo, de urbanismo, de sanidade, de políticas sociais, de tantas, sabe vostede tamén que as competencias da Deputación pasan todas á Área Metropolitana, co cal a Área Metropolitana de Vigo cando estea constituída por 28 concellos, imos ser máis de 600.000 persoas entorno a un órgano colexiado gobernando unha determinada influenza xeográfica, iso pasa a ser como unha provincia dentro de Galicia con gran connotación, forza política, empresarial, etc., etc., e ademais coincidimos todos niso, os da dereita, os da esquerda, os de arriba, os de abaixo e os de máis alá, por sorte, despois de moitas reunións, a Xunta e os concellos, había que entender, telo claro, disociar o que o Plan de transportes da Xunta de Galicia, actual e o que será o Plan de transportes da Área metropolitana de Vigo, que non ten nada que ver, a primeira é unha realidade, a segunda é un futurible, a primeira é Lei, a segunda será norma cando estea aprobada e consensuada. Tamén dicirlle que non existe un transporte metropolitano de Galicia, que vostede dicía antes, non hai transporte metropolitano, claro que non hai transporte metropolitano de Galicia, hai un transporte público, un Plan de Galicia, non metropolitano, iso é unha, por algunha aclaración, de Mañufe a Gondomar hai un quilómetro, non tres e medio, que iso tampouco ten nada que ver, non é que xustifique porque é un ou outro, pero tamén está ben... claro depende por onde vaias, se vai pola Portavedra, se saes, sobes por Mañufe, vas a Portavedra para chegar ao Concello hai 10 quilómetros, pero se falamos pola liña máis recta..., pero bueno, iso é o de menos, que hai un que hai outro, ... aquí dicimos moitas cousas, tamén lle lembro unha cousa, eu fixen bastante, creo que máis ca moitos nos últimos dous meses co transporte porque me sentei coas empresas concesionarias máis dunha vez, pero non vou a falar dos que estiveron fai catro anos, iso imos a deixalo, vou a falar por alusións, durante os primeiros seis, sete, oito meses, transportes pertencía a ese Grupo político, polo tanto tampouco me veña agora a min a reprochar que non se fixo nada en oito meses ou en seis cando realmente non hai responsabilidade dun área que levaban vostedes, como vostede di "bromiñas as xustas", levabádelo vós, se non se fixo nada agora só faltaría que todo o problema é do alcalde, pero mire, con reproches non chegamos a ningún lado, para rematar sometemos a votación.... ah, perdón, perdón... Voulle dar a palabra ao tenente alcalde.

Sr. Araujo: Grazas alcalde, eu era para explicar o noso voto, loxicamente. Ben, estamos diante (...) a un borrador do que será unha lei que o Parlamento aprobe e entendo eu, previo debate que vai haber no Parlamento que é en definitiva é que o vai a aprobar e polo tanto quen ten a potestade en ultima instancia de modificar esta Lei, as leis fanse no Parlamento, os concellos

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



inda non temos capacidade lexislativa. Dito iso nós imos a votar a favor deste borrador porque o consideramos un avance, pero tamén temos que dicir que efectivamente hai aspectos de debates, nós procuraremos facer chegar as nosas propostas inda que se vai dar ese debate no Parlamento. Nós por exemplo votamos en falta e é algo bastante preocupante ou que nos debe preocupar que para nós non queda o suficiente claro que é no tema do financiamento da Área Metropolitana, ben, volvemos a asumir moitísimas competencias e tamén é certo que se irán asumindo pouco a pouco, eu seu que hai áreas metropolitanas, por exemplo, a Área Metropolitana de Barcelona que leva funcionando 30 anos, a día de hoxe ten asumido o 40%, máis ou menos das competencias que pode asumir, estamos falando da Área Metropolitana de Barcelona, é dicir, as áreas metropolitana van a asumir as competencias segundo se van negociando, segundo se van acordando se vai tendo os recursos para financiar esas competencias que se asumen, senón francamente, non sei que (...). No tema de transporte, efectivamente é un elemento vertebrador, probablemente un dos máis importantes, vertebrador, probablemente (...), vertebrador no senso físico mesmo da palabra, non?, da Área Metropolitana pois é certo que aquí desaparece o asunto de transporte urbano metropolitano, urbano de Vigo, os demais obviamente non teñen transporte propia do concello, pero tamén é certo que a Área Metropolitana sen o concello de Vigo pois non funciona, non funciona a Área metropolitana nin funciona o transporte, pero tamén se fala no propio borrador que haberá que discutir e elaborar un Plan de transporte metropolitano, e iso incuestionablemente vai ter que ser coordinado e negociado co transporte urbano de Vigo, es isto é así, e aí ao mellor é onde temos que traballar e incidir chegado ese momento. O asunto da, nós temos claro que esta acta que se nos pasa, este acordo (...) asinado polos alcaldes onde Vigo se compromete a participar pois eu creo que ten que ver con deixar atado isto (...) creo que xa o dixo e xa o acordou en Xunta de Goberno, paréceme, (...) pero tamén sabemos que ese transporte, aquel transporte perdón, aquel Plan de transporte metropolitano da Xunta de Galicia que nos pretender impoñer no seu momento, Gondomar dixo que non, tamén é certo que nós dixemos, algúns dixemos dos que estabamos aquí naquel momento que, de resolver o problema disparatado que temos coas concesión en Gondomar, houbéramos aceptado incluso a posta a disposición daqueles cartos que se pedían. Con todo tamén quero poñer enriba da mesa un dato que ao mellor tamén é importante sobre todo para quen teña que negociar isto no seu momento e é que, como vostedes saben, o Tribunal Supremo, creo que foi, votou abaixo as concesión, case todas as concesións de transporte de Galicia e eu creo que é un momento para negociar esas concesións, que é onde había o problema que temos en Gondomar, un problema que vén dado polo choque entre concesións a parte, ao meu modo de ver dunha visión empresarial bastante curta, pero bueno, polo tanto eu creo que aí é ónde hai que aproveitar esa circunstancia que eu creo que favorece esa negociación na (...) perdón desas concesións, polo tanto nós estamos convencidos de que isto é un punto de partida, que tamén somos conscientes, eu creo que isto vai quedar probablemente para o próximo Parlamento galego, é a impresión que nós temos e en todo caso será o Parlamente galego o que modifique esta Lei e o que corrixa esta Lei se algo ten que corrixir, pero eu en principio (...) nós consideramos que é un paso importante, que é mellorable como todo, no financiamento das competencias e no tema do transporte pois probablemente tamén, inevitablemente e incuestionablemente se se pon a funcionar un plan de transporte metropolitano non hai outra que coordinalo co transporte de Vigo, non hai, non, hai que facelo, e entón aí pois ao mellor non ten tanta relevancia que Vigo entre ou non entre senón que vai ter que coordinarse si ou si co transporte metropolitano. Nada máis grazas.

Sr. Guitián: Para ser breve e rematar. Isto é un borrador de lei, agora haberá que desenvolvelo para adaptar cada punto concreto, por exemplo o que dicía o concelleiro, por exemplo a Mancomunidade do Val Miñor, que haberá que efectivamente (...) pero concluíndo para rematar co tema do transporte de viaxeiros, eu discrepo con vostedes, para min con isto que estamos facendo hoxe, aceptamos entrar no Plan de transporte metropolitano en vigor, en

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



entendo que estamos aceptando iso, eu voulle facer dous rogos, e unha vez que aceptamos iso tamén aceptamos o seu financiamento que o di aquí, e o financiamento da Área Metropolitana será un diñeiro por cada habitante, e logo unha parte fixa e unha parte variable en función do número, etc., etc., ben, eu entendo, e lle demos aquí a razón, non só eu senón tamén outro concelleiro de que efectivamente estamos admitindo esa entrada no transporte metropolitano e o financiamento pola nosa parte tamén, ímoslle facer dous rogos e un desexo, o primeiro rogo é que a partir de mañá estean en ABANCA as tarxetas de transporte metropolitano para que todos os veciños de Gondomar se poidan... claro, hoxe se aproba, mañá xa, que se poidan aproveitar todos os veciños de ter o custe da viaxe en autobús a Vigo a metade de prezo, ese é un rogo, o segundo rogo, que se poña a traballar porque a partir deste momento para arranxar o tema das rutas e das frecuencia e onde paran e onde non paran está escrito aquí, voulle a dicir onde, como se falou antes, no artigo 21, Transporte público de viaxeiros onde é o ámbito competencial da Área metropolitana precisamente ordenar, xestionar, planificar, etc., etc., o tema do transporte, di noutro punto, claro, terá vostede que esperar a que estea aprobada a modificación da Lei, pero ao día seguinte, ao día seguinte porque efectivamente este Goberno aínda non arranxou iso, o anterior non foi quen de arranxalo, o anterior tampouco, o anterior tampouco, o anterior tampouco, pois o desexo é que vostede o arranxe antes que todos, aí o ten, o rogo é que o faga desta maneira porque o di aquí, a Área Metropolitana constituirá o Comité de coordinación do transporte metropolitano, o Comité de coordinación do transporte metropolitano e se aterá as seguintes funcións, a primeira, o artigo 21, 3, o artigo 21.4.a) Elaborar a proposta de coordinación das rutas, frecuencias, horarios e paradas entre (...) interurbanos etc., etc., ese é o rogo deste Grupo, que se poña a traballar, dende dentro, loxicamente, unha vez que se acepte, que mañá estean as tarxetas para o resto, para os veciños, que lle custa a metade e desexo que o faga canto antes e que nos gañe a todos, non terán ningún problema pola nosa parte.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Guitián, sei que está iso na Lei, sei que está ese Comité de coordinación, sei que está iso, e sabémolo os 14 alcaldes e o vicepresidente da Xunta, non pense que iso foi casualidade, todo o que se fixo aí, houbo moitos debates e moitas tardes, claro que se fixo, está pensado, non só iso, están pensados algunhas cousas máis para solucionar os problemas dos veciños, téñao por suposto, entonces que si, que tamén do que está lendo ao que vai ser lei, haberá que esperar, e que isto vai a sufrir moito debate parlamentario, emendas, etc., etc., e incluso ata cambios ao mellor de gobernos, quero dicir, cando teñamos a Lei aprobada teña por suposto que empezaremos a traballar nela. Sobre o tema das tarxetas, eu mañá vaime ser un pouco apurado pórme xa co das tarxetas, primeiro porque non estamos dentro do Plan de transportes da Xunta e se estamos dentro do Plan de transporte da Xunta os primeiros en mentir son os seus. Grazas.

Sr. Pauliño: Grazas Sr. Alcalde, en principio para, simplemente dicirlle que para non reprochar nada disimula bastante, a verdade é que disimula bastante nestas cousas como noutras e ao mellor se deixara traballar á concelleira cando estaba no exercizo das súas competencias (...). A maiores, é simplemente un apuntamento polo que acaba de dicir o Sr. Guitián, o Comité este de coordinación, así visto negro sobre branco queda moi bonito, pero en realidade vai ser, un representante da Xunta, un representante de Vigo e un representante dos outros 27, un dos 27, non os 27, un dos 27, o alcalde de Vigo e un representante da Xunta, ese é o famoso Comité, en literatura queda estupendo, cando se fala de todos un representante de todos aqueles concellos metropolitanos titulares de transporte urbano, de todos, pero hai un, correcto? E dos interurbanos pois estamos o resto, polo cal os 27 concellos, haberá un representante, outro de Vigo e outro da Xunta, iso é quen vai a coordinar isto. Grazas.

Sr. Alcalde: Bueno, pois votamos, o que estamos votando é a proposta da Alcaldía de dar a conformidade ao borrador consensuado entre os 14 alcaldes dos concellos que constitúen a

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Área Metropolitana para que isto e a Xunta de Galicia e o Parlamento, que ten o poder lexislativo, a presenta para a súa aprobación, debate, etc., etc., que sexa a mellor Lei para todos e imos a estar aí obviamente pelexando polos intereses do noso Concello, que ao mellor nin me toca a min, a quen lle toque.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

**VOTACIÓN E ACORDO**
**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 13 votos a favor: 4 do Grupo Municipal do PSOE, 4 do Grupo Municipal do PP, 3 do Grupo Municipal de Manifesto Miñor e 2 do Grupo Municipal I.X.G; 3 abstencións: do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto; e ningún voto en contra, acorda aprobar esta proposta de Alcaldía relativa á modificación da Lei da Área Metropolitana.**

2. **Fiscalización e control dos órganos de Goberno.**
    a. **Dar conta do Decreto de Alcaldía de data 16.03.2016 relativo a Modificación do Decreto de nomeamento e atribución de competencias á Xunta de Goberno Local.**

*COMUNICACIÓN*

*O Sr. alcalde, D. Juan Francisco Ferreira González, con data de 05/02/2016, ditou o seguinte:*

*DECRETO DE ALCALDÍA*

***ASTO. MODIFICACIÓN DO DECRETO DE NOMEAMENTO E ATRIBUCIÓN DE COMPETENCIAS Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.***

*Visto o Decreto de Alcaldía de data 15.07.2015 polo que se nomean aos membros da Xunta de Goberno Local e se delegan atribucións en base ao previsto no artigo 21.1 neste órgano.*

*Visto os Decretos de Alcaldía de data 21.01.2016 e 05.02.2016 que modifican o anterior.*

*Tendo en conta a renuncia como concelleiro de D. Alberto Covelo Casal formulada en data 04.02.2016, da que se tomou razón en sesión extraordinaria do Pleno que tivo lugar en data 11.02.2016.*

*No uso das competencias que me confire o artigo 23 da Lei reguladora das bases do réxime local (LBRL), capítulo III do Regulamento orgánico municipal (B.O.P. n.º 8 de 13/01/2000), 52 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais aprobado polo RD 2568/1986 de 28 de novembro (ROF) e concordantes da Lei 5/97 de administración local de Galicia, pola presente RESOLVO:*

*Primeiro.- Nomear como membro da Xunta de Goberno Local do Concello ao concelleiro Xosé Antón Araúxo Rodríguez.*

*Segundo.- Do presente Decreto darase coñecemento ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre e publicarase no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo da súa efectividade ao día seguinte da presente resolución, de conformidade co disposto no número 1 do artigo 23 da LBRL.*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



*Contra este decreto, que esgota a vía administrativa , poderá presentar recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, dacordo co artº 116 da Lei 30/92, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedimento administrativo común, segundo a redacción da Lei 4/99, de 13 de Xaneiro. O prazo para interpoñelo é dun mes contado desde o día seguinte de recibir esta notificación. Neste caso, non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que non se teña resolto o de reposición.*
*Se non se utiliza o recurso potestativo de reposición, poderáse interpoñer directamente recurso contencioso administrativo, dacordo co artigo antes mencionado e os 45 e seguintes da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa, ante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte de recibir esta notificación, esto sen prexuízo de calquera otro recurso ou acción que se considere oportuna.*

**O Pleno da Corporación Municipal queda informado.**

**b. Dar conta das Resolucións de Alcaldía, Tomo II 2016.**

*En cumprimento do disposto no art. 33 do Regulamento Orgánico deste Concello, dáse conta das Resolucións adoptadas por esta Alcaldía no ano 2015 dende o:*
*101/2 do 1 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Acta da Comisión de Valoración das axudas municipais para comedor escolar dos/as usuarios/as dos centros de ensino público non universitario do Concello de Gondomar que contan con servizo de comedor e que serán xestionados polo concello en virtude do convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.*
*102/1 do 29 de decembro de 2015, Resolución relativa a Relación de nóminas do mes de xaneiro dos empregados públicos.*
*103/2 do 2 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación do gasto de axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: axuda económica para pago da factura da luz. Exp. PX n.º 10/2016.*
*104/2 do 2 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación do gasto de axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: axuda económica para pago da factura da luz. Exp. PX n.º 11/2016.*
*105/2 do 2 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación do gasto de axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: axuda económica para pago da factura da luz. Exp. PX n.º 12/2016.*
*106/2 do 2 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación Lista Definitiva de Comparsas admitidas para participar no Desfile de Comparsas e Carrozas de Entroido 2016.*
*107/2 do 2 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Nomeamento de interventora accidental.*
*108/2 do 3 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Gondomar núm. 03/2016.*
*109/2 do 3 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Plan de coordinación de seguridade e saúde da obra "En materia de seguridade e saúde do proxecto relativo á obra reparación de camiño danado por raíces e nova pavimentación en San Cibrán, Donas". Exp. 9/15.*
*110/2 do 3 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación definitiva de taxa relativa á tramitación de renovación do distintivo de furancho no lugar de Pintor, 20, Chaín Gondomar. Exp. 11368.*
*111/2 do 4 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 2.*
*112/2 do 4 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 3.*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



*113/2 do 4 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación de taxa relativa á renovación do distintivo "Furanchos de Gondomar" no lugar de Area, 31, Peitieiros, Gondomar. Exp. 11345.*
*114/2 do 5 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Altas no programa SAF-Libre concurrencia do Concello de Gondomar.*
*115/2 do 5 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Advertido erro material na Resolución de Delegacións xenéricas e especiais de Goberno Local.*
*116/2 do 5 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Apertura do período de información pública do expediente relativo á delimitación do núcleo rural en San Roque en Morgadáns. Exp. 01P/16.*
*117/2 do 5 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Apertura do período de información pública do expediente relativo á delimitación do núcleo rural de Prado en Morgadáns. Exp. 02/16.*
*118/2 do 5 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Apertura do período de información pública do expediente relativo á delimitación do núcleo rural de Penalba en Mañufe. Exp. 03P/16.*
*119/2 do 5 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Apertura do período de información pública do expediente relativo á delimitación do núcleo rural de Mourisca en Chaín. Exp. 04P/16.*
*120/2 do 5 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Convocatoria da comisión informativa permanente de asuntos do pleno e seguimento órganos de goberno do concello n.º 02-16.*
*121/2 do 5 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Adhesión á rede de dinaminazación lingüística do Concello de Gondomar.*
*122/2 do 5 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Cese de tenente alcalde.*
*123/2 do 5 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Modificación decreto delegacións xenéricas de áreas de goberno local e especiais de servizos.*
*124/2 do 5 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Resolución da alcaldía sobre a gratificación en concepto de produtividade de funcionarios municipais.*
*125/2 do 5 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Modificación do decreto de nomeamento e atribución de competencias á Xunta de Goberno Local.*
*126/2 do 5 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Parellas de feito.*
*127/2 do 5 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Parellas de feito.*
*128/2 do 5 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Parellas de feito.*
*129/2 do 5 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Plan de coordinación de seguridade e saúde da obra "En materia de seguridade e saúde do proxecto relativo á obra reforma rúa Emigrante entre as rúas Levada do Beco e a rúa San Bieito, Gondomar. Exp. 22/15.*
*130/2 do 5 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Plan de coordinación de seguridade e saúde da obra "En materia de seguridade e saúde do proxecto relativo á obra pavimentación do vial municipal Barreiras". Exp. 29/15.*
*131/2 do 5 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de comunicación previa de obra. Exp. 11758.*
*132/2 do 5 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Toma de razón da comunicación previa de obras para reparación de fontanería no interior da vivenda (SOLO NÚCLEO RURAL COMÚN). Exp. 12021.*
*133/2 do 5 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de comunicación previa de obra. Exp. 12024.*
*134/2 do 5 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Listaxe provisional de admitidos e excluídos do procedemento selectivo para a elaboración dunha Bolsa de traballo para a prestación de servizos temporais como Peón-Axudante de servizos varios.*
*135/2 do 8 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Convocatoria sesión extraordinaria Pleno da Corporación Municipal do Concello de Gondomar n.º 02/2016.*

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

*136/2 do 8 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Incoación do procedemento de responsabilidade patrimonial n.º 45/15 a instancia de María Lorena Álvarez Conde.*
*137/2 do 8 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Incoación do procedemento de responsabilidade patrimonial n.º 46/15 a instancia de Christian Álvarez García.*
*138/2 do 8 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Incoación do procedemento de responsabilidade patrimonial n.º 106/15 a instancia de Eduardo Araújo Losada representado por Elías Barros Estévez.*
*139/2 do 8 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Cesión ao concello de Gondomar das instalacións da Comunidade de Augas para uso doméstico de Vilaza.*
*140/2 do 8 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de informes en relación ao expediente de Manuel Álvarez Pardavila representado por Carlos Fontán Domínguez. Exp. RP 9/16.*
*141/2 do 8 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Horas extras realizadas por persoal laboral do Concello.*
*142/2 do 8 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Toma de razón da comunicación da renovación do distintivo "Furanchos de Gondomar" no lugar de Area, 31, Peitieiros. Exp. 11345.*
*143/2 do 8 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación de taxa e impostos relativos á solicitude de autorización proxecto execución. Exp. 11760.*
*144/2 do 9 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Solicitude de Alexandra Pereira Novoa de acceso ao exame da proba teórica (test) do procedemento selectivo para a elaboración dunha Bolsa de traballo para a prestación de servizos temporais como Axudante de servizos varios.*
*145/2 do 9 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Solicitude de Rosa Mª Marín Rodríguez de acceso ao exame da proba teórica (test) do procedemento selectivo para a elaboración dunha Bolsa de traballo para a prestación de servizos temporais como Axudante de servizos varios.*
*146/2 do 9 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Solicitude de José M. Araújo Álvarez acceso ao exame da proba teórica (test) do procedemento selectivo para a elaboración dunha Bolsa de traballo para a prestación de servizos temporais como Axudante de servizos varios.*
*147/2 do 9 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Solicitude de Manuel Comesaña Araújo do modelo de exame e as respostas correctas da proba teórica (test), realizado no procedemento selectivo para a elaboración dunha Bolsa de traballo para a prestación de servizos temporais como Axudante de servizos varios.*
*148/2 do 9 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Orde de execución para retirada dunha árbore e reparación de muro de contención. Exp. 001/16.*
*149/2 do 9 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Autorización de ocupación de dominio público e toma de razón da comunicación previa de obras para reparación de fachada (SOLO URBANO CONSOLIDADO). Exp. 11913.*
*150/2 do 9 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza de obra para canalización de instalación de fibra óptica. Exp. 12030.*
*151/2 do 10 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Gondomar núm. 04/2016.*
*152/2 do 10 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de pagamento de icio relativo á solicitude de licenza de construción de vivenda unifamiliar en O Salgueiro, Vincios. Exp. 11658.*
*153/2 do 10 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación definitiva de taxa e impostos relativos á solicitude licenza de obras de legalización de muro de contención. Exp. 11883.*
*154/2 do 10 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza de obra para canalización de instalación de fibra óptica. Exp. 12027.*
*155/2 do 11 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Finalización do procedemento de comunicación previa de cambio de titularidade de actividade. Exp. RX 5645/15.*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



*156/2 do 12 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación do gasto de axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: Axuda económica para pago de gafas graduadas. Exp. n.º 13/2016.*
*157/2 do 12 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación do gasto de axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: axuda económica para pago de gafas graduadas. Exp. PX n.º 14/2016.*
*158/2 do 12 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: axuda económica para pago de gastos de farmacia. Exp. PX nº 15/2016.*
*159/2 do 12 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación do gasto de axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: axuda económica para pago de gafas graduadas. Exp. PX n.º 16/2016.*
*160/2 do 12 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Rectificación erro na Resolución data 13 de xaneiro de 2016, relativa á liquidación do imposto sobre o*
*incremento do valor dos terreos de natureza urbana a Nuria Ferradas González expediente número 007350 10.12.15.*
*161/2 do 12 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Rectificación erro na Resolución data 13 de xaneiro de 2016, relativa á liquidación do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana a María González Pérez expediente número 007350 10.12.15.*
*162/2 do 12 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de comunicación previa de cambio de titularidade de actividade. Exp. RX 573/16.*
*163/2 do 12 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Devolución do importe non xustificado da subvención de COOPERACIÓN 2015 concedida pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.*
*164/2 do 9 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de informes en relación ao expediente de reclamación patrimonial presentado por MAPFRE FAMILIAR Compañía de Seguros e Reaseguros S.A. e Hipólito Pérez Rodríguez. Exp. RP7/16.*
*165/2 do 12 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Parellas de feito.*
*166/2 do 15 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación do Plans de seguridade e saúde e xestión de residuos de demolición e construción DE PAVIMENTACIÓN VIAL MUNICIPAL SERMÁN 2, DONAS.*
*167/2 do 15 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Parellas de feito.*
*168/2 do 15 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 005740 25.09.15*
*169/2 do 15 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 004435 24.07.15.*
*170/2 do 15 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Solicitude de devolución de ingresos indebidos presentado por Manuel Tato Represas contra a liquidación do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de Natureza Urbana en data 17 de febreiro de 2015.*
*171/2 do 15 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Rectificación erro na Resolución data 13 de xaneiro de 2016, relativa á liquidación do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana a Ana Belén Ferradas González expediente número 007350 10.12.15.*
*172/2 do 15 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de comunicación previa de traslado de portal. Exp. 12034.*
*173/2 do 15 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 9.*
*174/2 do 15 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 10.*
*175/2 do 16 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Horas extras realizadas por persoal laboral do Concello.*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



*176/2 do 16 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Nomeamento do avogado que asistirá ao Concello de Gondomar no Xulgado do Social nº 4 de Vigo (PO 988/2015) en relación coa demanda presentada por Susana De Castro Araújo contra o concello.*
*177/2 do 16 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Relación de nóminas do mes de febreiro de Josué Villar Ballesteros e M.ª Jimena Varela Rodríguez.*
*178/2 do 16 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Incoación de expediente de reposición da legalidade a Unión Fenosa Distribución, S.A. polas obras de renovación de tendido eléctrico sen licenza en Areosa, Donas. Exp. 004/15.*
*179/2 do 16 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Toma de razón da comunicación previa de obras limpeza de canles e impermeabilización (SOLO URBANO CONSOLIDADO). Exp. 12016.*
*180/2 do 16 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 11.*
*181/2 do 16 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 12.*
*182/2 do 16 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Acta da Comisión de Valoración das axudas municipais para comedor escolar dos/as usuarios/as dos centros de ensino público non universitario do Concello de Gondomar que contan con servizo de comedor e que serán xestionados polo concello en virtude do Convenio de Colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.*
*183/2 do 17 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 13.*
*184/2 do 17 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Gondomar núm. 05/2016.*
*185/2 do 17 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de pagamento de icio relativo á solicitude de licenza de construción de vivenda unifamiliar en Castro, Borreiros. Exp. 11706.*
*186/2 do 17 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación definitiva de taxa e impostos relativos á solicitude de obras de legalización de muro de contención. Exp. 11876.*
*187/2 do 17 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación definitiva de taxa e impostos relativos á solicitude de licenza de construción de vivenda unifamiliar en Cristillón, Mañufe. Exp. 11959.*
*188//2 do 17 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Orde de execución de urxencia por grave risco de caída de árbores nunha vivenda unifamiliar en Mourisca, Chaín. Exp. 155/2008.*
*189/2 do 19 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Toma de razón de comunicación previa de cambio de titularidade de actividade para bar tapería. Exp. 10374.*
*190/2 do 19 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Autorización de ocupación de dominio público e toma de razón da comunicación previa de obras para execución de acometida de gas sobre vía pública (SOLO URBANO CONSOLIDADO). Exp. 11958.*
*191/2 do 19 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza de obra de 1ª ocupación. Exp. 12018.*
*192/2 do 19 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Relación de nóminas do mes de febreiro de Moisés Táboas Fernández.*
*193/2 do 19 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Nomeamento de tesoureira accidental.*
*194/2 do 19 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Incoación do procedemento de responsabilidade patrimonial n.º 89/14 a instancia de Manuel Domínguez Rodríguez.*
*195/2 do 19 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Modificación de Créditos nº 05/2016 na modalidade de Xeración de Créditos.*
*196/2 do 19 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 14.*
*197/2 do 22 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación da certificación núm. 1 da reinversión de obra saneamento no barrio de O Lago, Morgadáns. Exp. C70A/14.*

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

*198/2 do 22 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 006895 23.11.15.*
*199/2 do 22 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 00685 23.11.15.*
*200/2 do 22 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 00685 23.11.15.*
*201/2 do 22 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 00685 23.11.15.*
*202/2 do 22 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 00685 23.11.15.*
*203/2 do 22 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 00685 23.11.15.*
*204/2 do 22 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 00685 23.11.15.*
*205/2 do 22 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 00685 23.11.15.*
*206/2 do 22 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Alta no programa SAF-Libre concurrencia do Concello de Gondomar.*
*207/2 do 22 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Baixa no programa SAF-Libre concurrencia do Concello de Gondomar.*
*208/2 do 23 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Devolución de ingresos.*
*209/2 do 23 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Recoñecemento de trienios ao persoal laboral do Concello.*
*210/2 do 23 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Recoñecemento de trienios ao persoal funcionario do concello.*
*211/2 do 23 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Nomeamento tribunal para a contratación laboral temporal de 18 peóns e un palista dentro do "Plan de Obras e Servizos – Plan Concellos 2016 (Liña 4): Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais" da Deputación de Pontevedra.*
*212/2 do 23 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación do proxecto e solicitude de subvención OE VALMIEMPREGA XOVE.*
*213/2 do 23 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Convocatoria da comisión informativa especial de asesoramento e seguimento do PXMO n.º 2-16.*
*214/2 do 23 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Toma de razón da comunicación da renovación do distintivo "Furanchos de Gondomar" no lugar de Pintor, 20, Chaín, Gondomar. Exp. 11368.*
*215/2 do 23 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación de taxas relativos á solicitude de licenza de construción de vivenda unifamiliar en Fontán, Mañufe. Exp. 11896.*
*216/2 do 22 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia para a reparación de vial e canalización de pluviais do eixo central do polígono de A Pasaxe. Exp. S 13/16.*
*217/2 do 24 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Gondomar núm. 06/2016.*
*218/2 do 24 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de comunicación previa de cambio de titularidade de actividade. Exp. 7952.*
*219/2 do 24 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación de taxas relativos á solicitude del licenza de reforma de vivenda unifamiliar en Area, Peitieiros. Exp. 11911.*
*220/2 do 24 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación de taxas e impostos relativos á solicitude de licenza de obra menor para conservación e mantemento de vivenda en Fontenla, Vilaza. Exp. 11216.*
*221/2 do 25 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Convocatoria da comisión informativa permanente de economía e facenda do concello n.º 1-16.*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



*222/2 do 25 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Nomeamento de secretario accidental.*
*223/2 do 25 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Comisión Paritaria Mixta de Control e Seguimento do Convenio Colectivo e do Acordo Regulador e Comité de Seguridade e Saúde.*
*224/2 do 25 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Relación de nóminas do mes de febreiro dos empregados públicos.*
*225/2 do 25 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Bases para a creación dunha Bolsa de emprego para a cobertura temporal dun/dunha profesor/a de guitarra do Conservatorio de Gondomar.*
*226/2 do 25 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 006669 13.11.15.*
*227/2 do 25 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 006669 13.11.15.*
*228/2 do 25 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 006669 13.11.15.*
*229/2 do 25 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 006669 13.11.15.*
*230/2 do 25 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 006669 13.11.15.*
*231/2 do 25 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 006669 13.11.15.*
*232/2 do 25 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 006669 13.11.15.*
*233/2 do 25 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 006669 13.11.15.*
*234/2 do 25 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 006669 13.11.15.*
*235/2 do 25 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 006669 13.11.15.*
*236/2 do 25 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 005719 25.09.15.*
*237/2 do 25 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 005719 25.09.15.*
*238/2 do 25 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Autorización de ocupación de dominio público e toma de razón da comunicación previa de obras limpeza de canles (SOLO URBANO CONSOLIDADO). Exp. 12015.*
*239/2 do 25 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de presentación de declaración responsable para apertura de furancho. Exp. 12039.*
*240/2 do 26 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Solicitude de redución de xornada por coidado de fillo menor de doce anos de Eneas Fernández Freire.*
*241/2 do 26 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Nomeamento de tesoureira accidental.*
*242/2 do 26 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Convocatoria da comisión informativa permanente de asuntos do pleno e seguimento órganos de goberno do concello n.º 03-16.*
*243/2 do 26 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 15.*
*244/2 do 26 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 16.*
*245/2 do 26 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación da certificación núm. 1, final da reinversión da obra Saneamento nos lugares A Gándara, A Fonte, Peroleira, parroquia de Peitieiros. Exp. C67/14.*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

*246/2 do 28 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Solicitude de subvención á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia para a mellora do alumeado público na parroquia de Gondomar. S 4/16.*
*247/2 do 29 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Convocatoria sesión ordinaria Pleno da Corporación Municipal do Concello de Gondomar nº 03/2016.*
*248/2 do 29 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Convocatoria sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Gondomar núm. 07/2016.*
*249/2 do 29 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: axuda económica para adquisición alimentos. Expte. PX nº 17/2016.*
*250/2 do 29 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: axuda económica para pago de gafas graduadas. Exp. PX nº 18/2016.*
*251/2 do 29 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: axuda económica para pago de calentador de auga. Exp PX nº 19/2016.*
*252/2 do 29 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: axuda económica para pago de fra. de luz. Exp. PX nº 20/2016.*
*253/2 do 29 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: axuda económica para pago de facturas de gas natural. Exp. PX nº 21/2016.*
*254/2 do 29 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Contratación laboral temporal de traballadores desempregados con cargo á subvención do Plan Provincial de Cooperación das obras e servizos de competencia municipal do ano 2016.*
*255/2 do 29 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 18.*
*256/2 do 29 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 19.*
*257/2 do 29 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 20.*
*258/2 do 29 de febreiro de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 17.*

**O Pleno da Corporación Municipal queda informado.**

## 3. Mocións.

Sr. Alcalde: ... unha moción presentada polo BNG que non é admitida por non ter Grupo político, co cal non procede o seu debate aquí, dúas mocións de urxencia e fóra do prazo establecido, co cal terán que ser sometidas ao seu debate e aprobación da urxencia se procede, unha vez rematadas as mocións que obran no expediente, que son seis ou cinco mocións que pasamos a debater. A primeira moción seguindo unha orde cronolóxica de presentación é unha moción que presenta o Partido Popular, a súa concelleira Patricia Durán Pérez solicitando a comparecencia da concelleira Nuria Lameiro Valverde como responsable do Departamento de Igualdade.

### 3.a. Moción presentada en data 09.03.2016 por Dna. Patricia Durán Pérez relativa a COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA Dª NURIA LAMEIRO VALVERDE COMO RESPONSABLE DO DEPARTAMENTO DE IGUALDADE

*Patricia Durán Pérez, como concelleira e en nome do grupo municipal do Partido Popular,*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

*presenta para o seu debate e aprobación, no vindeiro pleno que se celebre, se procede, a seguinte MOCIÓN:*

***COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA Dª NURIA LAMEIRO VALVERDE COMO RESPONSABLE DO DEPARTAMENTO DE IGUALDADE***

*Exposición de motivos:*

*Na mesma data na que se conmemora o Día Internacional da Muller podíamos ler, en distintos medios de comunicación, unha nota de prensa informando sobre a clausura do curso de mecánica básica do automóvil organizado dende a concellería de Igualdade.*

*Como parte desta información figuraban entrecomilladas, frases como "el curso se ha organizado con la idea de que ante este tipo de situaciones cotidianas, por ejemplo un pinchazo, ellas sean capaces de cambiar el neumático por si mismas, sin necesidad de tener que echar mano del móvil para solicitar auxilio al marido, hermano o hijo", ou argumentos como- hoy en día casi todas las mujeres conducen habitualmente o utilizan el coche a diario como herramienta de trabajo. Incluso, en muchos hogares de nuestro municipio, durante la semana es la mujer la que maneja más el coche en casa para hacer recados, para ir a la compra, para llevar y traer a los niños al cole, a actividades, etc.; e remata coa frase " por eso, es importante que aprendan a conocer cómo funciona el coche y que aprendan a desenvolverse con naturalidad y sin nervios en caso de algún incidente de este tipo".*

*Tales declaracións deron lugar a titulares nos medios de comunicación tales como -¿ Histéricas al volante en Gondomar?- ou -Gondomar ofrece un curso para que las mujeres sepan cambiar ruedas " por sí mismas"-.*

*En resposta ao trato dado polos medios as declaracións da concelleira, sra. Lameiro, o alcalde sae na súa defensa e asegura que o asunto " é un erro de comunicación" e asegura que as declaracións " xamais saíron da boca da concelleira".*

*Dende o Partido Popular consideramos inapropiadas e inadmisibles as declaracións recollidas nos diferentes medios, e podemos afirmar que non respresentan en absoluto ao traballo que se ven realizado dende a propia concellería a prol da igualdade mulleres e homes, nin ao Concello de Gondomar nin as veciñas e veciños de Gondomar.*

*Por este motivo, e tendo en conta o alcance das manifestacions publicadas, solicitamos a COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DE IGUALDADE para que explique o seu sentir ao respecto, o seu plantexamento ao frente de dita concellería" e, asuma as responsabilidades políticas que se deriven das súas declaracións e da súa comparecencia.*

**DELIBERACIÓN**

Sra. Durán: Ola, moi boas tardes a todos (...), ben como di o Sr. Alcalde, dende este Grupo presentamos en data 9 de marzo deste ano, unha moción na que interesábamos o debate e de paso a aprobación neste Pleno da comparecencia da concelleira Dna. Nuria Lameiro Valverde como responsable do Departamento e Concellería de Igualdade co motivo dunhas declaracións que si aparecen en diversos medios de comunicación como que foron feitos, feitas, perdón esas declaracións por ela mesma como concelleira, nese día o día 8 de marzo conmemorábamos o día internacional da muller, (...) o día e lendo a prensa pois o que puidemos ler foron en varios medio de prensa escrita algúns titulares que realmente para quen lles fala e para este Grupo (...) que represento consideremos unhas declaracións totalmente

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

inapropiadas, inadmisible, por tanto consideramos que non responden realmente ao que o sentir, o traballo desenvolvido dende o CIM dende a súa creación aquí en Gondomar, que non representa para nada o que foi o traballo das mulleres que representaron e foron concelleiras de Igualdade, (...) e serán mulleres deste Concello. Foron unhas palabras e unhas frases que consideramos que realmente o único que fan e rexurdir unha serie de estereotipos que (...) que tristemente moita parte da poboación que aínda o ten interiorizado pero que non se poden permitir nunha persoa que desenvolve un cargo público e ademais que ten a responsabilidade da área de Igualdade e (...) que non poden saír da súa boca esas palabras, esas frases como recollo na propia moción como dicía en galego e en castelán (...) este curso de mecánica básica que *se ha organizado con la idea de que ante este tipo de situaciones cotidianas, por ejemplo un pinchazo, ellas* (precisamente las mujeres) *sean capaces de cambiar el neumático por si mismas, sin necesidad de tener que echar mano del móvil para solicitar auxilio al* ***marido, hermano o hiio (...) masculino.*** **Empregaba** argumentos como *hoy en día casi todas las mujeres conducen habitualmente o utilizan el coche a diario como herramienta de trabajo. Incluso, en muchos hogares de nuestro municipio, durante la semana es la mujer la que maneja más el coche en casa para hacer recados, para ir a la compra, para llevar y traer a los niños al cole, a actividades, etc.; e remata coa frase "por eso, es importante que aprendan a conocer cómo funciona el coche y que aprendan a desenvolverse con naturalidad y sin nervios en caso de algún incidente.* A verdade é que estas declaracións deron lugar digamos a comentarios dentro da propia prensa, (...) titulares tremendos. (...) Gondomar, este titular dixo que o seu propio Grupo a través das redes sociais fixera algunha crítica, un ataque persoal cara a xornalista que o fixo pero eu non considero menos duro o titular doutro medio que di que *Gondomar ofrece un curso para que las mujeres sepan cambiar ruedas por si mismas*, insisto que toda esta cuestión o único que fai é iso, é rescatar uns estereotipos que votar fóra da sociedade e creo Sra. Lameiro que non considero que vostede sexa en absoluto machista e precisamente por iso pedín esta comparecencia, a nin non me gusta mirar nos medios de comunicación nin moito menos nas redes sociais, creo que aquí no plenario onde vostede e é o que lle pido, que explique que pasou aquí e porque lle pido sobre todo esa explicación porque ao día seguinte vostede non saíu nos medios de comunicación pero sae o Sr. alcalde, suponse que a defender, a escusar, non sei, porque a verdade é que acaba dicindo que é un erro pero di que é un erro de comunicación e asegura nas declaracións (...) Este erro de comunicación quero que mo explique, se sae aprobado que teña que comparecer vostede sexa hoxe ou no seguinte Pleno, que explique este erro de comunicación de onde sae, porque a nota de prensa sae do Gabinete de Prensa, gustaría saber, ese Gabinete de Prensa quen o conforma, se isto foi redactado por unha terceira persoa, se foi consensuado por vostede, parece polo que di o alcalde hai un erro, que isto non o dixo vostede (...) un problema de que non sabe dende este Goberno tampouco pois xestionalo (...) non o fai, eu estiven revisando na páxina web do Concello, o Gabinete de Prensa, hai unha persoa de contacto, é un varón, e sen embargo dende os departamentos, a persoa que levaba o tema de prensa era unha muller, quero tamén que explique se vostede vai a seguir ou vai dar a mesma explicación que deu o Sr. alcalde ao día seguinte dicindo que isto non saíu da súa boca e que hai un erro porque non revisaron as notas de prensa, quen foi a persoa que redactou esta nota de prensa. Creo que esta é a oportunidade para que vostede nos dea unha explicación a toda esta polémica por unhas palabras, insisto, totalmente inapropiadas para o seu cargo. Por todo isto é polo solicitamos do Pleno que se adopte ese acordo para a súa comparecencia a fin de explique(...) declaracións, cal foi o plantexamento, con que motivo vostede (...) isto como concelleira estando ao fronte da Concellería, en todo caso, (...) xustificacións ante este Grupo (...). Grazas.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



## VOTACIÓN E ACORDO

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a moción arriba transcrita.**

Sr. Alcalde: Queda aprobada por unanimidade esta moción e queda vinculada e obrigada a este plenario a que compareza a concelleira Nuria Lameiro cando ela considere oportuno ou crea, se agora ten a ben ou cando considere, doulle a palabra á Sra. Nuria Lameiro para que diga se comparece hoxe ou para o próximo Pleno ou cando ela considere.

Sra. Lameiro: Ola, boas tardes a todas e todos, nada ao final das mocións sen problema ningún comparezo. Non teño problema. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, queda entón para o final das mocións ou das preguntas ou cando considere a concelleira a súa comparecencia, como é potestativo nela. Sometemos a debate a seguinte moción que seguindo unha orde de representación política por Grupos e atendendo á data de Rexistro de Entrada é unha moción do Grupo Municipal IXG sobre asfaltados de camiños.

**3.b. Moción presentada en data 04.04.2016 presentada polo concelleiro D. Manuel Gómez González relativa a ASFALTADO DE VIARIOS.**

*Manuel Gómez González, en calidade de Concelleiro e portavoz do partido **INICIATIVA POR GONDOMAR** nesta Corporación Municipal de Gondomar presenta ao Pleno para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte MOCIÓN:*

***ASFALTADO DE VIARIOS***

*Ante o estado calamitoso no que se atopa o firme dos viarios pertencentes a parroquia de Mañufe e de titularidade municipal denominados **"CAMINO DA COSTA, CAMIÑO DE SEIDÓNS E CAMIÑO DE PIQUETES A SEIDONS"**, apuntados no plano que se axunta, debido entre outras cousas que no ano 2010 con motivo das obras don PLAN E dotouse dita zona de saneamento e no ano 2014 volvéronse a facer obras para a colocación dun transformador de corrente debido a baixa tensión eléctrica, así como en diversos tramos debido o enraizamento das arbores, estes fan levantar o firme de tal xeito que a estrada pola súa orografía convertese nun perigo para os usuarios da mesma, ademais do transito que soporta, faise necesaria unha urxente actuación en procura de dótalos dun novo firme.*

*Por todo o exposto, é polo que elevo a este Pleno adoptar o seguinte ACORDO:*

***Que o Pleno da Corporación Municipal de Gondomar aprobe a iniciación do expediente encamiñado a reposición do firme dos viarios denominados CAMIÑO DA COSTA, CAMIÑO DE SEIDÓNS E CAMIÑO DE PIQUETES A SEIDONS, facultando o sr. Alcalde, por si fora necesario, a facer as xestións pertinentes ante as diversas administracións en procura do financiamento necesario para súa realidade ou ben facelo contra a partida municipal existente nos orzamentos.***

## DELIBERACIÓN

Sr. Gómez: Imos ver, esta é unha moción onde pedimos os asfaltados dos viarios ou camiños (...) unha redacción dos que teñen, está en proxecto ou en marcha para arranxar pois

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

solicitando neste caso por mediación de mocións ou de rogos, como proceda, (...) de momento van estes. Vou ler a moción. (...) Explícolle un pouquiño máis, estes son os camiños que van a Seidóns, (...) iso como dicía aquí na moción fixéronse obras de saneamento no ano 2010, hai zonas que levou unha profundidade de cinco metros ou algo máis de cinco metros e bueno, si que repuxo como a maior parte dos camiños, que pasa, que iso era (...) naquel momento, vai cedendo e a estrada (...) e perdeu a súa forma, hai sitios que a parte que ten para transitar por ela ten inclinacións cara varias vivendas onde entra auga e todo iso. Despois, alí había un gran problema eléctrico, que non había forza suficiente, volveuse facer outra obra que dende Piquetes ata o barrio da Costa houbo que volver romper a estrada para meter un novo transformador, tamén quedou ben naquel momento pero empeza outra vez a ceder o tema. E despois hai outras zonas, (...) que hai un montón de árbores, hai zonas que está levantado un montón, entonces, é necesario (...) para que se solucione (...) facer un novo pavimentado (...) é o que pedimos no Pleno a toda a Corporación que aprobe esta moción e que o Goberno o antes que poida que lle dea unha solución a este tema. Nada máis.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Gómez, alguén máis pide a palabra? Ningunha intervención máis. Dicirlle en nome do Goberno que estamos totalmente de acordo con esta moción e con todas as que poidan vir ao Pleno sempre que sexan para mellorar as infraestruturas viarias, etc. Do noso Concello, tomamos nota e dentro de esa ponderación e prioridades que temos que levar a cabo, intentaremos que isto sexa un feito e unha realidade canto antes. É certo que necesita un desraízado aí, ese tramo, e asfaltado, dentro do posible teña por seguro que nos poremos con elo tendo en conta que Gondomar son 75 quilómetros cadrados de extensión e que ten moitas infraestruturas pero vostedes sábeno que foi o concelleiro de Vías e Obras, vostede tamén e saben que claro, se houberan feito o seu traballo noutro momento, nós agora estariamos encantados, pero home, de paso que estamos aquí xa lle digo, pero bueno, temos o que temos, entón, que imos a ver... espere. Que si, que estamos de acordo, agradecemos que vaian vostedes indicándonos ademais, con ese ánimo de colaborar, onde están os camiños en mal estado para rematalos, por alusión doulle a palabra ao gran concelleiro de Vías e Obras Jesús Salgueiro, que foi un gran concelleiro.

Sr. Salgueiro: Boas tardes a todas e a todos, (...) fixemos unha labor importante e quedaron moitos camiños e camiños en proxectos para asfaltar neste momento (...) por exemplo en Donas que é un estrada para nós, das que peor estaban e saíu un proxecto e unha subvención e está todo preparado para asfaltar, paréceme, (...) e como ese moitos máis (...)

Sr. Alcalde: Lousado, As Palmas, Vilaza, Vilas...

Sr. Salgueiro: Moi ben, agora ten unha concelleira que, non somos nós os que temos que traer os camiños que temos que asfaltar (...)

Sr. Alcalde: Grazas, Sr. Gómez, por alusións tamén.

Sr. Gómez: Por alusións xa non sei Sr. alcalde se se refería a min (...) pero recordarlle que eu como concelleiro de obras fai cinco anos estes viales estaban perfectamente ben, tanto que naquel momento estaba o saneamento, unha vez rematado o saneamento volveuse a reparar e naquel momento quedou ben, cando se fan este tipo de obras si que ao longo van cedendo (...) o pavimentado a forma natural do camiño, pero bueno, non vou dicir o que fixemos (...) dous anos escasos que estivemos pero recordo, 57 viales asfaltamos e sendo eu concelleiro de obras (...) Nada máis, pedirlle outra vez a toda a corporación (...) que van a apoiar esta moción, grazas por apoiala e o Goberno que o teña en conta para darlle solución. Moitas grazas.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Gómez, ten vostede toda a razón, tamén a ten vostede Sr. Salgueiro, permítanme a min, moitas veces, este ton de ironía, hai que seguir traballando polo Concello todos, faltaría máis. Tomamos nota e somos conscientes ademais, oxalá tivéramos aí 6 ou 7 millóns de euros para asfaltar todas as estradas pero, bueno, moitas grazas.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

**VOTACIÓN E ACORDO**
**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a moción arriba transcrita.**

Sr. Alcalde: Quedan 4 mocións presentadas en tempo e forma que as presenta o Grupo Político CABE e seguindo o número de orde de entrada no Rexistro, que todas son día 4, empezaríamos por debater a moción "Conmemoración do 14 de abri, proclamación da II República. Ten a palabra, defende a moción o concelleiro Josué Villar.

**3.c. Moción presentada en data 04.04.2016 presentada polo concelleiro D. Josué Villar Ballesteros relativa a CONMEMORACIÓN 14 DE ABRIL, PROCLAMACIÓN DA II REPÚBLICA.**

Sr. Villar: Boas tardes a todos e a todas, dende CABE hoxe traemos unha moción conmemorativa do 14 de abril e outra de recuperación da Memoria Histórica, con estas dúas mocións queremos condenar o alzamento militar do 6, do Goberno de (...) así como condenar a ditadura que se instaurou. Tamén por outra banda queremos contribuír a recuperación da memoria nesta liña que queremos aproveitar hoxe para agradecer a labor do IEM e de todas aquelas persoas e asociacións que aportaron o seu tempo e coñecemento para garantir os dereitos das familias das persoas desaparecidas. Sen máis dou lectura.

*Don Josué Villar Ballesteros, representante do Grupo Municipal de Gondomar Concello Aberto no Concello de Gondomar, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa aprobación a seguinte* ***MOCIÓN CONMEMORACIÓN 14 DE ABRIL, PROCLAMACIÓN DA II REPÚBLICA.***

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*O 14 de abril cumpriranse 85 anos da proclamación da II República, o primeiro réxime democrático da nosa historia que instaurou un verdadeiro Estado de Dereito e proclamou a primeira constitución democrática de España. Esta Constitución plasmou o principio de igualdade dos españois ante a lei, ao proclamar España como "unha república de traballadores de toda clase que se organiza en réxime de Liberdade e de Xustiza", o principio de soberanía popular, establece o sufraxio universal para homes e mulleres maiores de 23 anos. En economía a propiedade privada quedou suxeita aos intereses da economía nacional, constituíuse un "Estado integral, compatible coa autonomía dos Municipios e as Rexións", o principio de laicidade "o Estado, as rexións, as provincias e os Municipios, non manterán, favorecerán, nin auxiliarán economicamente ás Igrexas, Asociacións e Institucións relixiosas", ademais recoñeceuse o matrimonio civil e o divorcio así como o ensino primario laico, gratuíto e obrigatorio, e recoñécese a liberdade de cátedra.*

*AII República promoveu o avance na transformación da nosa sociedade, na defensa das liberdades individuais e colectivas, e na consecución da xustiza social.*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



*Este sistema democrático acabou coa derrota na Guerra Civil para dar paso a máis de 40 anos de franquismo, de represión e de retrocesos.*

*O 14 de abril ten que ser unha data reivindicativa para reclamar o dereito á República e facer unha homenaxe a todos os alcaldes e concelleiros dos concellos daquel período, así como condenar o golpe de estado franquista contra a II República.*

*Por todo i so, o Grupo Municipal de Gondomar Concello Aberto somete á consideración do Pleno a aprobación dos seguintes* ***ACORDOS:***

1. ***- Condenar o alzamento militar do 18 de xullo de 1936 contra o goberno lexítimo da II República española.***
2. ***- Que o 14 de abril ondee a bandeira republicana na sede consistorial, ou na praza principal do municipio, para facer unha homenaxe a todas as persoas que defenderon a II República, así como ao período democrático que se inaugurou.***
3. ***- Que o Concello organice no municipio actos conmemorativos e divulgativos do 85 aniversario da proclamación da II República, así como promover actividades encamiñadas á rehabilitación política e cívica de todos aqueles cidadáns e cidadás que foron vítimas da represión franquista, xa fose durante o alzamento militar, ou durante a posguerra.***

**DELIBERACIÓN**

Sr. Guitián: Moitas grazas simplemente para dicir o noso voto, estamos de acordo con esta moción, co fondo, estamos de acordo (...) estamos de acordo co punto número 3 pero non nos parece adecuado o punto número 1. Neste caso, que nesta moción no punto 2.3 nos estamos en contra. Nada máis grazas.

Sr. Gómez: Nós, imos ver, nesta moción nós non imos a entrar nun debate, imos a absterse. (...)

Sr. Arauxo: Grazas alcalde. O noso Grupo, Manifesto Miñor, obviamente imos votar a favor da moción por varias cuestión que creo que son facilmente entendibles. Afortunadamente os tempos están cambiando, dicía a canción, e hoxe, hoxe, dun tempo para acá pódese falar, podemos falar, criticar incluso, bueno, non sei se coa Lei mordaza, creo que a partir do 1 de xullo falar mal da Monarquía creo que vai ser delito, que me corrixan, bueno, en todo caso, quero dicir que se pode falar, criticar e saber o que está pasando con ese xefe de estado que non podemos elixir democraticamente os cidadáns. Este é o sistema republicano que poidamos escoller cada catro ou cada cinco anos o xefe de estado, se iso fora así estriámonos aforrando pois espectáculos lamentables e bochornosos desa chamada *Familia Real*, son tan patriotas, tan patriotas en algunhas cousas pero cando se fala da infracción do IRPF foxen dela como da peste, entón iso sería evitable cun sistema democrático e republicano de elección do xefe de estado. E logo tamén, que non o di a moción pero nós queremos poñer, bueno, falar diso que nos parece importante, porque nós, sobre todo estamos a favor e defendemos os valores republicanos que son outra cousa, unha cousa e a forma do estado republicano e outra cousa son os valores republicanos, que son aqueles todo o mundo coñece de igualdade, liberdade e fraternidade, eses son os valores republicanos que tamén hai que rescatar e pór enriba da mesa. Ben, nós defendemos iso e bueno se mo permite o compañeiro de corporación, Josué, en plan, en modo retranca, cando España teña a súa república, a ver se nos axuda a que (...). Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Araujo, bueno, o Partido Socialista tamén ten algo que dicir nisto, obviamente cando falamos da Memoria Histórica vennos á cabeza Zapatero e cando falamos

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

da crise e do fundimento de España, a algúns tamén lles ven Zapatero, quédense co dato que máis lle guste pero creo que somos grandes defensores da Memoria Histórica, de condenar o alzamento militar do 36, moitos xa por desgraza ou por sorte non saben o que é nin cando foi nin saben se Franco era un ditador, se era o presidente do Goberno ou do Real Club Celta..., moitas veces non o saben. Bueno, que queremos dicir, que eu tamén coincido e tamén coincidimos que estes puntos, condenar o alzamento militar do 18 de xullo, por suposto, non fai falta traelo ao Pleno, eu condénoo, e considérome demócrata como moitos que están aquí, polo tanto non fai falta traer ao Pleno unha moción para que eu teña que posicionarme, que o 14 de abril ondee a bandeira republicana na sede do Consistorio, eu opóñome firmemente porque sería incumprir a Lei e a Constitución Española, de entrada non me..., creo que non, en canto di da Praza principal do municipio, tamén e despois, cando vostede di que o Concello organice no Municipio, entendo no o Concello no sentido máis amplo da palabra, será o Goberno, pois que leve a cabo divulgacións e proclamación de actividades, promover, a quen foi vítima ou despois da posguerra, mire, sinceramente eu creo que pola nosa parte imos a absternos porque creo que hai cousas..., isto é importante tamén pero creo que hai cousas máis importantes do Concello que isto, que divulgar, hai moitas cousas que divulgar e moitas que facer no noso Concello sen meternos nestas cousas que creo que nada nos axudan, eu, moitas veces dáme moita pena, e dígoo aquí publicamente cando detrás, ás miñas costas, non ondea a bandeira de España e a bandeira de Galicia como di a Constitución e por respecto e por evitar guerras de bandeiras entre a corporación non a poño pero se por min fose detrás estaba, e dígoo publicamente, a bandeira de España, a bandeira de Galiza e o cadro do Rei, en cumprimento da Constitución e o que non estea de acordo que presente unha emenda e que a reforme, mentres tanto a Lei e lei, gústenos o non nos guste, polo tanto imos a votar e imos a absternos destes debates que preocupan a Gondomar creo que ben pouco, moitas grazas.

Sr. Villar: Dúas cousas, en canto (...) do Sr. Guitián (...) en caso que sexa ese o problema e (...), respecto do Sr. alcalde, paréceme mentira que un alcalde socialista (...) república tan claro (...).

Sr. Guitián: Nós estamos en contra de cambiar (...) estamos de acordo (...) como dixen antes pero non nos parece adecuado (...) no Consistorio nin na praza a través do Concello, se a quere pór vostede, por suposto (...).

Sr. Alcalde: Por alusións, o bo da democracia é que podemos dicir publicamente e cada un asume as súas responsabilidades políticas, eu son socialista, son republicano, gustaríame que se elixira o rei democraticamente pero de aí a incumprir as leis e..., de todas formas non se preocupen vostedes, para as próximas non me voten e xa está, segan votando...

Sr. Josué: (...)

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

**VOTACIÓN E ACORDO**
**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 06 votos a favor: 3 do Grupo Municipal de Manifesto Miñor e 3 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto; 04 votos en contra: do Grupo Municipal do PP; e 06 abstencións; 4 do Grupo Municipal do PSOE, 4 e 2 do Grupo Municipal I.X.G; acorda aprobar esta moción relativa á CONMEMORACIÓN 14 DE ABRIL, PROCLAMACIÓN DA II REPÚBLICA.**

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sr. Alcalde: Encantados de que teña pasado esta moción, cando ondee a bandeira na praza do Concello non será cousa miña. Grazas.

**8.d. Moción presentada en data 04.04.2016 presentada polo concelleiro D. Josué Villar Ballesteros relativa a *POLA RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA.***

*Don Josué Villar Ballesteros, representante do Grupo Municipal de Gondomar Concello Aberto no Concello de Gondomar, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa aprobación a seguinte MOCIÓN POLA RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA.*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Pasaron máis de oito anos desde a aprobación da Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que viñan a recoñecer e ampliar dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a ditadura. A aprobación da denominada Lei da Memoria Histórica era un exercicio democrático imprescindible tendo en conta que España é un dos países do mundo con máis vítimas por desaparición forzosa. A normativa tiña dous obxectos fundamentais, por unha banda recoñecer e ampliar dereitos a favor de quen padeceron persecución ou violencia, por razóns políticas, ideolóxicas, ou de crenza relixiosa, durante a Guerra Civil e a Ditadura, promover a súa reparación moral e a recuperación da súa memoria persoal e familiar, e adoptar medidas complementarias destinadas a suprimir elementos de división entre os cidadáns, todo iso co fin de fomentar a cohesión e solidariedade entre as diversas xeracións de españois ao redor dos principios, valores e liberdades constitucionais. E por outro pretendía, como política pública, fomentar os valores e principios democráticos, facilitando o coñecemento dos feitos e circunstancias acaecidos durante a Guerra Civil e a ditadura, e asegurando a preservación dos documentos relacionados con ese período histórico depositados en arquivos públicos.*

*Por mor da aprobación da Lei de Memoria Histórica, e en aplicación da mesma, o Estado, coa participación de todas as administracións públicas, debía, entre outros aspectos,* ***garantir o dereito das familias das persoas desaparecidas a coñecer as circunstancias da morte, o paradoiro de miles de persoas, promover a súa reparación moral, a recuperación da súa memoria persoal e familiar. Para iso, a Lei recolle (arts. 11 a 14), a obrigación das Administracións Públicas de facilitar os medios e a información para localizar e identificar ás vítimas desaparecidas ou asasinadas e enterradas en fosas dentro dos cemiterios, ou nas cunetas, ou en terreos públicos ou privados.***

*Pero a realidade actual demostra a escasa aplicación desta regulación e os familiares das vítimas da Guerra Civil e da posterior represión da ditadura están sometidos a unha auténtica carreira de obstáculos insalvables na maioría das ocasións.*

*Despois de 40 anos da morte do ditador, a obtención de verdade, xustiza e reparación por parte das vítimas está moi lonxe de ser unha realidade. Por non falar da impunidade, nin unha soa persoa respondeu ante a xustiza polos crimes cometidos durante o franquismo.*

*En canto á aplicación dos apuntados apartados da Lei polas administracións máis próximas, destaca a ignorancia e inactividade por parte da Comunidade Autónoma con respecto ao cumprimento da mesma en aspectos como o recollido no artigo 12.2, que sinala: "As Administracións públicas elaborarán e porán a disposición de todos os interesados, dentro do seu respectivo ámbito territorial, mapas nos que consten os terreos en que se localicen os restos das persoas a que se refire o artigo anterior, incluíndo toda a información*

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

*complementaria dispoñible sobre os mesmos". Neste aspecto o Goberno Autonómico non está a cumprir coas súas obrigacións legais.*

*Nos artigos 15 e 16 da citada Lei, establécense medidas en relación cos símbolos e monumentos conmemorativos da Guerra Civil ou da ditadura, co obxecto de eliminar toda exaltación da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión durante a Ditadura, recollendo expresamente que entre as medidas poderase incluír a retirada de subvencións ou axudas públicas.*

*Nin a Comunidade Autónoma, nin os concellos do país, na súa maioría, se preocuparon de elaborar un catálogo de vestixios relativos á Guerra Civil e á ditadura. É máis, hai concellos que manteñen sen ningúns complexo escudos, insignias, placas ou outros obxectos conmemorativos "de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura".*

*Igualmente algunhas entidades privadas, principalmente unha tan significativa como a Igrexa católica, mantén numerosos símbolos da exaltación do franquismo nos seus edificios, á vez que vén recibindo subvencións anuais das administracións públicas.*

*Todo isto pon en evidencia que a Lei 52/2007, de 26 de decembro non garante as políticas públicas imprescindibles para cumprir cos seus fins e obxectivos; en primeiro lugar por unha regulación insuficiente e en segundo porque non se cumpre o seu contido esencial: placas, monumentos, nomes de rúas ou de colexios públicos son vestixios fascistas que adornan moitas das nosas localidades, mesmo a maior gloria dalgúns alcaldes/as e concelleira/os, sen que iso teña consecuencia legal.*

*Hai quen deixa o cumprimento da Lei ou a Constitución Española só para cando lle convén, por iso cabe lembrar que o artigo 9 da Constitución Española, no seu apartado 1º, establece que "os cidadáns e os poderes públicos están suxeitos á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico".*

*Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Político de Gondomar Concello Aberto propón ao Pleno de Gondomar os seguintes,* ***ACORDOS****:*

1. *O Pleno do Concello de Gondomar, en cumprimento do seu deber como institución democrática, comprométese coa recuperación da Memoria Histórica, de acordo co artigo 9.1 da CE, en base ao ordenamento xurídico vixente e segundo o disposto na Lei 52/2007 tomará as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura.*
2. *O Pleno do Concello de Gondomar acorda a revisión de todos aqueles acordos ou convenios de colaboración, así como a retirada de subvencións a aquelas entidades privadas que conserven escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da ditadura.*
3. *O Pleno do Concello de Gondomar insta á administración autonómica a impulsar, xunto á Deputación, a elaboración dun mapa de fosas e un catálogo de vestixios fascistas.*
4. *Este acordo será remitido ao Goberno autonómico e á Deputación de Pontevedra.*

**<u>DELIBERACIÓN</u>**

Sr. Guitián: Grazas, soamente para anunciar o noso voto, pola nosa parte imos a absternos.

Sr. Gómez: Nós imos a absternos neste caso, non estamos totalmente de acordo coa Memoria Histórica (...) é verdade, é necesario, é en dereito, por humanidade e por todo (...) algún familiar que foi asasinado brutalmente na II Guerra Mundial ou despois por represión e por iso, os familiares teñen o pleno dereito de saber onde están, nós estamos de acordo con iso, totalmente de acordo, agora ben (...) de prohibir, impoñer, non, porque alguén teña pois non sei... calquera cousa, pois oe, como aquí o Sr. Villar di, el quere que a bandeira republicana estea aí (...) respecto a opinión de todos, non me vaia mal interpretar, pero que ao mellor ten, no seu negocio ou onde sexa, unha insignia porque pensa doutra forma (...) cada un é moi libre de pensar o que queira e de desenvolver ou promover calquera insignia ou calquera escudo ou calquera cousa, por iso que preferimos (...) un debate, entón, que quede claro que estamos moi de acordo no outro tema pero nestas imposicións e esixencias pois non, por iso ímonos abster neste punto. Nada máis. Moitas grazas.

Sr. Araujo: Grazas alcalde, nós votar a favor, como non poder doutro xeito esta moción, con todo queríamos comentar un par de cuestións. A Lei da Memoria Histórica, parécenos un avance importante e que non temos nada que dicir no seu articulado, si tiña un fallo, que era o acompañamento orzamentario para desenvolvela, porque eu non sei se saben pero buscalas fosas común, abrilas, desenterralas, as probas de ADN, arqueólogos, forenses, etc., iso custa moitos cartos, e o pouco que se fixo ou o moito que se fixo antes de que existise ata agora, no Estado en Galiza en particular, foi na maioría dos casos, grazas a actuacións altruístas de entidades culturais, sociais, etc., con moi pouca axuda cando non en contra, e atrancos dos gobernos locais, do Goberno e entidades autonómicas e do propio Estado. Dicir tamén que nese sentido, Galicia é unha excepción, unha excepción afortunada que foi no Goberno PSOE-BNG ,que a Consellería de Cultura si puxo a disposición os medios de todo tipo para facer eses traballos e eu quero lembrarme aquí, especialmente pola parte que me toca, e que foi grazas á conselleira daquela de Cultura, Dna. Ánxela Bugallo e tamén ao Instituto de Estudos Miñoráns, que en Gondomar púidose recuperar unha parte pequena desa historia. Dicir tamén que foi moi importante e moito máis importante do que se imaxinan. Aquí hai moita xente moza, moita xente nova, antes dicía o alcalde con razón e ás veces os vemos nas entrevistas que se fan por aí, que moita xente pensa que Francisco Franco foi un xogador de fútbol, e non é así, por detrás diso, hai unha historia moi dura e inda está por (...), polo menos que pase a formar parte do ideario ou da historiografía oficial. E digo isto, porque as feridas, que as veces tamén é un argumento que se usa "bueno, mellor é non tocar, non remexer todo iso porque para que, xa pasou", non, detrás diso hai persoas, hai familias que o pasaron fatal, que a súa dignidade foi pisoteada, masacrada e foron sinalados, marxinados, terrible e digo máis, a peor parte de todo iso levárona as mulleres porque os homes eran vixiados, paseados... e eran as mulleres, ou fuxir, moitas veces cando tiñan que coidar, eran vexadas, insultadas, marxinadas, tiñan que manter e sacar ás súas familias adiante nun contexto durísimo, inda hai memoria diso, inda hai memoria. Polo tanto as feridas péchanse cando se curan e as veces as curas doen pero hai que facelas, todas as ditaduras fixérono, todas as ditaduras abriron os arquivos, os expedientes, repuxeron a memoria e a dignidade das vítimas, todas as ditaduras, as democracias, perdón. E unha última cousa, apoiamos a moción pero ao mellor botamos de menos algo na moción e é, que a moción queda en aspectos máis ou menos formais e a memoria non se recupera soamente con sacar os escudos, que está ben, os símbolos, a simboloxía fascista e todo iso, a memoria non se recupera con iso, a memoria recupérase con outro tipo de traballos, traballos de campo. Están morrendo os vellos que teñen a memoria, algúns xa morreron e non lles dou tempo a....pois claro... a xente, estamos falando dos fillos, dos netos, que están nos oitenta, nos noventa anos, entón a memoria recupérase facendo actos coma este, evidentemente, falando diso aquí neste sitio, que é o órgano de representación cultural máis importante do centro, a memoria recupérase así aquí (......) pero hai outros traballos que facer que son os traballos de campo, que son os traballos coa xente,

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

que son os traballos de procurar.. e a veces provocar que esa xente fale, porque teñen o medo no corpo e non queren falar, ben, ese tipo de traballos hai que.... na moción non están recollidas pero eu quero dicilo aquí, que está ben todo isto pero queda un pouco no... no... na parte si queres máis fácil ou no envoltorio, o problema é moito máis profundo e aí pois tamén si queren (...) cartos, dedicación e persoas que o saiban facer,(...) en fin nós, eu quería dicir isto porque me parece importante e imos votar a favor desta moción. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. concelleiro, tenente-alcalde Arauxo.

Nos vamos a votar a prol, obviamente estamos de acordo coa Lei da Memoria Histórica, con isto e con moito máis que se faga, polo tanto si non hai máis intervencións isto o sometemos a votación...Sr. Josué Villar ten vostede a palabra.

Sr. Villar: Eu..(.....) en ningún momento creo que podemos comparar a bandeira que é un símbolo democrático con un símbolo (...) franquista, que non representa (....) iso é o primeiro punto, e o segundo, é que plantexamos esta moción (....) non é unha colleita(....) non é algo que nos (...) esta moción senón que isto mesmo ven (...) nós o único que estamos dicindo aquí é que queremos que se cumpra e como di Antonio aínda falta moitísimo, e así.(....) o único que estamos reclamando aquí é que (................).Nada máis.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

**VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 06 votos a favor: 3 do Grupo Municipal de Manifesto Miñor e 3 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto; 04 votos en contra: do Grupo Municipal do PP; e 06 abstencións; 4 do Grupo Municipal do PSOE, 4 e 2 do Grupo Municipal I.X.G; acorda aprobar esta moción relativa a POLA RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA**

**8.e.- Moción de data 01.04.2016 presentada por D. Paulino del Rio Iglesias, concelleiro membro do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto (con data de R.E. de 04.04.2016) relativa a SEGURIDADE PÚBLICA EN CONDOMAR.**

*Paulino del Rio Iglesias, concelleiro da Corporación Municipal de Gondomar presenta para o seu debate e aprobación se procede a seguinte*

*MOCIÓN : SEGURIDADE PÚBLICA EN CONDOMAR.*

***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:***

*A Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade proclama como ben xurídico a protexer a seguridade pública, cuxa competencia corresponde ao Estado coa participación das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais nos termos fixados polos seus respectivos Estatutos de Autonomía, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e no marco da devandita Lei Orgánica.*

*Esta tarefa finalista exixe a acción concertada das Forzas e Corpos de Seguridade no seu conxunto, tanto das dependentes do Estado, como das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, acción que debe efectuarse a través da coordinación operativa que a tal efectos e establecen a propia Lei Orgánica.*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



*Un destes órganos é a Xunta Local de Seguridade, creada polo artigo 54.1 da devandita LO, instrumento de coordinación que, sentada sobre o elemento da territorialidade do termo municipal constitúe un mecanismo capaz de fixar medios e sistemas de relación ao obxecto de realizar accións conxuntas de colaboración mutua e de cooperación recíproca.*

*As Xuntas Locais de seguridade deben constituír non so órganos de coordinación operativa senón tamén informativa, facilitando vias de canalización que permitan a colaboración dos sectores sociais e institucionais afectados na correcta planificación da seguridade pública e consecuentemente nunha maior protección do libre exercicio dos dereitos e liberdades públicas recoñecidos constitucionalmente.*

*As Xuntas Locais de Seguridade son órganos colexiados , no ámbito territorial do municipio, das Administracións Públicas en materia de seguridade, asegurando de forma específica a cooperación e coordinación operativa das Forzas e Corpos de Seguridade que interveñen no termo do concello.*

*En Gondomar está constituída a Xunta Local de Seguridade con representación da autoridade do goberno central, autonómica e local e presidida polo Sr.Alcalde. Entre as atribucións desta presidencia está a de convocar as sesións e fixar a orde do día das súas sesión que deben ter unha periodicidade de alomenos unha vez ao semestre e cando as necesidades así o aconsellen poderán reunirse en sesión extraordinaria, previa convocatoria da Presidencia, a iniciativa desta ou de calquera dos vocais.*

*Entre os seus cometidos está analizar e valorar a situación de seguridade cidadán no concello, valorando a súa evolución e elaborar un Plan Local de Seguridade, avaliando a súa execución e resultados.*

*En Gondomar nos últimos meses téñense producidos unha chea de incidentes como roubos e entradas en locais comerciais e garaxes de edificios. Situación que está xerando a lóxica preocupación entre a veciñanza e comerciantes e da que se os deu traslado a Gondomar Concello Aberto, así como,entendemos, ao goberno local. Citaremos aquí, sen ánimo exahustivo, algúns deles como A de Chape, Yantar, Keiko, Lalos, Kukadas, locais arredor da praza de abastos,..., algúns deles de xeito repetitivo.*

*Por todo o anteriormente exposto e polo que solicito tras o seu debate, a aprobación polo Pleno desta Corporación Municipal do seguinte*

*ACORDO:*

*O Pleno do Concello de Gondomar insta ao Sr.Alcalde como Presidente da Xunta de Goberno Local a que traslade esta inquedanza veciñal aos restantes dos seus membros e mesmo, se así o considera pertinente, convocar unha sesión extraordinaria para tratar este asunto, e implementar as medidas necesarias para corrixir esta situación.*

*Mentres tanto que se oficie escrito á Comandancia da Garda Civil dándolle conta da situación e solicitando un incremento da vixilancia, en horario nocturno, no noso Concello.*

*Que o Sr.Alcalde dea conta a este Pleno das xestións realizadas ao efecto.*

**DELIBERACIÓN**

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Pauliño, unha dúbida, si me puidera dicir vostede, esa ondanada de roubos si foi de noite, de día ou en que franxa de tempo, os últimos dous meses, os últimos seis, ¿ten vostede eses datos?

Sr. Pauliño: Pois os datos son nos últimos meses e...

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



Sr. Alcalde: Cando di meses ¿qué se refiere, a dous ou a oito meses?

Sr. Pauliño: Non, estamos falando de catro meses

Sr.Alcalde: Catro meses.

Sr. Pauliño: Catro meses, claro. Iso é o que hai (...) está claro, a maiores evidentemente hai moitos destes roubos que (...) algúns dos efectuados en garaxes, non son solo en horario nocturno. En todo caso supoño que vostede como presidente da Xunta Local de Seguridade, pode vostede recabar estes datos que a nós se nos dan con unha mera inquedanza, se nos di por parte de moita xente, hai isto, correcto, é vostede o encargado, e ten que saber si son en catro meses, en cinco meses, en sete meses ou en un e medio, saber que datos se dan, saber que incidencia hai, falar coa Xunta de Seguridade. Ao mellor sabendo eses datos enriba da mesa, expoñémolos aquí, e mirar as medidas que se tomaron ou se van a tomar, nos recollemos este, temos a moción, é potestade súa resolver os problemas á xente, quen goberna é o alcalde.

Sr. Alcalde: Grazas. Non, si eu sei en que datas son, horario e os meses que foron, pero son moi irónico eu cando fago as preguntas, teño moita retranca, entonces cando falamos de meses, claro, non é o mesmo falar de dous que de seis, porque o que forma parte da causa é a causa do mal (...), di o aforismo latín. Bueno vou a explicar, *¡dios mío, que desgracia!*, aquí solo podo dicir vostede o que pensa (...) eu tamén o podo decir, mire voulle a dicir, sobre o tema da ouleada de vandalismo que aterra as terras de (...) e... está solicitada a Xunta de...de... casual no, bueno se quiro mañá enséñolle...enséñollo sí sí, enséñollo, mañá veña polo concello e doulle unha copia, senón pregúntelle ao secretario, está solicitada á Xunta de Seguridade e estaba fixada, pero houbo un cambio por parte da Subdelegación que nos instaba a ir a Pontevedra en vez de vir él aquí, e eu quería xustamente que viñera o subdelegado a Gondomar a reunirse coas Forzas e Corpos de Seguridade para falar na mesa de violencia de xénero e de moitas outras cousas, entonces estaba posposto a que avise para cando veña aquí, entón estamos pendentes da data, iso non quita que non se teña falado coa Sudelegación do Goberno e que non se haxa falado co Comandante de posto e que non se haxa articulado un Plan de Vixilancia e Seguridade en Gondomar, é máis, non solo se fixo control sobre a delincuencia ou os delitos que se podan practicar sobre o patrimonio, os casos dos que estamos falando, senón que se están levando a cabo campañas de vixilancia sobre delitos contra a seguridade de tráfico, segundo Acordo da Dirección Xeral de Tráfico, e a Policía Local, Control de Alcoholemia, e aí están as estatísticas. Non só iso, senón que a Garda Civil está levando controles exhaustivos de todos os locais que non teñen licenza e incumpren o horario de peche, ruídos e demais e xa non é a primeira vez tamén que se reuniu o Comandante de Posto, e o Concelleiro de Urbanismo para tratar estes asuntos, e ademais non os podemos tratar nós por un problema de carencia de efectivos policiais porque primeiro, estamos en precario polas últimas prazas da Policía Local, están vacantes, non se cubriron, entre outras cousas porque non nos encargamos cando estábamos na oposición de advertirlle ao Sr. Alcalde anterior de que non o fixera, e despois cando estivemos no goberno, vostede máis eu, vostede como responsable de persoal, fixemos todo o posible para cubrilas e agora en esta...en este impas, dígolle que están convocadas de novo (...) de novo esas dúas prazas de Axente de Policía Local, así como tres prazas para auxiliares de Policía, que empezarán a traballar en breve, pero aínda que entren a formar parte do cadro de persoal, temos un problema, que a Policía Local traballa desde as oito da mañá ata as dez da noite, obviamente isto é público e notorio e os que entran en establecementos non só coñecen o horario da Policía Local, senón que coñecen tamén que a Garda Civil, pois abarca os tres concellos do

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



Val do Miñor, saben ademais cando está a patrulla do Baiona, cando está a patrulla de Gondomar.
Sí que é certo que houbo determinados actos ademais vandálicos e contra o patrimonio, e son todos en horarios nocturnos, a Policía Local non estaba, e.....tamén é certo, que entraron en vehículos, interior de vehículos, concretamente en trece vehículos, en varios garaxes privados, tamén o sabemos, tamén, non vou a dicir nin quen foron nin se foron detidos ou no, porque por aquilo da Lei de Protección de datos e demais pero sabemos máis do que contamos, por iso non temos inconveniente en contarllo onde eu non incumpra a Lei para poder contarllo mañá mesmo dentro da Alcaldía, e......que máis dicirlle. ¿Sabe o que me falta en Gondomar? Meter efectivos policiais, sabémolo todos, e hai que establecer un horario de turno posiblemente porque Gondomar é un Concello xa, que ten case 15.000 habitantes de dereito e 18.000 de feito, e a ratio da Policía Local e de coordinacións fala de un policía por cada mil polo tanto deberíamos ter unha plantilla máis ou menos de 15 e temos unha plantilla de 7 e iso é unha realidade, entonces evidentemente, só nos queda levar a cabo campañas de colaboración, coordinación coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Garda Civil e demais e cubrir tamén dicirlle, 74 $km^2$ de extensión e un polígono industrial entonces no se preocupe. A min me gusta ademais que isto saia a colación de que a seguridade nos preoupe a todos, porque a min créame que me preocupa tanto que o levo dentro, porque ¿qué quere que lle diga? Cando falamos de seguridade, cando falamos de Policía eu nunca renuncio a de ónde vin e polo tanto sobre este tema, oxalá houbera unha plantilla aquí de 60, pero non a hai, e hai problemas para cubrir as prazas e sábeo vostede pero bueno podo dicirlle que está convocada, que está solicitada unha xuntanza para tratar a seguridade ex profeso, aínda que hai canles abertos xa sobre este tema, que a situación de Gondomar é canto menos, e con isto non quero xustificarme, coma a de Nigrán, Baiona ou calquera outro concello, e a verdade que podía ser bastante peor tendo en conta os efectivos que temos e a falta ademais de...dun horario nocturno con Policía Local podía haber multo máis, pero preocupa... está controlado, está controlado, faise o que se pode e estamos ademais en esa vía de coordinación coas Forzas e Corpos de Seguridade e todo o demais.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

**VOTACIÓN E ACORDO**
**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acorda aprobar esta moción relativa á SEGURIDADE PÚBLICA EN GONDOMAR.**

**8.f.- Moción de data 01.04.2016 presentada por D. Paulino del Rio Iglesias, concelleiro membro do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto (con data de R.E. de 04.04.2016) relativa a REVERSIÓN AO PUBLICO DO HAC.**

*Paulino del Rio Iglesias, concelleiro da Corporación Municipal de Gondomar presenta para o seu debate e aprobación se procede a seguinte*

**MOCIÓN : REVERSIÓN AO PUBLICO DO HAC.**

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*O proxecto de construción dun novo complexo hospitalario público en Vigo (HAC) polo goberno presidido por don Emilio Pérez Touriño respondía a un modelo de contrato de obra pública (art. 6 da Lei 30/2007) coa fórmula de colaboración entre Autoridades Públicas e financiamento tamén público: Era un proxecto de Hospital enteiramente público para a área sanitaria do sur*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
[Pontevedra]

de Pontevedra.

Celebradas pouco despois eleccións, accede á Xunta un goberno presidido por don Alberto Núñez Feijóo. O novo goberno dálle unha virada ao ulterior desenvolvemento do Proxecto do NHV, suplanta o modelo do contrato de obra pública e Colaboración entre Autoridades Públicas establecido no convenio marco de 2006 por un modelo de contrato de concesión de obra pública (art.7 da Lei 30/2007) e remuda o modelo de financiamento e xestión pública contido no Plan Económico-Financeiro aprobado pola Xunta no 5/II/2009.

O procedemento de 'modificación' do proxecto substitúe o Estudo de Viabilidade preceptuado no art. 112.1 da Lei 30/2007 por un simple Estudo de Viabilidade Económico-Financeira previsto no aptdo. 6 dos mesmos artigo e Lei, facendo uso dunha excepción prevista no punto 6 do mesmo art. 112 : "A Administración concedente poderá acordar motivadamente a substitución do estudo de viabilidade ao que se refiren os apartados anteriores por un estudo de viabilidade económico-financeira cando pola natureza e finalidade da obra ou pola contía do investimento requirido considerara que este é suficiente

Agora ben a contía do investimento requirido comprometía unhas cifras descomunais de fondos públicos. O orzamento licitado polo SERGAS para o hospital ascendía a 374.371.630 € (con IVE). O importe previsto dos canons a pagar anualmente durante 20 anos á concesionaria (por alugueiro do edificio e por servizos non clínicos, pois que os clínicos correrían a cargo do SERGAS) ascendía a 1.414.067.091 € (co IVE) -dos que 659.561.032 € serían o 'canon de construción' ou alugueiro do edificio construído pola concesionaria.

Á vista do devandito acerca da natureza e finalidade da obra e da contía do investimento, resulta evidente que, no proxecto do NHV, de ningún xeito se daban as dúas condicións requiridas polo art. 112.6 para eludir a realización do estudo de viabilidade completo coas condicións esixidas nos aptdos. 2 e 3 dese mesmo artigo.

E modifica o Plan Funcional e a Ordenación Integral da Area Sanitaria operando unha drástica redución do proxecto hospitalario aprobado pola Xunta no 12/11/2009. En número de camas pásase de 1.465 a 845. Os quirófanos pasan de 35 a 24. A superficie construída hospitalaria redúcese en 15.423,23 m2 e a superficie de aparcadoiro en 16.173,70 m2.

Pero o relevante é a capacidade asistencial para a área sanitaria que proporciona o HAC, que foi deseñado para picos asistenciais de entre 800 e 1.000 urxencias hospitalarias - día. Un hospital que foi deseñado para aumentar a oferta de camas hospitalarias a 2.000, tal como explica a páxina 2 da 'Memoria Xustificativa da Dirección de Recursos Económicos do Sergas', de 8-04-2010: "O Novo Hospital de Vigo formará parte do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo que contará con máis de 2.000 camas". Un hospital que carece de laboratorio central, que reduce as camas da área proxectadas de 2.000 a 1.260 e deseñado cunha bicefalia público-privada... que é incapaz de cumprir cos retos para os que se deseñou.

Desde a súa apertura e apresurado traslado, o HAC demostrou sobradamente a incapacidade para satisfacer as necesidades públicas para as que foi creado. Máis de 200.000 cidadáns, saíron ás rúas de Vigo para esixir un Hospital Publico. As organizacións sindicais dos traballadores sanitarios así como o comité de empresa denunciaron sistematicamente a disfuncionalidade da bicefalia público-privada. Despois foron os Xefes de Servizo os que esixiron cambios profundos no modelo de xestión e dimisións políticas. Por último, case 400 médicos asinaron unha carta para esixir un hospital plenamente público.

En setembro de 2015 a Asociación Para a Defensa da Sanidade Publica presentou unha denuncia en Bruxelas por vulneración das directivas comunitarias en materia de concesións na licitación do HAC.

Constitúen os fundamentos xurídicos da denuncia interposta perante a Comisión da UE pola

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



*Asociación pola Defensa da Sanidade Pública en setembro do pasado ano 2015 os seguintes:*

*O que regula a contratación de obra pública e mais a contratación de obra pública con concesión do dereito á súa explotación (Directivas 2014/23/UE e 2014/24/UE do Parlamento e do Consello europeos, en relación coa 2004/18CE).*

*O que define a Axuda de Estado ilegal por infrinxir o Tratado de Funcionamento da UE (TFUE) no seu art. 107.*

*O que establece a disciplina orzamentaria imposta polo Pacto de Estabilidade para os estados integrados na Unión Monetaria ou 'zona euro' (art. 136 TFUE).*

*A normativa SEC 2010, particularmente na regulación establecida polo Regulamento UE 549/2013.*

*O Grupo Parlamentario de AGE expuxo unha Proposición Non de Lei na que se adheriu á denuncia da Asociación propoñendo o rescate do Hospital para o SERGAS, isto é, instando para que o Parlamento de Galicia esixa o rescate do HAC á Xunta de Galicia.*

*Ese rescate realizaríase mediante a adquisición da Sociedade Concesionaria, adquirindo as accións subscritas polos socios e adquirindo os préstamos que os socios lle fixeron á sociedade concesionaria. Ambas as cantidades, deducidas das contas anuais da SCNHVSA, suman 69.000.000 euros. É dicir, con ese investimento rescataríamos o canon construtivo do HAC que ascende durante 20 anos a 659.561,032 euros. Esa renda futura ten un valor actual de 543.199.979 euros, importe que podería ser adquirido indemnizando aos socios polo investido -69.000.000 6- e mesmo aboándolles xuros polo capital investido nestes 4 anos.*

*Por todo iso a Proposición non de Lei, na súa parte dispositiva propón:*

1. **Rescatar** *o Novo Hospital de Vigo 'Alvaro Cunqueiro' pola seguinte vía:*

1.1. **Adquirir** *por medio de calquera dos seus organismos ou empresas públicas (IGAPE, SODIGA, SPI, GALARIA, etc.) a totalidade do capital social da SCNHVSA* **no importe de 31.523.000 €.**

1.2. **Adquirir** *por medio de calquera dos seus organismos ou empresas públicas (IGAPE, SODIGA, SPI, GALARIA, etc) a totalidade das achegas complementarias por vía de crédito que realizaron os socios á SCNHVSA* **no importe de 38.004.303,87 €.**

1.3. **Liberar** *de calquera aval, fianza ou responsabilidade prestada á SCNHVSA polos socios saíntes, subrogándose naquelas calquera dos organismos ou empresas públicas (IGAPE, SODIGA, SPI, GALARIA, etc).*

1.4 **Incrementar** *os importes indicados nos puntos 1.1 e 1.2 anteriores satisfacendo un xuro de mercado polo tempo que mediou desde o seu investimento polos socios até o seu reembolso pola Xunta de Galicia. Para ese efecto podería constituír 'xuro de mercado'* **o tipo de xuro fixado no contrato concesional no 2,5 %.**

2. **Informar a este Parlamento** *sobre a asistencia financeira prestada á concesionaria SCNHVSA fronte ás diversas entidades bancarias, en especial o BEI e así mesmo en especial as garantías propias outorgadas sobre o financiamento contratado.*

Sr. Paulino: Bueno, non parece que rescatar un hospital que en un principio va a custar 1.414 millóns de euros ao herario público (....) rescatar a un hospital de referencia como é o Álvaro Cunqueiro da forma na que está funcionando a sanidade pública, a obstrución da sanidade

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



pública entre outras cousas, así como a educación, coma todo o público que está agora bastante demonizado, só temos que ver como se produciu o transvasamento de pacientes da pública á privada neste ano cando se abriu a apertura de poder pedir si queremos ir á pública ou a privada. Este ano houbo un incremento, un colapso para ir á sanidade privada de hospitais públicos de referencia, indica claramente como se puxo en funcionamento o Álvaro Cunqueiro.

*Por todo o anteriormente exposto e polo que o Grupo Municipal de Gondomar Concello Aberto solicita que, tras o seu debate, a aprobación polo Pleno desta Corporación Municipal do seguinte*

*ACORDO*

1) ***Que a Corporación Municipal de Gondomar se sume á denuncia ante Europa da Concesión privada do HAC realizada pola Asociación para a defensa da sanidade pública;***

2) ***Que se sume á petición parlamentaria de rescate da concesión.***

3) ***Que se dea traslado desta Moción ao concellos integrantes da Mancomunidade do Val Miñor para que, de selo caso, rexistren iniciativas similares de adhesión.***

**DELIBERACIÓN**

Sr. Alcalde: Grazas Sr.Paulino del Río. ¿Alguén pide a palabra? Sr. Guitián, ten vostede a palabra.

Sr. Guitián: Grazas, simplemente para comentar o meu voto, que vai ser en contra.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Guitián, Sr. Gómez.

Sr. Gómez: Simplemente para anunciar o noso voto que neste caso, vai se a favor.

Sr. Alcalde: Grazas. ¿Non hai máis peticións de palabra?

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

**VOTACIÓN E ACORDO**
**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 11 votos a favor: 3 do Grupo Municipal do PSOE, 2 do Grupo Municipal I.X.G, 3 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, 3 do Grupo Municipal de Manifesto Miñor; 04 votos en contra: do Grupo Municipal do PP; e 01 abstención; da concelleira Dna. Nuria Lameiro Salgueiro, por non estar presente no momento da votación, acorda aprobar esta moción relativa á REVERSIÓN AO PUBLICO DO HAC**.

Sr. Alcalde: As seguintes mocións xa son de carácter de Urxencia,que temos que someter a votación a súa urxencia seguindo de número de orden co rexistro de entrada e... temos...

**8.g. MOCIÓN DE URXENCIA: Moción de data 05.04.2016 presentada por D. Antonio Araujo Quintas, concelleiro da Corporación Municipal de Gondomar, membro do Grupo**

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

**Municipal Gondomar Manifesto Miñor (con data de R.E. 05.04.2016) relativa a PECHE DA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE MOREIRA-MAÑUFE.**

Sr. Alcalde: Ten a palabra o Sr. concelleiro para xustificar a urxencia desta moción.

Sr. Araujo: Grazas alcalde. A urxencia é evidente porque (...) indica que a intención da Xunta é de pechar esa escola. Estamos como quen di, non me atrevo a dicir ao remate do curso. porque practicamente está rematando o curso e eu creo que precisamente agora cando se están facendo (...) pero bueno as reservas de matrícula e todo isto, cando a xente se anima a facer as reservas de matrícula, pois si alguén anuncia que esa escola se vai pechar evidentemente pode ser un elemento disuasorio para que a xente non se matricule no mes de xullo e por tanto se peche a escola, entón consideramos importante que almenos a Consellería como responsables en última instancia de pechar esta escola, teñan a opinión da Corporación Municipal, si pode ser unánime, unánime pois mellor, sería un pouco así. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Concelleiro. É xustificada a urxencia desta moción.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta moción de urxencia a votación ordinaria co seguinte resultado:

<u>VOTACIÓN DECLARACIÓN DE URXENCIA E INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA</u>
**O Pleno da Corporación municipal, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes ratifica, de acordo co disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a urxencia e a inclusión na orde do día da proposta que presenta o concelleiro Antonio Araujo Quintas relativa a "Peche da escola de educación infantil de Moreira-Mañufe.**

*Antonio Araújo Quintas, veciño de Gondomar con domicilio na Avda. do Conde n°21, e DI n°36.032.724G, na súa condición de concelleiro membro do grupo municipal de Manifesto Miñor, presenta ao Pleno para o seu debate e, aprobación se procede, a seguinte* **MOCIÓN URXENCIA :**

***PECHE DA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE MOREIRA -MAÑUFE,***

*As escolas infantís ubicadas nas diferentes parroquias de Gondomar veñen cumprindo dende hai moitos anos unha función educativa, pedagóxica e social dun valor e dunha calidade incuestionables e fóra de toda dúbida. É precisamente esa ubicación no medio e na conforma máis próxima aos nenos e nenas a que lle dá un carácter de escola rural de grande calidade e doada adaptación á mesma do alumnado máis novo.*

*Desgrazadamente, a baixa natalidade e o despoboamento do rural galego, entre outras razóns polas poucas axudas de todo tipo para fixar poboación nas zonas ruais do País, os recortes no ensino público, e por conseguinte as poucas facilidades á hora de escolarizar aos nosas fillas e fillos máis pequenos, trouxo como consecuencia nos últimos anos o peche de varias escolas infantís no rural de Gondomar pola falla de alumnado.*

*Agora a Consellería de Educación vén de lle anunciar ás nais e pais da Escola Infantil de Moreira-Mafiufe, o peche da mesma por ter unha previsión de matricula para o curso 2016-2017 de só cinco nenos e nenas.*

*Como queira que estamos falando dunha previsión de matricula que pode aumentar tanto para o curso que vén como para os seguintes, e como tamén sabemos pola*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



*experiencia que unha vez pechada a escola xa non se volverá abrir, e sobre todo, porque unha escola con cinco alumnos é viable pedagoxicamente.........por non falar dos trastornos para as nais e os país e o alumnado que estarían perdendo un ensino de moitísima calidade e integrado no seu medio.......*

Sr. Araujo: Ben, a moción, a ausencia explica perfectamente a moción, eu simplemente dicir que cando unha escola se pecha non se volve a abrir, e aí é onde está o perigo non. Tamén dicir que cando... pechar unha escola cando, onde son necesarias ou son útiles, non, é un acto cando menos impropio non, dentro dunha sociedade moderna, se nos pretendemos ser unha sociedade moderna, as escolas son necesarias, son máis necesarias que nunca polo tanto, eu creo que argumentar como pretende argumentar a consellería que sempre fai como expliquei antes incluso como argumento disuasorio non, de que non hai nenos de abondo, pois non vale, é un argumento tramposo e que non debemos caer neso non, polo tanto eu creo que en todo caso si non hai nenos e nenas que non nacen, senón se a xente nova non ten fillos será porque hai outra, hai outros problemas non, e ao mellor a Consellería de Educación tería que preguntarse porque non hai nenos, e non hai nenos nas escolas porque a xente moza que está en idade de ter fillos ten que emigrar por exemplo ou non ten condicións de estabilidade laboral, vivencial, vivenda..etc. para poder ter fillos en condicións, e desgraciadamente, a xente nova segue emigrando neste país, para alegría de algúns que logo din que baixan os impostos, o paro e non fan nada e realmente a xente está emigrando. Ben, o que se pide na moción e paso a parte peticionaria explicado isto, é que..bueno e tamén dicir que as previsións de matrícula hoxe poden ser menos pero poden aumentar o ano que ven, dicir que isto...
Tampouco é unha cuestión física hoxe pode haber cinco nenos pero para o ano que ven pode haber dez. Ben.........

**PROPOÑEMOS O SEGUINTE:**

***O Pleno da Corporación Municipal de Gondomar, acorda dirixirse á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para lle instar a que renuncie ao peche anunciado e manteña aberta a Escola Infantil de Moreira-Mañufe.***

**DELIBERACIÓN**

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Araujo, ten a palabra Sra. Durán. Grazas.

Sra. Durán: Con respecto a esta moción, mantemos que o noso voto volve ser a prol, e queríamos bueno, pois facer un papel que o Goberno anterior leva pois vinte anos nos que apostou por esta escola unitaria e na que se fixo unha inversión moi importante para mellorar a cuberta, lle cambiaron o tellado polo tanto (....) pero me refiro a eses datos como concelleiro Sr. Araujo está falando das previsións (...) entendemos que para o próximo curso que é o 2017-2017 se quedan con cinco, cinco cativos, quedan soamente cinco pero non se sabe aínda (...) sen saber como vai ser para o seguinte curso que é para o 2017-2018, o digo porque si que se fai un pouco (....) pero sen embargo que haxa expectativas ou bueno (...) e polo tanto poda aumentar esa matrícula. Un pouco xulgando os datos e polo que tamén saíu na prensa, pois se falaba (....) entón pode baixar e dando un pouco a entender como que entonces pero bueno, ao mellor hai nenos ou nenas que son da parroquia (.....) pero que as familias queren que se faga mellor a matrícula directa, non queren gastar o diñeiro, entonces pero bueno (....) dígoo porque por exemplo na parroquia de Chaín, na escola unitaria pois máis dun curso pois tiveron que tirar de cativos da parroquia de Morgadáns un pouquiño para (....) dar un mínimo que é o que pide a Consellería, e eu creo que (....) temos que facer (...) para que non se peche, pero hai

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



que ter eses números para poder saber que é o camiño que lle imos presentar á Xunta pois para dentro de dos cursos.(..........)

Sr. Alcalde: Grazas Sra. Durán, Sr. Gómez, ten vostede a palabra.

Sr. Gómez: Nós e o noso grupo I.X.G (...) por suposto que vamos a votar a favor desta moción (..........) nos colle por sorpresa que se pretenda cerrar (....) pero bueno como todas que (....) nome de toda a Vila (....) tan grande como Galiza con preto de (....) habitantes eu creo que pois si, que efectivamente este ano hai solo cinco nenos, pero aínda que non teño os datos feitos así, pero bueno ao mellor vostedes os teñen, si que se teñen menos nenos (...) pero a maternidade eu penso que se non é en dous anos, é en tres ou....... (....) si si queren hai un montón de.. hai un montón de nenos pequenos e....o que non podemos permitir é que se cerren como dicía o Concelleiro Sr. Arauxo. Si se cerra xa non se volve a abrir, porque hasta agora todas as que cerraron non se volveron a abrir algunha, entonces temos que facer toda a forza entre todos, toda a corporación, desde o goberno, todas as forzas para que non se cerre este colexio porque é necesario, é o que dicía, co noso grupo (..) non hai máis, non hai ningunha duda de cal vai ser a proposta. Nada máis. Grazas

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Gómez, Sr. Pauliño del Río ten vostede a palabra.

Sr. Pauliño del Río: Grazas Sr. Alcalde, o voto de Gondomar Concello Aberto vai ser a prol da moción. Falábamos antes da Sanidade e agora falamos de Educación, e é curioso como hai determinados políticos e determinadas tendencias políticas que consideran os gastos, como gastos a educación e a sanidade pero no son gastos, é investir, é investir na xente e é curioso a..e.. non sei, chama a atención que cando imos empezar a que nos sangre pola renda agora saen co tema de todos os camándulas que rouban e se van a paraísos fiscais e agora pois resulta que igual nos veñen con unha medida economicista de que hai que pechar unha escola unitaria porque neste momento hai cinco nenos, pero da mesma maneira que pasaron de dez nenos que había no curso, agora va a pasar a cinco nenos, non sabemos o que va a pasar no curso seguinte, e iso é un investimento que hai que facer e ao mellor non é nesta matrícula porque, si se di que se va a pechar, a xente xa non matricula aos nenos e ás nenas nesta escola, busca outra unitaria ou busca outra infantil que lle dean esta estabilidade, entón este tipo de noticias propician a non matrícula nese centro, e iso é delicado, polo tanto nós vamos a apoiar isto evidentemente pero tamén nos gustaría saber si o concelleiro e educación ten algunha noticia oficial por parte de Xunta, por parte da Inspección, do Xefe territorial sobre si este é un feito oficial, e si xa se lle deu comunicación ao Concello de que a partir do curso que ven, se vai a pechar. Queremos saber si hai algo sobre que, dependentemente deste... deste apoio da moción queremos saber si efectivamente a Xunta xa comunicou ao Concello de Gondomar que quere pechar a escola de Mañufe e se iso é así que medidas parten do apoio unánime, supoño que da corporación, que medidas ten pensado o goberno (....) o que vai facer. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Pauliño, lle vou a contestar porque nos tamén por suposto vamos a apoiar a moción, é mais, xa cando tivemos constancia deste feito, o goberno xa tivo claro desde o minuto cero de que había que apoiar á Unitaria de Mañufe e automaticamente o primeiro que fixemos foi remitirlle un escrito ao Xefe Territorial de Educación dende o Concello asinado polo Alcalde, dicíndolle ademais, pedíndolle explicacións sobre a oficialidade ou non de este bulo ou esta comunicación que saía en prensa. Non nos contestaron aínda porque eu esta noticia tívena pois... non sei...hai cousa de días, por unha nai que se acercou a Alcaldía a trasladarme esta nova. Falei con ela e automaticamente xa nos puxemos en marcha, e sen embargo como xa incidiu ben neste xeito había.. se había emprazado a unha xuntanza co Xefe Territorial e o Alcalde dende antes de semana santa para facer unha Xuntanza Educativa

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



,que por certo adianto celebramos hoxe pola mañá ás doce horas, onde estaba presente o Xefe Territorial de Educación, a Inspectora de Educación, o Concelleiro Juán González de Educación, o Alcalde e dúas persoas máis pero sobre este tema non influía para nada, sobre outro si que logo falaremos,e..... quixémoslle adianto saber, que desde o goberno estábamos apoiando sen dúbida algunha, manter a Unitaria de Mañufe, de Moreiras, iso xa llo adiantamos, e que íamos a pelexar para que así fose, dentro dos canles de legalidade obviamente. Entonces eu creo que, o debo dicir aquí, esta é unha información pública que a xente demanda e eu non quero tampouco, que non quero que pensen que con isto, estou xustificando o peche nin moito menos, eu quero ser aséptico e trasladar simplemente o que dixo alí a Inspectora de Educación e o Xefe Territorial ao respecto, pero isto que non se malinterprete de que ao final, eu parece que estou facendo unha defensa a ultranza nin da Consellería nin de o peche o traslado porque creo que alí cito ademais, a cidadanía o coñece, alí se falou, traslado os feitos pero non os comparto non , entonces se nos dixo co día 29 de marzo, rematou o peche para solicitar as matrículas, polo tanto estes saen a pública, saen ao público despois do 29 de marzo, que xa non se podía elixir colexio, un pouco contestándolle ao que vostede a min me preguntaba non, entonces o 29 de marzo e se atopan, a inspectora se atopa, que en ese colexio solo van a quedar tres nenos aí, e deses tres nenos cando fan a solicitude, dous deles poñen: a elixir o colexio de Moreiras como opción 1, como opción 2: o Chano Piñeiro e como opción 3: o Souto-Donas, piden eses tres colexios pero priorizan sobre o colexio de Mañufe, e quedan eses tres e.... están elixidos ou sexa poden estar en calquera colexio dos tres, poden elixir eles, polo tanto xa é un pouco á vontade. Pode pasar, pode pasar que un pai ou unha nai elixan o Chano Piñeiro ou o Souto-Donas e quedarían dous, ou que as dúas elixan, e quedaría un, eses tres están así nesa situación e despois hai dous nenos que fixeron matrícula tamén novos, e fixeron a matrícula como colexio de preferencia o Moreiras, despois o Chano e despois o Souto-Donas, e eses son os cinco que hai, que deses cinco catro poden bailar por así dicilo para que así me entendan, poden acabar no de Mañufe, poden acabar no Chano ou poden acabar no outro, si eles consideran, é unha potestade que teñen, entonces si entendemos que os cinco se quedan, habería cinco nenos aí. Eles din que a ratio son seis, hai que ter seis para manter o colexio, e incluso tendo seis, que a consellería atendendo a unhas características moi particulares incluso pode pechar o colexio, é dicir si hai un colexio a un km como é o Chano Piñeiro ou calquera outra característica de ese tipo tamén terían xustificación para facelo. Ben, ese é o que nos trasladan, digamos a biografía dos feitos. A inspectora de educación o que dixo é, que unha vez que tiña estes datos, eu que conste que o digo, que eu son claro é, teño moitos defectos pero procuro non dicir cousas que non son certas, e alí se dixo, se dixo, non estaba eu só, había máis, eu non quero dicir si é así, si é certo ou non. Se dixo que el, que a inspectora que falou con todas as nais, iso dixo, as chamei unha a unha, me perdoen si é mentira ou non, eu digo o que dixo, non comparto e plantexoulle o tema de irse a outro colexio, ao Chano Piñeiro ou así, segundo as súas palabras, isto é delicado porque sempre se queda eu non o dixen, díxeno, pero alí tamén estaba o concelleiro e había máis xente, que había algunha nai que incluso estaba disposta a elixir o Chano Piñeiro polo ben dos seus fillos porque pedagoxicamente entendía que prefería que estiveran nun colexio máis integrado, onde houbera incluso alguén de apoio de psico.. psicomotricidade, que houbera comedor, etc.. que é mellor quedarse aí, bueno eu eso deixo aí, iso foi o que se dixo. Entonces oficialmente non hai nada, a nós non nos mandaron nada ao concello, nos xa llo pedimos por escrito,que nos fixeran, que nos fixeran un plantexamento desto, si o van a pechar, ou non o van a pechar,etc. Non temos constancia oficialmente, como concello podemos manifestar a nosa repulsa, estar en contra, implicarnos que eu penso estamos facendo aquí todos na Corporación polo que eu miro de ir instando á Xunta de que manteña ese colexio como sexa (...)que non cambien a realidade, eu o que van a facer non o sei, eu pedinlle, trasladeille en nome de todos os veciños e a corporación, que o deixaran estar, e tamén lle pedía que nos trasladara si puidera un índice demográfico dos nenos que se prevén que puidera haber matriculados para o ano que ven porque é o que din vostedes, ao mellor este ano temos cinco

nenos, e ao mellor para o ano hai doce, eu enténdoo e seino ademais porque este ano, é un ano malo por así dicilo en todos os centros en Gondomar, digamos que baixaron máis de 125 nenos, é un ano malo, eu en outro colexio sei que 80, non é aquí,é en Vigo e...houbo é dicir é un ano que é un baixón de nenos matriculados, non sei si para o ano seguinte isto pasa, e que nos trasladaran un pouco esa estatística para ter esa xustificación porque eu tamén lembro e teño que decimo, que este problema xurdiu anteriormente no colexio Vilaza, que tamén ía a pechar, e ao final pois unha nai decidiu non mandar ao neno a Vilariño que é onde o tiña, e traelo a Vilaza. Aguantamos o colexio, e hoxe, eu aínda estiven o outro día alí, hai doce nenos, é un aula que está funcionando moi ben e hai doce rapaces. Entonces nesto tamén hai que ser serios, nisto e eu imos, traslado a toda a Corporación e á veciñanza o que alí hoxe se falou, ratio de seis, cinco nenos con posibilidades de que de cinco igual quede un, salvo unha nai que dixo que si ou si, quere o neno alí, as demais que bueno..., que tal...., eu isto como se soe dicir, vendo polo que me custou pero creo que debemos sabelo é ademáns eu sei o que pido, estamos aquí publicamente, estase gravando e hai que ser serios obviamente, e isto é o que pasou, que nos darían contestación. O escrito está mandado, esta moción vaise aprobar, se lle vai mandar tamén e..... estamos en esa tesitura todos e eu creo que vogando na mesma dirección, entonces iso é o que eu lle podo dicir señores voceiros, si me queren comentar algo máis, preguntar que ao mellor a min se me quede..atrás, si Sr. Paulino.

Sr. Paulino: Ben, eu en principio gustaríame que á excepción polo ben, pola claridade e polo ben tamén das familias, que non a dean, que diga claramente o que hai.

Sr. Alcalde: Eu ahí xa non me meto

Sr.Paulino: Non vamos a ver, eu (.....). En segundo lugar é evidente, o que dicía antes sen saber isto que acaba de dicir, é evidente que cando se crea incerteza, evidentemente as familias se retraen pero vostede acaba de dar uns datos, que si eu non entendín mal, dos cinco posibles nenos ou nenas que van a ir, o primeiro cole que piden é o de Moureira, o primeiro si, si polo tanto, é posible que eses cinco queden aí despois o (...) que ao mellor había que preguntarlle tamén á Xefatura Territorial si o Chano non va a estar tamén petado, si o está tamén sería interesante sabelo.

Sr. Alcalde: Non, Non está

Sr. Paulino: Non está, iso é o que vostede sabe

Sr. Alcalde: Díxoo tamén hoxe, que teñen, contemplan esas prazas, vamos a ver....eu quero, eu sei que hai xente que ao mellor non lle está gustando o que eu digo pero enténdaseme ¿eh?, eu traslado o que dixen........ a ver eu dixen aquí, que trasladaba a información que recibín, agora si... eu non vou a...., eu non lle podo dicir ao Sr. Paulino...vostede di... di que a inspectora non marea a perdiz, iso é unha valoración que eu tamén a podo compartir, pero iso é obvio, hai cousas que o que diga... o que poida dicir a inspectora, si está mareando a perdiz, sino eu non a estou defendendo nin á comunidade educativa, nin á inspectora, nin o Xefe Territorial, estou trasladando uns feitos obxectivos a un problema concreto, dunha maneira aséptica, é que a min non teñen que convencerme eu son o primeiro convencido e saben ademais que a primeira persoa que me trasladou esta noticia, eu lle dixen que me ía por de inmediato a ese tema e xa nos puxemos, e vos temos estes datos e...eu non entro si a inspectora é boa, si falou, eu digo o que dixo, entonces eu...

Sr. Paulino: Eu, eu non falo da inspectora, falo da Xefatura Territorial que é o que ven, quero que me diga vostede, cómo se pode (...) gastar un mes no tema dende dúas ópticas totalmente opostas, unha é dicirlle as familias: si matriculades aquí aos cinco nenos isto non se pecha, e a

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



outra é dicir: coidado con matriculalos, que igual se pecha. A situación é radicalmente distinta, entón iso é o que nos teñen que dicir, o prazo de matricular rematou, vostede contaba (....) aquí a consellería ten que saber o que hai, o resto dos centros tamén terán que facer a súa composición de lugar para a matrícula do ano que ven, e para a admisión dos nenos e nenas, e polo tanto, canto antes lle contesten a vostede dicíndolle; mira vaise pechar ou non, canto antes, dende logo mellor, eu non teño nin idea da inspección e como tal dígolle que as veces, en este tema, bueno depende de como plantexamos os temas, así funcionan o no funcionan, entón eu creo que agora, isto saíu nos medios, hai unha preocupación evidente, hai un apoio unánime da corporación municipal para que isto non se peche, hai un apoio do goberno, hai unha moción presentada por un membro do goberno e hai un apoio do alcalde, malo será..

Sr. Alcalde: Eu espero que teñamos todos razón e que non peche. Se hai cinco alumnos que teñen a posibilidade de quedarse porque o pediron, eu non digo que si hai cinco alumnos que teñen a posibilidade de elixir colexio, e nos metemos en que si a ratos son cinco, son seis e eles queren pechar,queren pechar, nos aquí imos a estar preparados para o que faga falta, faltaría máis, pero eu traslado isto como a min me chegou, digo non me teñen que convencer de nada desto, é dicir pola miña parte, non vai a quedar e nin quedou, iso xa se deron os pasos, se mandou un escrito, se falou co Xefe Territorial, se lle fixeron estas preguntas, se lle sacou esta información e claro, esperaremos expectantes a ver o que fan pero iso non quere dicir, que nos quedemos quietos de brazos cruzados, eu creo que agora si adoptamos este acordo, mañá farémoslIo trasladar a quen corresponda, ao Xefe Territorial, ao Conselleiro, ou ao ministro e nos dirán o que pasa e bueno eu son o primeiro en dar o primeiro paso obviamente, e estar ao lado de.... das familias, e non é demagoxia, se queren o colexio, me parece perfecto, vamos a intentalo todos de estar todos a unha e máis non se pode pedir. Neste sentido coincidimos todos, todas as forzas políticas, ímoslIo trasladar e vamos a estar atentos a ao que pase, ao mellor queda simplemente en un pequeno, en unha pequena intentona de cerrar que non o van a conseguir, iso espero.
Si Sra.Durán, ten vostede a palabra.

Sra. Durán: Si Alcalde, simplemente un pouquiño na liña no que se comentaba que por parte da inspectora se di que hai cinco non (.....)que si se plantexa como que en vez de (....) de dicir quedan un, quedan dous, quedan tres, si se plantexou a posibilidade dalgún traslado (....)algún traslado de matrícula pero ao mellor hai que convencer (...)

Sr. Alcalde: Non, non se tratou porque eu tampouco podo ir alí..... e intentar...

Sra. Durán: O digo, por que ao final o tema de que eran cinco (.......) que marcan como primeira opción a Mañufe......por...hai que buscar ou esa opción......porque é dicir unha vez a opción de poder (...) si mantéñena... que é ter un mínimo que son cinco....(....)

Sr. Alcalde: Eles....Eu con isto quero ser moi escrupuloso porque.... se da ao mellor a malos entendidos ¿eh? A min....moitas veces é unha subxectividade, ao mellor eu interpreto da conversación unha cousa (...) tamén, nós o que ao final interpretamos é que eles sempre nos poñen que hai tres nenos porque os outros dous que pediron, se van mellor ao Chano Piñeiro. Eu non sei si...si falaron con eles, si no, pero o que nos dan a entender, e sempre nos falan a poder ser de tres, inda que hai dous máis que pediron como...pero..aí o deixo, eu claro, eu non lle podo plantexar de traer un neno doutro sitio porque iso quen o poden decidir son os pais, eu podo dicir que en Vilaza cando.....e é unha parroquia onde eu vivo, se fixo pero acordáronmo os pais; mira deixo o neno en Vilariño....., deixo quedar aquí...., entonces isto non pecha e unha nai pois o fixo por iso, claro si hai alguén obviamente que o quere facer, pois xa de algunha maneira eu creo que lle rompemos un pouco o discurso, porque si nos metemos na ratio de seis, non sei que van a buscar para tal, eu creo que eles ao mellor, isto é unha valoración miña

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

vaia por diante, lle gustaría ter tres e non cinco, porque entonces sería máis fácil entender o peche ou no, pero claro nós ahí non podemos... eu creo que isto...eu estou disposto a sentarme cos pais, eu e calquera dos que estamos aquí, contrastar información, valoralo, volver a pedir outra xuntanza...e non sei, esto..eu creo que estamos todos de acordo, podemos estar falando aquí, pero non vamos a avanzar, porque hai que esperar, esperar a ver que pasa. Sra. Durán..

Sra. Durán: (......) ao mellor, pero non sei si se da (......) as primeiras opcións Moreira e co a opción do traslado había algún neno ou nena que (....) como segunda opción creo que era..(....) alguén que marcou Souto-Donas como Chano Piñeiro e aí aparece como segundo, como segunda opción, e a iso me refiro (....) si se fixo un estudio (...) de que nenos ou nenas de Mañufe que están (........)que é unha decisión ao final que non se lle pode impor a ningunha familia (.................)

Sr. Alcalde: Grazas. Pídeme a palabra o Sr. Concelleiro de Educación Juan González, ten vostede a palabra.

Sr.Juan González: Grazas Sr.Alcalde. Era para reincidir un pouquiño no que contou Carmen, que o explicou moi ben, empezando na mesma reunión, explicou perfectamente o sentir que alí se percibiu, e por desgraza eu teño que dicir que o Xefe Territorial nestes momentos, está pola labor do peche, en estes momentos (...) está pola labor do peche, eles falaban de tres alumnos e nunca nos falaron de cinco, falaban de tres, que falaron con todos os pais, non sei si é verdade ou si é mentira, pero si que insistiu en varias veces......perfecto....nos, nos transmitimos o que noso (......) entre as dous e as tres da tarde que estivemos alí, e incluso a inspectora dixo que unha nai que non quería ir para o Chano Piñeiro de ningunha das formas, non sei si tiña algún problema con alguien, que non quería ir, entonces que ela pedía ir para (.....) Peitieiros entonces hoxe antes de saír para o pleno, nun correo electrónico entrei nuha convocatoria dun consello escolar que vou a ler que é moi cortiña do (...) que di así: Pola presente convócase a González Rodríguez D.Antonio a unha reunión do consello escolar deste centro con carácter de (...) ou de lugar que se detallan a continuación; carácter extraordinario acta 19 de ...... de 2016...17 Lugar: Sede Administrativa........

1- Posibilidade de modificación do horario do centro, á petición de Inspección, como vai tamén corroborar o Alcalde, comentounos a inspectora que falara tamén co colexio de Peitieiros polo tema do traslado, dun posible traslado de alumnos, que porque si non podían estar alí, irían para o Chano Piñeiro. Entonces queren modificar alí o horario, e no consello escolar este, era o punto único para iso, entonces por desgraza en estes momentos a idea da Xunta é o peche, nos temos que forzar e loitar para facer o contrario pero esa é a realidade, ou sexa ratifico totalmente o que dixo o Alcalde (...), de acordo entón....Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Concelleiro. Ten a palabra Antonio Arauxo.

Sr. Antonio Arauxo: Bueno para rematar con este asunto, o cal (...) eu creo que nos non deberíamos andar neste momento na guerra de cifras de si hai tres, si hai catro, hai cinco, a nosa postura é: a escola de Moreiras non se pecha, punto. Non hai ningunha norma ni ningunha lei que diga que unha escola hai que pechala porque ten cinco nenos, hai escolas e houbo escolas, e sabemos incluso con menos nenos, e non se pecharon, polo tanto estamos diante dunha decisión política, que o delegado territorial é un cargo político igual ca nós, bueno igual ca nós non, porque nos somos elixidos e el é nomeado, polo tanto eu creo que o mellor que podemos facer dende esta corporación, e a mellor mensaxe, o mellor recado que lles podemos dar, tanto as nais e os pais do Moreiras-Mañufe e a Xunta de Galicia, é un

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



pronunciamento unánime desta corporación dicindo: non queremos que se peche a escola de Moreiras-Mañufe, e cando isto saia mañá nos medios de comunicación, tamén estou convencido que será o mellor argumento contra o argumento usado pola administración de peche, é dicir, cando os pais vexan que hai unha aposta seria porque esa escola continúe aberta, seguramente dirán bueno, pois iso xa non hai dúbida que aquí hai quen aposta porque iso estea aberto, polo tanto os nenos e as nenas, pais cos seus fillos van a ir aí, e o mellor pois igual hai que facer, temos que facer cada un no ámbito que lle toque, pois campaña...ou chamémoslle como queiramos de apoio a este tipo de centros, animando as familias, as nais e aos pais para que metan aos nenos neses colexios porque a calidade do ensino, non digo que sexa mellor nin peor que os outros colexios, pero dende logo, é un ensino diferenciado, de moita calidade que non podemos renunciar a él, polo tanto o mellor que podemos facer hoxe aquí, é digo eu, é apoiar unanimemente esta proposta e mandarlle o recado á administración, eso é a..., é o obxectivo primordial desta moción. Nada máis.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Araúxo. Sr. Gómez ten vostede a palabra.

Sr. Gómez: Vamos a ver, segundo o comentario do Sr. González, o Conselleiro de Educación, a cousa pinta mal, a cousa pinta mal pois bueno a intención é cerrar non, pero vamos a ver Sr. Alcalde, vostede dicía que estaba disposto a todo tipo de reunións e de traballos, para salvar o colexio de Moreira-Mañufe, porque vamos a ver, o que eu digo polo que están dicindo, que o Xefe Territorial e a Inspectora están xogando ao gato e ao rato ¿non?. As nais dinlle, a vostede, dinlle, que xa falaron coas nais dos nenos, e.....segundo eles non falaron, eu penso que si está disposto a reunirse con eles, as cousas ten que solucionalas, e como di o outro o toro hai que collelo polos cornos, vamos a ver coller, as nais dos nenos, o xefe territorial, a inspectora nunha reunión con eles, a ver si lle dixo ou non lle dixo, esa é a forma de solucionalas cousas cara a cara, e o colexio de Moreiras-Mañufe non se pode cerrar, hai que facer todo o posible para salvalo e as cousas fanse así, porque dicía antes... vamos a esperar, si esperamos, vamos a esperar a noticia de que o cerraron, non antes de que pase iso, reunión e aclarar as cousas, iso é o que pido por favor que fagan todos vostedes, para que non se cerre o colexio de Moreiras. Moitas Grazas, nada máis.

Sr. Alcalde: Bueno, isto de ser alcalde, sempre cae unha responsabilidade sobre un. É obvio evidentemente, e eu máis claro xa non podo falar. Eu xa dixen, que desde o primeiro minuto que tiven constancia a través dos pais desto, movín inmediatamente ficha, falei co xefe territorial telefonicamente, lle mandamos un escrito e hoxe nos xuntamos con eles. Eu non quero entrar no que dixo e tal, pero eu cría que era necesario que os.. dicirlle á veciñanza o que nos contan, eu o que me digan quédome co xusto, non quero tampouco agora andar aquí dixeron isto, dixeron aquilo, si é verdade ou mentira, nos temos aquí unha cousa, temos un tema moi claro...., temos un tema moi claro que é pelexar para que o colexio Moreiras non peche, tamén é certo que hai datos que nos faltan, preguntara antes el Sr. Durán, tampouco se trata de...Sr. Gómez, vostede, eu con isto non quero dicir que non teña razón, pero non se trata de coller aos pais, e eu de marchar alí a falar co Xefe Territorial e pornos todos alí, porque a ver non funciona, si a administración, ao Xefe Territorial hai que chamarlle, hai que quedar con el e hai que intentar levar as cousas, non entrar pola vía dentro todos e tal eu que quere si vamos hoxe mandámoslle un escrito, e eu son más partidario de mover os tempos de outra maneira, que aínda estamos a tempo, que non temos nada que nos diga que van a pechar, ao mellor fixeron unha intentona, cando teñan resposta por parte do concello, da corporación, das nais e todo isto, veremos como reaccionan. Non pasa nada, tranquilos que si veñen a pechar... pero tampouco é, veña vamos todos mañá alí, metémonos alí e tal, e no estamos facendo o que temos que facer que é asumir unha responsabilidade política dun pleno da corporación en apoio a un problema, mañá llo mandaremos para alá e teñan por seguro que seguiremos en contacto, a ver o que van a facer, e estaremos moi atentos, e si temos que marchar á

Delegación, a corporación, os pais e non sei que , xa o faremos, xa se fará pero eu creo que estamos aínda nuns tempos razoables, igual me equivoco, pero... veña, imos a... primeiro vamos a adoptar un acordo, un acordo aquí que é o importante, ímoslle mandar para que saiban cal é a nosa vontade e a nosa decisión política, e despois e... estaremos moi moi moi atentos ao que pasa...se non hai máis intervencións.....

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta moción de urxencia a votación ordinaria co seguinte resultado:

**VOTACIÓN E ACORDO**
**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a moción arriba transcrita.**

**8.g. MOCIÓN DE URXENCIA: Moción de data 05.04.2016 presentada por D. Paulino del Rio Iglesias, concelleiro da Corporación Municipal de Gondomar, membro do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto relativa a ACCESO AO CEIP SERRA VINCIOS.**

Sr. Alcalde: Ten a palabra o Sr.Pauliño para xustificar a urxencia.

Sr.Pauliño: Ben, a urxencia alcalde é, que levamos con este problema desde principios de curso, non se da solucionado o tema do acceso ao centro, hai unha problemática que require unha actuación inmediata, e hai unha problemática de fondo que hai que solucionar por tanto e hai un prazo que vostede mesmo deu, aquí no anterior pleno para ter feito unha serie de obras que vostede propuxo, e que non se levaron a cabo, polo tanto parece evidente que é necesario actuar, e actuar xa, actuar de dúas maneiras, unha nesa tema de urxencia, de solucionar o problema de inmediato, e en segundo lugar planificar para que antes do semestre, do seguinte curso escolar, estea o tema solucionado.

Sr.Alcalde: Votamos a urxencia da moción.

**VOTACIÓN DECLARACIÓN DE URXENCIA E INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA**
**O Pleno da Corporación municipal, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes ratifica, de acordo co disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a urxencia e a inclusión na orde do día da moción que presenta o concelleiro Paulino del Rio Iglesias relativa a "*ACCESO AO* CEIP SERRA VINCIOS"**

*Paulino del RioIglesias, concelleiro da Corporación Municipal de Gondomar presenta para o seu debate e aprobación se procede a seguinte*

*MOCIÓN DE URXENCIA: ACCESO AO CEIP SERRA VINCIOS.*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*Ante os repetidos incumprimentos do Goberno Municipal de Gondomar e do seu Alcalde, Sr. Francisco Ferreira a respeito da problemática xurdida no CEIP Serra Vincios e a súa falla absoluta de xestión para solucionar o grave problema de acceso e seguridade dos nenos e nenas que nel cursan os seus estudios,.*

*Ante a falla de respeto á comunidade educativa, as súas continuas faltas á verdade e cambios de opinión sobre as obras a realizar e as solucións a acometer. Levamos un ano perdido, en agosto do 2015 o Sr.Alcalde se reuniu con membros da ANPA, anteriormente xa o fixera co*

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

*Director do Centro. En setembro de 2015 o Sr.Ferreira solicitou para actuar un proxecto consensuado pola comunidade educativa "dádeme ese proxecto e logo eu actúo" dixo daquela.*

*En novembro de 2015, o día 10, celebrouse un Consello Escolar no CEIP Serra Vincios, no punto nº2 da Orde do día figura "2. Aprobación, se procede, do proxecto de peche do centro para remitir ao concello de Gondomar.. A este Consello Escolar asiste en representación do Concello, a concelleira Nuria Lameiro Valverde. O punto foi aprobado por unanimidade, así consta na acta redactada correspondente a esa sesión ordinaria do Consello.*

*O 11 de novembro de 2015, remítese escrito do CEIP Serra Vincios, con nº de entrada do Rexistro de Gondomar nº 000644, co seguinte Asunto "Proxecto de peche e xestión de acceso ao recinto do CEIP Serra Vincios". Destinatario: " Concellería de Educación A/A: Juan Francisco Ferreira González" , xunto coa que se achega a seguinte documentación "Proxecto de Peche", "Plano do Proxecto" e "Acta de aprobación polo Consello Escolar".*

*Ante a falla de resposta do Sr.Alcalde, que era naquela altura tamén concelleiro de Educación, se lle comunica de que a partires do 25 de xaneiro de 2016 non se permitirá acceso de vehículos ao recinto escolar, pola seguridade dos nenos e nenas. Feito que se produce ante a pasividade e pasotismo do Sr.Alcalde.*

*O 18 de febreiro de 2016 prodúcese unha asemblea da ANPA de Vincios onde se decide ratificar o consenso, darlle tempo ao goberno, so pedían un compromiso de que as obras se ían facer e un prazo, e se estipula este prazo para as vacación de semana santa, é dicir, darlle tempo ao Sr.Alcalde para actuar.*

*O día 2 de marzo a dirección do centro entrevístase co novo concelleiro de Educación Juan Antonio GonzalezRodriguez e o día 3 co Sr.Alcalde. Ambos ofrecen unha posible solución ao problema do peche comprometéndose a realizar unha obra parcial para mellorar o acceso ao centro nas vacacións de Semana Santa e esperar á obra definitiva, xa que non saben cando poderá realizarse. A obra parcial consistiría en trasladar o mesmo portal a unha zona máis próxima ao edificio e suprimir zona de xardín para o tránsito de vehículos.*

*No Pleno de marzo de 2016, na sesión ordinaria do día 3, o Sr.Alcalde ratifícase neste solución e comprométese a realizaras obras parciais na semana santa.*

*Ao día seguinte nas redes o Sr.Ferreira di "o problema ten as horas contadas" , e que "atrasaran o portalón da entrada principal varios metros para aproxímalo á porta do colexio e dotalo dun motor de apertura e peche e un vídeo porteiro financiados polo Concello", que "as obras serán acometidas por operarios municipais e que estarán listas á volta de semana santa", asegurando que "esta medida é a mesma proposta polo Concello vaj meses (sic)".*

*O 14 de abril de 2016 hai unha nova asemblea da ANPA do Serra Vincios onde se acepta a proposta do goberno de facer as obras parciais na semana santa.*

*Estamos en abril de 2016, pasou semana santa, e a problemática segue como igual. De novo a incoherencia e a falla de xestión, e agora ten a pouca lacha de botarlle a culpa ao luceiro do alba en vez de asumir e cumprir o seu propio compromiso . ("esta medida é a mesma proposta polo Concello vai meses (sic)").*

*Ante esta situación de ineficacia e ineficiencia, ante falla de compromiso coa comunidade educativa, cos pais e nais, co centro escolar e coa seguridade dos nenos e nenas do Serra Vincios que esta a xerar incluso un problema de convivencia no centro.*

*Ante mesmo os desplantes á comunidade educativa, o último, que nos tememos que non derradeiro, o producido o 17 de marzo cando manifesta o Sr.Alcalde e o concelleiro de educación que irían ao CEIP Serra Vincios co técnico municipal a partires das 12 da mañán. A*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



*dirección e dúas nais da ANPA estiveron de 12:00h a 14:00h agardando por esa visita que nunca se produciu e da que tampouco avisaron que non se ía a producir. Pasmoso.*

*Aqui hai un problema inmediato, que é o peche do recinto escolar que hai que disociar do problema máis de fondo que é o acceso rodado e que as familias podan con seguridade deixar aos nenos perto das súas aulas e ao mesmo tempo garantir a entrada e saída da escola. Dous problemas, porque as casuísticas son distintas porque evidentemente nunha se pode actuar con inmediatez e noutra non porque mire vostede Sr.Ferreira para actuar no colexio, o primeiro que hai que facer é falar coa inspección e coa Consellería de Educación,coordinación territorial porque é a titular dos terreos, vostede non pode alegar agora que desconocía este feito xa cando falou a primeira vez cos pai e co centro correcto non sei porque non o fixo e agora temos un problema pasou a semana santa pero evidentemente agora hai un problema inmediato que hai que solucionar que é a primeira medida de esta moción que é pechar ese cole,poñer un portal, dotalo de motor e con un video porteiro e que se solucione o problema da seguridade de centro, e depois tomar unha serie de medidas que xa vostede tuvo que tomar en setembro ou en agosto, coordinarse coa comunidade educativa, elaborar un calendario, ver que cousas son necesarias, ver que permisos hai que solicitar, coordinarse a súa vez coa consellería, ver que vai a pasar con esa actuación, ver quen vai a actuar ahí, ver si vai a actuar a consellería, ver si hai que revertir a zona que se pretende retranquear o portal para que unha vez revertidos os terreos ao concello poida actuar o concello, establecer un calendario, mirar que presuposto supón eso, mirar qué permisos fan falta, qué técnicos son necesarios y para eso hai que facer un calendario entre a comunidade educativa e vostede e ao mesmo tempo en paralelo hai que coordinar as accións súas do goberno municipal e as accións da consellería para tratar este tema e solucionalo e evindentemente o tema de fondo so se pode solucionar antes do comenzo do curso escolar.A acción inmediata que vou a ler a continuación creo que o concello municipal, que o goberno municipal podeo facer incluso mesmo que lle supoña un reparo (...)*

*Sr. Alcalde: vostede levantaba*

*Sr. Pauliño: No, eu non levantaba reparos e eu pagaba relixiosamente, pero mire, cando eu eu xa sei que vostede é especialista en botarlle a culpa ao resto (...)*

*Sr. Alcalde: Logo dígolle eu no que é especialista vostede*

*Sr. Pauliño: Non se preocupe, mire eu non sei si eu levantaba reparos, eu non levantaba reparos, pero mire eu non sei que problema terá vostede co reparo, porque na documentación obrante neste pleno, na factura hai uns documentos xustificativos de gastos, documentos xustificativos de gastos que curiosamente se levantan (....) de intervención que son por un valor de 120.000 euros, na... referencia nº 216 aparece como referencia 216 o seguinte concepto: substitución porta despacho Alcaldía y mueble auxiliar. Importe líquido 1.803,28 euros*

*Sr. Alcalde: uh que (...) leveino para a miña casa.*

*Sr. Pauliño: iso está aí, iso está aí y despois vostede fala de reparo, díxenlle no anterior pleno que estaba, ía a conseguir a ineficacia e a ineficiencia do anterior goberno e a tarefa era complicada pois pasou o listón sen despeitearse 1.803 euros por unha porta da Alcaldía e logo falamos de reparos de intervención, ben dito isto sr. Alcalde, eu estou seguro que vostede vai a apoiar a moción, espero que a apoie.*

*Por todo o anteriormente exposto e polo que o Grupo Municipal de Gondomar Concello Aberto solicita que, tras o seu debate, a aprobación polo Pleno desta Corporación Municipal do seguinte*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

***ACORDO:***

1) ***Que se proceda de xeito inmediato ao peche do recinto escolar do CEIP Serra Vincios dotando ao portal exterior de acceso dun porteiro automático e videoporteiro. Como medida urxente e inaprazable.***

2) ***Que o goberno municipal se reúna coa comunidade educativa do CEIP Serra Vincios para elaborar un calendario de planificación e execución das obras de remodelación do acceso ao recinto escolar do centro. Que terán como prazo máximo de realización e finalización dos traballos a semana anterior ao comezo do curso escolar 2016/2017.***

3) ***Que o goberno municipal de Gondomar realice cantas xestións sexan necesarias ante a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria para coordinarse na realización das obras de acceso e seguridade no CEIP Serra Vincios.***

4) ***Que nesta coordinación entre o goberno municipal de Gondomar e a Consellaría de Educación da Xunta de Galicia participe a comunidade educativa.***

5) ***Que se dea conta ante este Pleno da Corporación Municipal de Gondomar do acordado e resolto, calendario, prazos e actuacións consensuadas entre as administracións públicas, local e autonómica, e a Comunidade educativa.***

**DELIBERACIÓN**

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Pauliño del Río, grazas de verdade, grazas.¡Qué ben estaba vostede na oposición!, é onde ten que estar, é pa o que vale, para sacar defectos, analizar os defectos de os demais e non saber facer nada construtivo nun goberno, e voulle a dicir máis..., ¡por favor estou no uso da palabra!, e cando estou no uso da palabra falo, e senón vos gusta pois mala sorte, porque a min houbo moitas cousas que non me gustaron e estiven calado ¡eh! ¡vale!. Eu terei moitos defectos pero non me da medo falarlle á xente para a cara, e dicir o que penso aquí ou ao saír, o que lle vou a dicir a vostede, a vostede, primeiro é, equivócase como calquera ¿sabe por qué? Porque o 14 de abril de 2016 hai unha nova asemblea coa AMPA do Serra Vincios onde se acepta a proposta do goberno de facer as obras parciais en semana santa, 14 de abril, claro, pero mira como hai gatas que tamén se equivocan..........bueno me parece moi ben que estea vostede de acordo con Sr. Pauliño. Perdoe Sra. Patricia si quere falar....

Sra. Durán: Sra. Durán.

Sr. Alcalde: Sra. Durán si quere falar pídame a palabra.

Sra.Durán. Si, xa lla pido.

Sr. Alcalde: Dareille a palabra despois. Isto é unha proba de que todos nos equivocamos, das fechas, das datas e demais, é unha proba máis, agora voulle dicir eu sobre o tema, sobre o tema de Vincios, que xa o levo explicado vinte mil veces. Primeiro ninguén pode quitar de que creo que debo ser o primeiro alcalde que vai aos consellos escolares, si debo ser dos primeiros alcaldes que vai ao consello escolar, non creo que vaian moitos, e eu ía.....

Intervén o público: *"al grano..... al grano, llevamos esperando diez meses para (....) tu intervención....¡por favor!"*

Sr.Alcalde: vale, por favor (...) e estou no uso da palabra e vou a falar cando teña que falar, déixeme vostede explicarme ¿vale? Por favor, ¿queda claro?, cando se me traslada a min este problema de Vincios, no primeiro consello escolar, se me di que se pretende acceder e

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

restrinxir o tráfico rodado ao centro, esa é a idea que se plantexa nese Consello Escolar, e facelo nas obras de determinadas características que necesitaban para facerse un proxecto técnico, e deixemos claro, que é un proxecto técnico para executar obras maiores como as que se pretendían levar a cabo, e eu nese primeiro consello escolar dixen claramente que si se pretendía facer ese tipo de obra, que era baixar o portal, acondicionar as zonas axardinadas, por vídeos porteiros e facer un muro de contención conforme se baixa ao lado dereito, unha senda peonil e cuberta para a choiva, que non a ía a facer en este curso académico porque nin tiña posibilidades económicas, nin darían os prazos, iso foi o primeiro que se dixo alí, que non o ía a facer, que estábamos con unha obra de remodelación do colexio de Donas en Souto-Donas do anterior goberno, que estábamos con un proxecto que está redactando a Deputación de Pontevedra do Neira-Vilas que tamén iniciou o goberno anterior, e co paso seguinte sería o estudo do acondicionamento do colexio de Vincios e despois do Chano-Piñeiro, y iso se dixo que non se ía a facer porque non había nin posibilidade económica, nin posibilidade de facelo ¿vale?. Se fixeron outras cousas, pintura, falso teito, dividir armarios, cambiar o conserxe, todo o que se pediu, reposición de luminarias igual que sempre, cando... o director se dirixe ao concello e di que en tal data, que van a cerrar a porta do colexio para que non acceda ninguén, excepto os autobuses e os pais, e que si nos non lle contestábamos dicindo o contrario, que o ían a facer en Nadal, e eu lle dixen a comunidade educativa que o alcalde non era ninguén para prohibir ou non prohibir o acceso a un colexio público, que depende da Xunta, que eles que fixeran o que tiñan que facer e eu aí que non me podía meter, e iso foi o que se fixo, na data determinada pecharon, e aí xurdiu un problema pois entre pais...usuarios...eu non vou a entrar en iso, aínda así se mandou presenza policial aos exteriores determinados días para buscar unha solución alí e mediar, onde interveu a Policía Local, onde moitas veces interveu a Policía, a Guarda Civil, arranxouse unha..... unha tapa dunha arqueta que había alí... se fixo todo o posible para acondicionar esa zona, ben....

Público: *"tiene mas cuento... lo que usted dice es mentira..lo está diciendo delante de un micrófono, sin embargo la verdad la sabemos nosotros, todo el AMPA sabemos la realidad y usted está mintiendo con todas las letras. Por el amor de Dios (....) ¡cómo nos puede mentir así hombre!, ténganos respeto. No somos limpiabotas, somos ingenieros, abogados, técnicos, maestros, no nos puede faltar al respeto así."*

Sr. Alcalde: Mire, perdóanme un momento, yo no le estoy faltando al respeto,no ¿usted estaba en esa reunión?

Público: No

Sr. Alcalde: ¿en ese Consello estaba?

Público: *No pero se todo yo..... y todo el AMPA, no solo yo, todo el AMPA lo sabe lo que ha pasado ¿ cómo puede decir que yo......*

Sr. Alcalde: Mire perdone, déjeme acabar...

Público: Acabe

Sr. Alcalde: déjeme acabar

Público: pero no diga (........)

Sr. Alcalde: pues déjeme acabar, déjeme acabar, además tiene que dejarme acabar porque estoy en mi derecho de decir lo que pasó ¿vale?. Posteriormente lo que pedían, como no se podían hacer las obras de arriba y yo no sabía que era lo que realmente, o que querían facer, o

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



que lle dixen é que me pasaran un bocexo unha idea do que consistían as obras y me pasaron isto, cando vostede o outro día no pleno me preguntaba si habían presentado un proxecto para levar as obras adiante, eu llo dixen, desde a humildade díxenlle, no, que eu saiba non hai presentado un proxecto no rexistro porque, porque.......por favor déixenme acabar, porque isto eu entendino como unha idea pero cando vostede se refería a min, eu digo non o sei, que eu saiba non hai un proxecto presentado. A ver si se presentou...

Público: Iso é un anteproxecto..

Sr. Alcalde: Vale, isto es una idea...¿vale? isto es una idea de co que lle gustaría como quedara o centro, para isto hai que facer un proxecto, eu non digo que o teñan que facer os pais, este proxecto, eu o que lle dixen é, que si temos que facer este proxecto e facer as obras,
Público: *Entonces ¿cómo se le ocurre decir en el Facebook que los conflictos se han acabado, antes de tener el consello escolar y tener un acuerdo con el consello escolar y con el AMPA* (....)

Sr. Alcalde: perdone un momento Sra., perdone un momento Sra. Déjeme acabar. Cuando se me traslada.., unha vez que esto non se podía facer, o que se me traslada en unha xuntanza onde foi o concelleiro a un Consello, era que entonces o que querían era arranxar o portal cara abaixo para que non entraran os outros coches do recinto onde teñen que entrar os autobuses e os pais, nada máis se nos dixo iso, eu é o que lle dixen. Unha vez que o concelleiro mo traslada, chamei ao director ao día seguinte, que viñera á Alcaldía, e reunímonos os tres, e dixémoslle ao director si entonces realmente o que quería facer agora eran esas obras que no inicio estábamos dispostos a facer, que era deixar ese portal e dalgunha maneira pechar alí, e co resto que quedaba aberto y entonces eu si que lle dixen iso, si esa obra de esas características que non son gran cousa, podemos facela con recursos propios e con persoal do concello, y iso lle dixen que si, e quedamos en iso, e lle dixen tamén, vamos a subir esta semana a mirar iso e vamos a ir co arquitecto, co de obras, a ver como o queres facer, por onde queres cerrar, en que consiste a obra y entonces nos ponemos manos a la obra. Subimos, pasados uns días..., subimos pasados uns días, o xefe da Policía, o encargado de Educación, el concelleiro e eu, e quedamos co director

Público: *As dúas menos dez, cando podían verte os pais, e quedar co director, (...) concertado una cita con el director........e ao día seguinte...(.....) eu e unha compañeira, dúas horas no colexio por ti e non apareceches.... e que se ti non estás disposto a decir a verdade. Somos ciudadáns e se ti non sabes dar..(.....................)*

Sr. Alcalde: Por favor, por favor, por favor, un respecto.. un respecto

Público: *(....) a altura tes que estar, por suposto que tes que estar á altura, non somos ignorantes*

Sr. Alcalde: Mire por favor, un respecto, pídolle un respecto, que me deixe acabar, nós subimos ao centro, a falar coa dirección esa mesma mañá, eu si, subimos as doce menos cuarto ou a unha, ou ás dúas, eu ..pero vamos a ver si eu lle digo ao director que teño que subir e vou a subir con persoal. Subimos esa mañá, eu si subimos ás dúas menos cuarto ou ás doce, non quedamos a unha hora determinada, quedamos de subir nunha hora lectiva e alí estivemos e cando estivemos mirando iso, o director.., o director, e isto hai que dicilo e diríxome a vostede, Sr. Pauliño dixo e dubidou de que ao mellor o que iamos a facer, pois non era todo unha solución, que igual había que sopesar de non correr tanto e ao mellor facer as cousas cun proxecto ben feito, e deixalo, e deixalo para máis adiante, e miralo con calma, e miralo con calma e iso falouse con el y entonces eu..

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



Público: Di as cousas como son Paco, di as cousas como son. E ¿porqué, porque fuches con Pepe Gotera e Otilio a mirar unha obra maior?, ¿entendes? por iso, porque (.....) acojonados que non querían (....) Iso é a verdade....... pero....

Sr.Alcalde: Por favor, ¿Poden permanecer calados?.

Público: Si pero non nos insultes

Sr. Alcalde: eu non estou insultando a ninguén, a ninguén, a ninguén, non insulto a ninguén. Bueno...

Público: *si, nos estás faltando al respecto, mentira tras mentira.......que estamos aquí(....) sabe o que pasou.*

Sr. Alcalde: mire pídolle en serio, de verdade, mire voulle dicir unha cousa; eu estou explicando como alcalde.....iso é moi subxectivo pola súa parte, mire ¿isto que é?, é un xuízo de valor..... a ver quen ten a.. eu explícome, vostedes poden dicir o que pensan tamén, somos libres de dicir o que pensamos. Eu dígolle o que pasou, e eu o que lle digo é que as obras que estaban previstas para facer, que eran: trasladar o portal abaixo, unha vez alí os operarios municipais e o director e o que lle fala, consideramos mellor non facelas, porque non estábamos demasiado seguros si podía quedar ben, podía quedar mal e nos dixo ademais, é mellor deixalo, tomalo con calma, esperar, e eu lle dixen: paréceme correcto. Eu cando teña un oco co arquitecto subirei aquí para mirar as obras e me parece moi ben e deixámolas sen facer, e automaticamente o que fixemos foi falar co xefe territorial para falar deste asunto, porque eu lle dixen ao director que tíñamos que falar deste asunto, e o director era o interlocutor coa AMPA, falaba con eles, entón fixemos unha xuntanza e ademais eu tamén lle dixen sempre ao director, e lle dixen a todos os do consello: a obrigación que ten o concello é unha obrigación de mantemento e conservación, e aquí aparece o convenio, aparece o do convenio que di: as obrigacións do concello son, entre outras cousas, así ben dicindo,desde desatascamento de conducións de auga, conservación dos peches perimetrais e das portas de acceso, de modo que se impida o libre acceso dende o exterior para o interior, conservación, e vostede Pauliño sabe que todas estas facturas, a interventora infórmaas negativas porque considéraas unha subvención encuberta, e hai que levantar o reparo. Aínda así, aínda así, a vontade deste goberno foi votar unha man ao centro e facelo con recursos propios, e facelo con operarios, e buscarlle unha solución a ese problema. A pesar de todo iso e para facer esa obra, que se pedía desta envergadura, hai que facer un proxecto técnico, ben que o faga o técnico municipal ou que o faga un técnico externo, e se nos vai esa obra a máis de 70.000 euros, e eu lle dixen que esa obra había que intentar metela pola subvención da Deputación pero este ano non, como se meteu Donas, e como se vai a meter Peitieiros, e que non a podía facer. Díxenlle dende o principio que non se podía facer e que ademais non nos competía a nós. E entonces hoxe, tivemos unha reunión, tivemos unha reunión o delegado territorial, a inspectora de educación, o director do centro, a arquitecto da consellería, o concelleiro de educación e eu, entre outras cousas para falar do de Vincios, que era para o que estaba pedida a reunión y el mesmo, e aí estaba.O director nos di que si que é certo que nos non temos esa obrigación de facer esas obras, porque solo facemos conservación, e mantemento, e entonces el era partidario de que se fixera un proxecto en condicións unha vez que lle mandáramos o proxecto á Consellería, si queremos deixar un espazo aberto ao público como é o caso de traer o portal abaixo, máis arriba de deixalo de forma que poidan acceder calquera persoa, os do cemiterio... etc. que había que solicitar entonces a desafección, que eles nos daban a desafección dese terreo sen problema pero, que as obras as tíñamos que facer nós, ¿vale?, si as facíamos nós que nos daban vía libre, non había problema, pero o proxecto si deixábamos un espazo aberto

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



e non pechábamos o portal arriba, porque se podía por dous portais, o fin de semana cerrar os dous, etc. que había que facer desafección e que eles esa obra en si non a ían a facer, entonces como nos non tiñamos esa obrigación e demais, do que quedamos hoxe foi , do que quedamos hoxe foi en que nos facemos o portal con motor, póndolle motor, e eles se encargan de facer todo o sistema eléctrico, de meter os videoporteiros que sexan necesarios e de estudar a posibilidade de facer unha senda peonil se procede, dende o portal de arriba ao colexio para que baixen os nenos, ou ao mellor que non facía falta que o ían a estudar, que do portal para dentro se encargaban eles e nos que lle fixéramos o portal con un motor. O arquitecto que estaba alí da deputación, perdón da consellería, colleu o meu teléfono e o do concelleiro porque eu lle pedín que viñera o arquitecto deles para que nos dixera si o portal quedaba ben, como se ía a por, que non quería problemas quedou en chamarnos mañá, pasado, cuanto antes mellor para quedar alí, o director, o arquitecto.....nos encargarnos de facer o portal, eu quero que me digan si quere que abre pa dentro, pa afora, de lado, de corredeira, se queren que teña unha porta para acceder peonil, peonil, eu non sei como temos que facer, eu non sei como temos que facer ese portal.

Público: *O vas a facer cando morra un neno, non te vas a enterar, cando morra un neno.*

Sr.Alcalde: unha vez que....nos chame o arquitecto, iremos alí, encargaremos o portal e eles se encargan de facer o resto da obra, en iso foi o que se quedou hoxe, todos, hoxe, esa é a historia e despois si queremos facer ese proxecto, do que queiramos facer que llo mandemos por un técnico, un arquitecto coa súa valoración, execución, como sabe vostede que é un proxecto, que llo mandemos, eles si o miran ben daranlle vía libre, pero que afrontemos nós o gasto que eles non van a afrontar. Un duro e iso foi o que eu dixen dende un principio, que cando cheguei, que non me podía comprometer a facer ese gasto en ese colexio, e despois a partir de aí todo foi boa vontade, intentar falar co director, coa AMPA, botarlle unha man en todo o que se puidera, con recursos propios, unha cousa e outra, e....e iso é como estamos, e vostede, vostede ademais sabe, porque o sabe, cando estaba comigo no goberno,este tema falámolo, e sabe ademais o problema que nos trae facer esas inversións a nivel intervención, sábeo tamén, sabe como está a situación de educación e sabe tamén que non podíamos facer ese desembolso nada máis chegar ao goberno, porque non o podíamos facer, e eu o único que fixen foi falar claro, dicindo que non o íamos a facer e a partir de aí, si se buscaba unha alternativa onde poderamos estar nós apoiando con recursos propios e materiais, que incluso se lle dixo a partir de marzo cando entraran os..., os de cooperación da Deputación que lle facíamos o que poderamos, como lle fixemos en outros tantos traballos aí dentro, e eu solo digo unha cousa, solo digo unha cousa, eu ao mellor cometín erros de novato, eu non tampouco me quero xustificar eu o que solo digo é que fun aos consellos escolares, estiven, estiven alí, estufemos, buscámoslle solucións e fixemos o máis do que podemos porque non é unha competencia nosa, o máis fácil era dicir, isto non o podemos facer que non é cousa nosa e aínda así, se lle buscou solucións ao colexio como outros gobernos lle buscaron ao de Donas, e como hai que seguir buscándolle ademais aos de Peitieiros, ao Chano, etc., e iso é.... no que estamos.

Público: Debemos ser o único colexio de toda Galicia onde pasan os coches dentro, o único.

Sr. Alcalde: Ten e........¿alguien de vostedes pide a palabra? Sra. Durán.

Sr. Durán: Sí, Grazas Alcalde. Efectivamente (..................) lle digo unha cousa, aquí o que está claro, e eu creo que isto é do peor que lle pode pasar a un alcalde é, que acuda a unhas reunións, que de publicamente unha versión e que aquí hoxe estean nais e pais dicíndolle á cara Sr. Alcalde que vostede minte, e que o está facendo dun xeito tan descarado que o fai efectivamente, que estando aquí de público (.....)as formas (.....) vostede o permitiu (...) que

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



está recibindo é a resposta (....) Mire, di vostede que asistiu a varios consellos escolares, que non lle correspondía, vostede asumiu unha competencia de educación (....) e segundo, a min non me diga, de que vai a moitos consellos escolares, que polo tanto presume de competencias en materia de educación, non saiba vostede cales son as competencias que ten (...) e o máis triste de todo isto é, que aquí se fala de que no mes de xullo vostede está a salvo do problema (...) y estamos en marcha, en xullo (...) y estamos en abril de 2016 e é agora cando vostede realmente pide esta xuntanza para falar co responsable de educación, e que lle explique como ten que facer. E eu me pregunto porque vostede por un mes activa(..) a bombo e pratillo, claro aquí polo que vemos un pouco pola exposición de feitos (...) facer a tour co señor do ladrillo, vostede xusto o día tres, no pleno do tres pola noite, e vostede ten unha xuntanza, entón chega aquí e moi cheo vostede di que o problema xa está, xa lle atopamos unha solución (...) pero..como que no, Sr.Alcalde...vamos a ver..o que non se pode facer é, eu teño unha xuntanza o mesmo día do pleno para chegar aquí, e diante das cámaras e diante do público dicir que quedo ben, que xa teño unha solución, cando vostede nin sequera sabía son competente, non competente e mire lle direi, que cando este grupo tivo a reunión coa AMPA, nos alí xa lle explicábamos que probablemente iso necesitase un proxecto pero coidado Sr.Alcalde ¿cómo se atreve vostede a dicir, que este anteproxecto como si é unha idea que eu creo que é das mellores ideas que pode achegar un particular a un sr. Alcalde para facer un proxecto? E cando vostede se poña a remodelar, que algunha vez lle tocou un proxecto para remodelar una obra (...) a quen vai a criticar o proxecto, ¿aos veciños de (..)? e que é moi forte. Eu creo que esta AMPA tivo a sorte de ter entre as nais e os pais algún profesional ou algunha profesional que sexa capaz de facer o que lle dixeron, porque o normal é que te traian un folio en branco con un bocexo alí feito a man e que digan isto é o que queremos. Esmeráronse, e moito, e é unha das cousas que máis me (...) a min (....) a xuntanza naquel consello escolar, onde está esa información que temos nós, onde está a concelleira Nuria Lameiro e se lle entrega ese anteproxecto e sabe o que ocorre e non me estraña, non o negue, non o negue vostede

Sra. Lameiro: Non se me entrega, non se me entrega

Sra. Durán: a parte das nais e dos pais que dixeron pero si estaba presente e alí se lle entregou.

Sra. Lameiro: Si, si, entregar no, estaba presente pero no se me entregó.

Sra. Durán: pero ¿no vino vostede?

Sra. Lameiro: Hombre claro que vine...............y estoy a favor de que se haga

Sra. Durán: vamos a ver, sexamos un pouquiño serios, non se pode negar o que aquí din que están facendo, que o están acusando estas nais, estes pais é de mentir, e non pasa nada, agora o alcalde para rematar un pouco di, igual estou pecando un pouquiño de novato, pois a humildade da que tanto presume vostede, xa que di que é tan humilde, empece así, e non como empezou (...) a contestación do compañeiro Sr. (..)porque me refiro así como cando teño un apoio (.....)a escola, creo que ese mesmo respecto é o que se merecen estas nais e estes pais de aquí aínda que non lle guste o que lle están dicindo, pero un respecto ¿vale?. Di vostede, que tamén cando se menciona o tema dos reparos (....) non veña a dicir agora os problemas que temos para sacar os cartos e pagar iso, porque sr.Alcalde, dende o mes de xullo leva dende o mes de xullo, leva vostede levantando reparos. É dicir non poñamos esa escusa hai que buscar as solucións. Pero é máis, hai un plan de obras que chegou da Deputación, non o coñezo con detalle pero no anterior, do noso goberno se nos permitía inverter en educación, tiña aquí vostede a oportunidade aínda que se fala de 1 millón de euros

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

ao final polas contas saen 600.000 en obra, pois xa tiña vostede onde sacar, si quería metela, pero o que non me sorprende era sempre o de: Isto o facemos e o facemos co noso persoal e mirando a cronoloxía dos feitos, acordouse vostede unha semana xusto antes para empezar a mirar algo, e ao final, a única persoa que parece ser que puxo un pouquiño de sentido común é o propio capataz da brigada de educación, (...) persoa responsable (....) nos ides a meter, como vai a empresa,...bueno eu creo Sr. Alcalde que esto realmente como vostede se propón (....)eu creo que en vez de abundar y estar esixíndolles como si fosen maleducados (...) máis ben tería que pedir desculpas por unha ineficiente e ineficaz xestión de este problema.

Sr. Alcalde: Sr. Gómez, ten vostede a palabra.

Sr. Gómez: Vamos a ver, empezando, o noso apoio total, total a esta moción, como non podía ser menos. Aparte estamos un pouco ao tanto co tema, non. O que nos preocupa ao noso grupo Sr. Alcalde segundo manifestan aquí, aquí e....estas persoas que na representación do Colexio de Víncios (...) mentían en algo, e dicir (...) que se minte eso é o mais grave que hai, é o máis feo, porque mire o Alcalde é a persoa que nos representa aquí a nós, mentir, non cumprir co seu deber, saír como soe saír vostede, xa o dicía aquí antes o Sr. del Río no facebook, que todo está feito e non está nada de verdade, de verdade que é preocupante, nos preocupa un montón, pero bueno, no nos sorprende, no nos sorprende para nada, e...(...) ao final diso de que igual pecou un pouco de novato, de novatos cando calquera empeza en calquera cousa como vostede cando empezou de alcalde, iso todo o mundo é novato pero chega un momento que deixa de ser novato, incumpridor e mentireiro iso éo por natureza, iso nunca se deixa de ser (....) iso é o que me preocupa a min, porque vexo que non vai a cambiar(....) en iso non vai a cambiar (...) Entonces, nos pedimos a solución para o colexio de Vincios xa, pero mire, neste momento como dixen antes, e desculpei a miña, a nosa compañeira de grupo a Beatriz Fernández, a Bea que non pode estar aquí en este momento por un problema de saúde, por unha proba médica, pero ela bueno, ela me pasou por unha vía destas, destes medios tan rápidos que temos agora, non me deu tempo de imprimilo antes de vir, vou a ler máis ou menos a preocupación tamén dela en este caso. Fala en nome do grupo Iniciativa por Gondomar, pero son verbas da nosa compañeira Bea e da parroquia de Vincios, e neste caso eu si que estiven nalgunha xuntanza, he estado nalgunhas, entón ela nos di así:

*O grupo de Iniciativa por Gondomar quere transmitir o noso apoio á Ampa do colexio Serra de Vincios e á Dirección do centro, polo que nos sentimos neste momento decepcionados, como eles mismos tamén así nolo trasladaron, pola impotencia que sinten e están tendo polas malas xestións ou mala organización das persoas que no anterior pleno dixeron, que neste caso o que o dixo foi vostede Sr. Alcalde, dixeron que iba a solucionar o problema (...). Pondo por diante (...) O grupo Iniciativa por Gondomar pídelle e rógalle ao goberno, que se poña mans á obra, que solucione dunha vez por todas este problema, que non busque culpables e que diga o que non se fixo no seu día, porque os afectados están cansos de tantas promesas sin cumplir, polo que rogamos ao Sr. Alcalde unha solución xa, que non mire para outro lado, que se realicen as obras o antes posible, e que os nenos e nenas de este colexio poidan disfrutar con tranquilidad sin conflictos e a súa seguridade sea unha (...)*

E eu Sr. Alcalde comunicarlle, lle pido por favor a vostede e ao seu goberno que lle dean unha solución a isto xa, que lle dean unha solución vamos a (...) Hai un anteproxecto (...) hai un proxecto, como lle queiramos chamar, o que non vamos a esperar é un ano....estamos no mes de abril, dous meses máis leva un ano, si inda agora ten que encargar o proxecto e todo iso, claro que non vai a ser para este ano, vamos a ver si é para o outro, si isto o fixeran unha vez chegado ao goberno,igual se tiña agora o proxecto.........agora vostede anunciou na prensa que la Deputación (...) con algo máis dun millón de euros, sobre 600.000 vano investir en obras. Se houbera estado o proxecto e todo iso, pois posiblemente deses 600.000, 70.000 metíanse para

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

o colexio Serra de Vincios e problema solucionado, pero desta forma, a ver como se (...), Polo cal lle pido ,xa que se atrasou todo este tempo, que sería unha solución xa, que empecen xa, de momento nada máis. Grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas. Moitas grazas. Bueno...teño que recoñecer Sr. Gómez que...ao seu en xeral, de quedarse con isto de que son un verdadeiro mentireiro non... é moi así á lixeira, pero tranquilo que xa verá como eu.... dende logo mire e....o que dixen aquí, díxeno en cantidade de sitios. Polo tanto, eu dígovos, digo, teño a conciencia tranquila. Faría ben as cousas, faría mal as cousas, pero sempre dixen dende o primeiro momento, de que esa obra de esas características, non a ía facer en este curso escolar. E ademais estou convencido de que a xente que estivo no goberno, e sobre todo algúns que saben máis que nos do tema de infraestruturas, de obras, de proxectos, e demais, saben que isto é complexo, facer unha obra. Hai obras que deixou adxudicadas o Sr. Guitián e inda hoxe estamos nós, a practicamente a empezar con elas, e non é por un problema de falta de xestión, é un problema de prazos, moitas veces, moitas veces de prazos, é dicir da administración, unha obra require desde que se adxudica, se prepara o proxecto, e tal, seis meses, oito etc. e eu sempre lle dixen que non ía, que non ía a facer esa..., esa obra, pero sempre dixen que era necesaria, non solo aí, senón en todos os colexios, en todos los colexios.
Cando...bueno iso non se fixo, porque non se fixo esa obra, se buscaban outro tipo de solucións, evidentemente fixémolas en todos os colexios que pudemos, en Souto-Donas, en Neira-Vilas, en todas partes, esta...a solución dende logo, a solución que adoptou o centro foi pechar o portal, eu non digo nin que estea ben, nin que estea mal. Ao pechar o portal se garda unha seguridade dentro pero se traslada afora.
Me parece moi ben se trasladou o problema afora

Público: non, non é que dentro non tiñamos dereito a entrar por unha normativa que protexe(...) para estar facendo o que estivo permitindo facer (...) a medida está ben tomada (....) prepárese Sr. Alcalde prepárese.

Sr. Alcalde: ¿Perdón?

Público: *que tiene que preparar las leyes, en un centro educativo de esta comunidad (...........) se morre un neno a responsabilidade é do director........claro que sí...años...por primeira vez vamos a facer iso.*

Sr. Alcalde: Bueno mire...isto si, paréceme ben que leven anos vostedes, eu máis non puiden facer, eu acabo de chegar......por favor........por favor si me perdoan

Público: *somos el no va más que che parece el no va más porque(...) el resto de los centros de Galicia nos recriminan así, ah no...hombre, hombre....*

Sr. Alcalde: eu non recrimino a actitude do centro de que haxa pechado nin nada

Público: pois parece que si.......(.....)

Sr. Alcalde: para nada, para nada,para nada, bueno miren, vamos a ver, eu creo que esta moción, esta moción creo que non da para máis, vostedes queren, como di aí o concelleiro, que se proceda de xeito inmediato ao peche do recinto escolar, dotándoo de un portal exterior de acceso. Vaise a facer, o portal facémolo nos e os porteiros automáticos e o videoporteiro vai a facelo a consellería, vai a facelo a consellería, alí estaba o director presente. Eu non podo meterme, nin podo dicirlles cando o vai a facer a consellería, eu o que lle digo é o arquitecto da consellería, que estaba presente, quedou de chamarnos de maneira inmediata para ir alí, mirar

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

o portal. Eu mañá, xa vamos a mirar o portal para... porque pode estar o portal feito, aínda que despois non estea a parte eléctrica. Créanme de verdade, que eu son o primeiro interesado en acabar con este tema e darlle unha solución, fago os porteiros, eu non sei, ao director eu lle pedía tres, eles dician con un, cunha campaíña, eu aí xa non vou a entrar. Dentro, que se encargaban eles, de organizar iso, de maneira inmediata, vamos a facer o portal e eles van a facer todo o sistema eléctrico e van a estudar a posibilidade de facer ese, ese paso, esa beirarrúa, si ou no, quedaron de estudala eles, e que dependía deles porque de portas para dentro, que se responsabilizaban eles de facelo. O goberno municipal xa se reuníu coa comunidade educativa, estaba pedida esta xuntanza, créame antes de semana santa, antes de semana santa e se pospuxo para despois de semana santa.

Público: ( Mar) y porqué se pospuxo, porque nos íamos a meter nunha casa privada, privada a facer cousas de familia nun sitio onde temos nenos, nun sitio onde temos nenos, non podemos facer as medidas que nos saen da (......) e a iso foi ao que nos negamos, e naquel consello escolar do que tanto presume e no que eu estaba , díxeno ben claro, que non ía a permitir esas obras, e díxeno ben claro que non ía a permitir esas obras si non estaba ben visado polos técnicos do concello e polos técnicos que lle correspondía, xa que estábamos falando dun centro educativo de menores ¿eh? de menores ¿eh? Para uso de menores e non unha casa particular, que nos vale un portal, aquí te poño, aquí te quedas, non son as cousas así Paco, e en tres días como vos falabades, en semana santa e perdóame o meu ton, pero xa chega, xa chega, cando chega a auga ó río chega ¿eh? E hoxe xa chegou ben, cando estamos falando de que en tres días, porque semana santa, se mal non lembro, xoves é festivo, venres é festivo, sábado non se traballa e domingo tampouco. Semana santa soamente se reduce a luns, martes e mércores, no cal esas obras non se podían executar porque non tiñan, nin as medidas claras do que alí íamos a facer. Non tíñamos portal, non tíñamos nada, íamos quedar peor do que estabamos ¿vale? Paco, e agora vou a (...) vou a rematar tranquilamente, pero tamén quero que a xente saiba o que alí pasou, non solo a túa versión, senón a nosa versión como parte afectada, e como parte dos que vivimos alí. E deixar de usar tanto a rede social, porque o único que se está facendo neste momento é botar leña ó lume, que non o precisamos. E outra cousa máis, dígoche que hasta agora nese colexio, había unanimidade total e absoluta e por culpa dunhas redes sociais que se están movendo que si eu digo que si eu.....

Non entro en eses detalles porque non quero entrar en eses detalles, eu son unha nai dunha filla, e a min váleme, porque é a miña filla. O problema que haxa fora do recinto escolar é meu problema, pero o problema que hai dentro do recinto escolar é de entidade corporativa e directiva que está dentro do centro, e ti como non estás dentro de ese centro, nin ningún dos que estades aí sentados, pois pode pasar todo o que sexa, pero si pasa algún desastre, porque eu teño visto case (...) pronto naquel paso as nove da mañá e eu querer saír para o meu posto de traballo e non poder porque estou atrancada porque outros pais me atrancan, e agora arriba como estamos en estrada pública podemos entrar y saír sen ningún tipo de problema, claro como antes abaixo a ninguén lle chegaba o problema non pasou nada co (....). E sorte tivemos que nestes anos todos, nunca pasara unha desgraza, porque poder, puideron pasar moitas e tivemos moita sorte de que non pasar ningunha, e si pasa fora, o centro escolar non se ve afectado. ¿Pero sabes o que pasa?, si pasa dentro do centro escolar, o director dese centro é o responsable, e el é o primeiro en ir ao caldeiro, e non ti nin ningún dos políticos que estades aí.

Sr. Alcalde: *Mar, vai rematando, veña, non te quero cortar pero vai rematando, vai rematando...venga....vamos a proceder á votación de esta moción.*

Sr. Pauliño: Sr. Alcalde, eu teño que pechar.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sr. Alcalde: Perdón, ten vostede a palabra.

Sr. Pauliño: Recentemente eu expliquei, espero que con respecto dado que me equivoco... mire si me equivoco; eu son unha persoa que se equivoca moitas veces Sr. Alcalde, moitísimas e mire, si son quen de equivocarme, que hasta entrei no seu goberno, polo tanto, pídolle desculpas a vostede si lle pareceu que con ese erro dalgunha maneira intentaba enganalo, non era a miña intención, enganalo a vostede, poñendo abril en vez de marzo. Eu sei que vostede presume, lle vou a dar, permítame que lle de un consello con toda a boa vontade, vostede presume moitas veces de dicir o que pensa, o que pasa que é complicado cando confundimos dicir o que pensamos con pensar o que dicimos e vostede ao mellor practica o primeiro pero lle falta practicar no segundo. Procure atinar.

Sr. Alcalde: Abrevie Sr. Pauliño

Sr. Pauliño: non me achuche Sr, Alcalde, non me achuche. Permítame que me exprese coa mesma liberdade que vostede soltou simplemente, non máis, coa mesma que vostede soltou. Mire... esta moción é unha pena, o que vostede tiña que facer ao principio de curso, ás familias que están aí, non se lle dixo o que había, se lles estivo mareando constantemente, e iso o saben, o centro o sabe, e vostede o sabe. Dentro do recinto escolar,(...) é propiedade da consellería (...) e polo tanto, incluso cando veu aquí, que quería trasladar este portal abaixo despois (...) en semana santa, xa non me vou a meter en si custaba tanto ou cuanto, se había que facer isto ou o outro, é que vostede necesitaba uns permisos que non solicitou e que tiña que sabelo, porque cando falou de semana santa, estábamos en marzo e isto empezou en xullo, despois de todo ese tempo, vostede seguía enganando, consciente ou inconsciente déixoo a súa conciencia, pero vostede estaba enganando, porque non estaba dicindo o que pasaba, e agora..., agora estamos nun punto, perdemos un ano, vale pero vamos a facer as cousas en condicións. Mire agora acaba de facer unha valoración, esa (..) cando o proceso de trasladar as beirarrúas, de acercar o portal máis preto do cole para... son 70.000 euros, creo que aquí llo dixeron, vostede entre eses. E unha das cousas que sempre lle digo a vostede é, que na economía hai un principio, as necesidades son infinitas e os recursos limitados e gobernar implica priorizar, e vostede na Deputación priorizou, arranxando a rotonda para a seguridade dos nenos, porque aí hai un proxecto de arranxar a rotonda, tiña cartos e vostede no lexítimo exercicio de gobernar decidiu priorizar o gasto, vale, pois nós temos o dereito de criticalo e dicirlle, nos non estamos de acordo. Cartos houbo, se priorizaron outras historias, non pasa nada, non diga agora que non hai cartos e está facendo outras cousas que dixo o goberno anterior. Si vos vai a facer bos, si vos vai a facer bos, está claro, polo tanto Sr. Alcalde, espero que vote a prol, espero que esta cancela estea colocada, co motor estea colocado, que se coloque iso mínimo, porque evidentemente, aí hai un problema de día, hai un problema de seguridade e neste momento grazas á comunidade educativa do centro, polo menos o tema da seguridade dentro do recinto escolar está solucionado, con isto, está solucionado e ¿sabe qué pasa?, para tomar esa solución, houbo simplemente que tomar unha decisión, dicilo abertamente e afrontalas consecuencias, a partir de tal data non entran coches aquí, se moleste quén se moleste, porque non se pode contentar a todo o mundo, entón non me vale, non me valen as súas escusas, porque soan a escusas, porque soan a que eu vou a facer isto cos recursos propios, cando vostede sabía que necesitaba os permisos, e inda tendo os cartos, e inda tendo recursos, esta obra, calquera obra feita nun recinto escolar, necesita o permiso e a coordinación da outra administración. Ben hoxe deu un paso, se reuniu coa consellería, ben agora hai unha serie de medidas para que vostede, non é que se reúna, claro que se reuniu coa comunidade educativa, pero creo que a comunidade educativa o que pretende é reunirse e fiarse de vostede, que cando vostede diga algo, se vaia a cumprir. Por iso poñemos aquí, o do calendario de planificación, por iso queremos que haxa xente da comunidade educativa na coordinación das administracións locais, da administración local e

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



autonómica, por iso queremos que lle dean uns prazos, por iso queremos que lle digan exactamente, ¿cánto vale iso?, ¿qué permisos se necesitan?. Vamos a actuar dunha, leo ou votemos directamente porque creo que están aí as propostas da resolución. Grazas Sr. Alcalde.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Pauliño.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta moción de urxencia a votación ordinaria co seguinte resultado:

**VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a moción arriba transcrita.**

Sr. Alcalde: Comparece brevemente a concelleira, a concelleira de Igualdade Nuria Lameiro

Sra. Lameiro: Grazas Alcalde, boas noites a todas e a todos, vou a ser bastante breve. Debido a unha posible mala interpretación da mensaxe que se quixo enviar na nota, na nota informativa aos medios de comunicación, relacionada co Curso de Mecánica Básica do Automóvil, manifesto que: se trata de un curso de automoción e non de condución, co propósito de aportar ferramentas cara a erradicación dos estereotipos de xénero e ponderar ás mulleres en loitar contra as brechas entre sexos, estimulando así, unha participación feminina nun campo habitual masculino. Por outra banda, quero deixar claro, que a miña traxectoria persoal sempre estivo enmarcada na loita contra a violencia de xénero, e a busca da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, tal e como poden aportar todas aquelas persoas que me coñecen. Se nalgún momento ofendín alguén, pido desculpas, porque non era a miña intención. Non teño máis que engadir. Grazas.

Sr. Alcalde: Bueno e....algunha intervención ao respecto Sra. Durán, ten a palabra.

Sra. Durán: Grazas. Si a Sra. Concelleira (...), eu agradecería a súa comparecencia, e máis que para hoxe, o que se o que eu pretendía con este e....ao final é que vostede recoñeza, si son súas ou non son súas, que pasa, eu creo que, home eu no, este grupo (....) da súa comparecencia, doulle unha oportunidade. Vostede non me pode dicir que pide desculpas por si ofendeu alguén, e agora cando eu lle diga (...) o que me pon vostede ao mellor, é nunha situación complexa ¿en qué sentido? Llo dixen na miña intervención, eu non a considero a vostede para nada unha muller machista e creo que o sabe, e si non quero, que tanto os medios de comunicación como as redes sociais que lle (...) títere con cabeza, e porque creo que hai que darlle unha oportunidade para ver, para que nos explique que sucedeu. Porque si vostede non é a autora destas palabras, non ter porque asumir esa responsabilidade directamente, ¿qué pasa?. Que sae nos medios, como que son as súas declaracións, así que todo o mundo a sinala ¿por qué? Porque isto efectivamente, estamos falando sempre de temas moi sensibles, da igualdade. Si vostede analiza todo o que saíu nas redes sociais, é tremendo evidentemente, como desde (........) ata o punto (..), como erradicar, e as veces declaracións de persoas dicindo, pois que isto é normal e dando por feito de que as mulleres somos incapaces de facer cousas (....) capaz de facer nada (....) con la impresión (...) de que las persoas teñen máis habilidades ou menos. Vostede ten unhas habilidades que seguro que non as teño eu, pero ningunha das dúas ten máis habilidade que a outra, e seguro que calquera dos compañeiros ou compañeiras o mesmo. Ao final, o que saíron nas redes sociais foron moitísimas declaracións, que por apoiala a vostede (.........) e moitas delas con voz e escritas por mulleres. A min iso me entristece, pero non é que me entristeza porque fora a anterior

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

concelleira de igualdade, e que me entristece como muller, porque teño claro que si eu mesma non estou convencida, é que son igual aos homes, que non hai diferenza, e que xamais poderei transmitir entón, unha mensaxe para loitar precisamente, contra aqueles que pensan que non somos iguais. Nolo temos que crer, e nós as primeiras. A mín me deixa vostede (....) vostede se emociona (.......................) pero como vostede siga en silencio e permitindo ao día seguinte estas declaracións en vez de saír vostede, permitir que saíra o Sr. Alcalde e o que fai o sr alcalde é dicir que iso non o dixo vostede, que hai un fallo, e eu digo que como non, pois que o aclare, quen o dixo e porqué se dixo. As interpretacións que poidan facer na prensa, os profesionais teñen que sacar, pero eu non son xornalista, e lendo a nota de prensa que está aí, non falo das interpretacións ou da redacción que sae nos medios de comunicación, falo da auténtica nota, eu quero saber qué é verdade (...) Bueno vostede, asumíndoa vostede, pedindo perdón, non (....) á alcaldía (.....) porque iniciei a miña intervención dicindo que non a considero machista que a considero (....) que non a redactou, que non dou o visto bo...(...........)

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sra. Salgueiro, algunha.....perdón Sra. Durán, ten a palabra a Sra. Varela.

Sra. Varela: Boa noite a todos e todas. Bueno eu comparto, sen que sirva de precedente estar de acordo coas valoracións do partido popular sobre violencia de xénero, pero comparto as palabras da Sra. Durán, e creo.... ,creo que todos e todas somos suceptibles de ter actitudes ás veces machistas e non conscientemente, senón porque vivimos nun sistema patriarcal. Vivimos nunha sociedade totalmente machista, é algo que o temos asumido, é moi difícil loitar contra..., contra iso, é unha aprendizaxe permanente, e que os cargos públicos sobre todo, temos que..., temos que esforzarnos con iso ¡non!. Eu a min me gustaría engadir a parte do tema das declaracións ¡non! que bueno, saíron en varios periódicos as mesmas palabras. Non me vou a meter nas valoracións dunha periodista en concreto, pero bueno, as palabras foron as mesmas en varios periódicos ¿non é a verdade? Que me parecen, que parecen ao noso grupo municipal, nos parecen inaceptables, pero tamén entendemos que todo el mundo pode no querernos, sobre todo a las que empezamos de novatas, que eu tamén o entendo porque eu estou na mesma situación, pero tamén me parece importante falar de que non me parece, non nos parece correcto non só estas declaracións, senón que para conmemorar o día da muller, para conmemorar este día que debe ser un día de reivindicación da loita feminista, da loita das mulleres que loitaron para que nós poidamos ter dereitos, para que nós poidamos estar aquí sentadas que para reivindicar ese día, o que se faga é un curso de mecánica. Non teño ningún problema cos cursos de mecánica. Se poden facer, obviamente, en calquera momento do ano poden ser útiles, pero que realmente se queremos chegar a unha sociedade que erradique a desigualdade de xénero, se queremos por exemplo, orientar, ensinar, en corresponsabilidade de tarefas á sociedade, non me parece correcto poñer ese peso nas mulleres. Que as mulleres son as que teñen que aprender os roles dos homes, a ver, as mulleres estamos sufrindo unha dobre carga de traballo ¡non!. Sufrimos o traballo doméstico, o traballo fóra da casa, e falta non a todos os homes pero falta tamén educar á outra parte da poboación. E nos pensamos que o, digamos a, gran parte do traballo en igualdade debería estar dedicado a eles, senón cremos, que non é unha análise correcta das causas dos factores que causan a desigualdade de xénero. Se as políticas se orientan a que as mulleres aprendan as tarefas, que como di vostede son tradicionalmente de homes, ¿non seria mellor orientar as políticas?, non normalizar que as mulleres fan os recados, van a compra, levan e traen os nenos ao cole, non sería mellor orientar as políticas a que iso non sexa así. Bueno, eu desde o noso grupo, bueno, aceptamos a rectificación e esperamos que as políticas de xénero vaian pouco a pouco amoldándose ao que demanda a propia sociedade, as mulleres temos moitos problemas hoxe en día, temos problemas de conciliación laboral e familiar, temos problemas dunha brecha salarial, e precisamente o que máis necesitamos creo que non é cursos de mecánica. Eu ademais rógolle, como xa dixen no anterior pleno, que para poder facer estas políticas e que sexan

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

realmente efectivas, e facelas participadas, que se convoque o consello municipal da muller, que xa levamos uns cantos meses. É unha cuestión de vontade, e aí non hai escusas de fomentos ou outro tipo de escusas, e bueno nada máis. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sra. Varela, grazas dobremente. Pasamos, si non hai máis preguntas sobre este tema. Si non hai máis preguntas sobre a comparecencia da concelleira, rematamos o pleno con Rogos e Preguntas. Rogos....¿alguén ten rogos para expor?. Sr. Gómez, ten vostede a palabra.

### 4. Rogos e preguntas:

**Rogos:**

Sr. Gómez: Rogos teño un, vamos a ver a estrada esta da.....nada mire a estrada da Escalena alí no Telleiro, que creo que é da Deputación, entón me parece que é da Deputación, está aí a concelleira, pero bueno como saben está...., está o firme todo deformado e todo iso, non se puido encher no seu día e por iso, bueno é para que se inicie neste caso a Deputación ou a (...) Ese é o rogo que hai.

**Preguntas:**

Sr. Gómez: E despois teño dúas preguntas que xa as vou a facer, así xa..xa vamos terminando. Unha pregunta que xa a fixen no anterior pleno era o acceso ao Concello para discapacitados e o atril que tíñamos alí, creo que se estaban barallando varias posibilidades de facer unha rampla ou algo así, saber como teñen ese tema e... si está en vías de solución ou se teñen algunha alternativa para iso xa. E o outro, vamos a ver o outro é unha pregunta que tamén levamos no outro pleno vamos a ver o, a estación de bombeo, o tanque de Torneiros (...) saber como está ese tema, se ao final se leva adiante, se non se leva adiante, se desaparece de aí todo o que está montado, porque bueno, sabemos pola prensa de que, a prensa di que creo que a xunta nos quere..., ameazan con sancionarnos con dous millóns de euros si iso non se fai, pero bueno ao mellor facelo neste momento, creo que un millón cen mil euros xa non hao quen nos quite do lombo, segundo a prensa e todo iso, e para saber si iso é verdade, si dixeron algo sobre ese tema, si teñen máis informacións sobre aso e... bueno si se vai a facer ou non o tanque de Torneiros. Se non se vai a facer, cando se vai a retirar todo o que hai alí montado ou si ao mellor en vistas desto xa nada, si en realidade ven o tanque para aquí ou algo (.....) é preocupante dous millóns de euros é bastante ¡eh! E un millón cen mil tamén é bastante, pois nada, en principio nada máis que esto.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Gómez, ¿máis preguntas? Sra. Salgueiro.

Sra.Salgueiro: Boas noites sr. Alcalde, queríamos saber en principio cómo está a situación da contratación da recollida de lixo, continuando un pouco que era todo o que había que nos habíamos deixado nos en marcha, e creo que non sei si ten algunha nova vostede, e nese sentido tamén fai uns meses, había un vídeo, vostede informando sobre a riqueza dos contedores (......) un pegado ao outro para ver si así se lembra. E outra pregunta: Os orzamentos, están traballando vostedes aínda cos orzamentos prorrogados do ano 2012, orzamentos creo recordar, que vostede votou en contra incluso cando nos os propuxemos, e quería saber en que situación están, ou si teñen algo elaborado e bueno cando pensan traelo a este plenario. Outra das cousas as que lle boto unha ollada porque estabas (...)na fonte (.........)tamén queríamos saber si xa teñen a preinscrición dos locais do CDL. Este grupo había

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

solicitado xa fai hai algúns meses un local, e tampouco temos resposta. As actas da Xunta de Goberno Local que tamén facemos desde xaneiro, que creo que desde xaneiro nos van sacar copia, é un rogo non sei si se entregarán se non se entregarán, e bueno para saber en qué situación está iso. E despois tamén por último, neste pleno non viñeron, non se deron conta, os informes de intervención, non sei si por tema de prazos pero bueno para que estean un pouquiño atentos a eses temas. Vale grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sra. Salgueiro, ¿máis preguntas e rogos? Patricia....perdón Sra.Durán

Patricia: vamos a ver, quería preguntarlle xa fai tempo, foi nese efémero (....) de preguntarlle qué sucede, qué está pasando no tema da praza de abastos que parece que ten vostede algún problema na interpretación da ordenanza reguladora de venta ambulante e parece que se están dando casos de (.....) unha competencia desleal que está (.....) na páxina eu creo que é no facebook do concello (......) polo visto no concello, sacou vostede as fotografías con representantes e os saca así como vendendo, pois (............) sacou vostede, pero creo que nesa xuntanza se trataron outros temas máis interesantes, entre eles, lle preguntaron que vai facer porque creo que hai unha ou dúas persoas en concreto que están aí no seu posto en días que non autoriza a ordenanza, vostede di aí, como busco isto, cal é a interpretación que fai da ordenanza. Pois poñámonos de acordo nas interpretacións, se hai algún problema coa maneira de interpretar, se hai algún artigo da ordenanza que non está claro pois entonces xa falamos co resto dos voceiros e tratamos esa ordenanza que está formada polo goberno anterior e bueno se hai algunha dificultade na súa interpretación pois poñámonos ¿vale? pero actuemos por si se está producindo competencia desleal cara á xente que está pagando por iso. Vale e a segunda pregunta, na última comisión do Plan Xeral, (...) se falou de que ían a tratar o tema do poste, ía a ter a relación do novo documento inicial onde iniciamos o Plan Xeral, quería saber si xa chegamos a un acordo se falaron para meter o lixo no mesmo e a falar xa coa empresa redactora e queríamos saber si xa falaron, si xa teñen o prezo e canto lle vai a supor aos veciños e veciñas de Gondomar iniciar de novo e por canto a nova lei do solo. (..........) quería preguntar tamén cómo van co tema da páxina web do Concello, o último bando que está publicado, é do 11 de maio cando sabemos que están de maio 2015, cando saen os bandos que están por aí colgados (...) a ver que pasa ¿vale? Están actualizadas algunhas páxinas do que son concellería, pero nada mais,está todo en marcha, creo que algún (....) pero xa non está (....) alí a foto, e.... actualizar, sobre todo as cuestións do bando, xa lle dicía do 11 de maio, o anuncio que se fixo, creo recordar para o día internacional da violencia de xénero, que é do 25 de novembro do ano pasado e aí (.....) a ver cómo vai isto, entonces xa lle preguntei, creo recordar no último pleno que aínda que a ponencia está aí e saímos na (....) e....outra cousa no último pleno lle preguntei polas obras, xa se falou antes da rúa Emigrante Eduardo Iglesias, efectivamente cando nos deixamos o goberno, por alá xa no mes de abril iso xa queda resolto(...) xa anunciaron en prensa, que estas obras empezaban xa, estamos en abril e outro mes e medio máis en intriga, e non se sabe si (...) esas obras, Tamén lle preguntei polas beirarrúas de Gondomar, bueno xa encontraron que esa (...) de Gondomar está así, que esa obra quedou aí sen executar, e como miramos movementos de que a empresa estivo por aí, pois medindo, tomando medidas, entendemos que van a pasar xa o certificado para cobrar as plantillas. E quería saber cómo vai o expediente de expropiación, quería saber diso non que creo que esta (..) a Deputación co expediente, e saber cómo vai isto. Tamén quero saber si xa teñen cerrado coa Deputación ou si nese plan de obras que emitía vostede fai unha semana pois se reservaron partidas suficientes para o asfaltado na estrada que quedou bastante afectada, ben loxicamente terminar a beirarrúa e a continuación asfaltala, e bueno ao mellor si tardamos en facer a beirarrúa, é mellor facer (...) outro plan pero bueno esperemos que non, esperemos que quede todo rematado no ano 2016. Tamén quería preguntarlle si teñen xestionado coa Deputación a limpeza das cunetas das vías da Deputación, porque xa sei que estiveron operarios que.., do concello limpando un tramo en Morgadáns, un tramo de beirarrúa,

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875



